

vilalba

O Concello vilalbés acomete obras en camiños co cambio de ano. **Pax. 3**

as pontes

Comezan cunha demolición do interior da infraestrutura as obras na praza América. **Pax. 8**

friol

Aproba o orzamento máis alto da súa historia, con 4,3 millóns de euros. **Pax. 11**

guitiriz

O profesor Xosé Antón Cascudo gaña o Premio Ramón Piñeiro. **Pax. 13**

muraz

Descontento ante a concesión da licenza da Xunta para a mina de Silán. **Pax. 15**

Novo ano, novos retos

Despois de despedir o ano con moitas actividades, os concellos xa están inmersos en novos proxectos e melloras de acondicionamento



Balance dos alcaldes de Guitiriz e Rábade

Entrevista aos máximos mandatarios destes concellos, que analizan a legislatura. **Pax. 12 e 18**

O belén de Begonte acada as 35.000 visitas

Abrirá só as fins de semana e concede o premio de arte a Manuel Carballeira. **Pax. 16**

Biblioteca da Pastoriza



Entrevista a Ángel Basanta, que doou máis de 10.000 libros á entidade. **Pax. 21**

GDR Terra Chá



Falamos co novo presidente do organismo, José Antonio López Sierra. **Pax. 25**


Volveu a Liga de fútbol



Todas as categorías fixeron un descanso durante dúas semanas. **Pax. 28**

A Deputación aproba o Plan Único do 2023

Destinará 21,5 millóns aos concellos para desenvolver distintas actuacións. **Pax. 27**



Non lle poñas limites a este novo ano!

Segundo audifono ó **50%**

NOVALUX
óptica & centro auditivo

☎ 982 510 100
☎ 981 451 504

Plácido Peña, 9. Vilalba.
Avda. de Galicia, 91. As Pontes.

W-93.5-27-00071 / E-27-00013 / W-93.5-10-00024 / F-10-00170

Mans Unidas recada este Nadal 2.158 euros

Marisol García foi a gañadora da cesta que Mans Unidas comarcal de Vilalba sorteou o día 23 de decembro nunha acción coa que busca recadar fondos para financiar os seus proxectos en activo. Nesta acción recadou un total de 2.158 euros.

Trátase dunha cesta con produtos galegos e de proximidade, doados por varias empresas da contorna entre as que se atopan Tres Fuciños, Representaciones Cabarcos, Champivil, Queixería Daniberto, Cuarto e Metade, Forxamel, Pingas de Gaia, Tres de Maio, Pastelería Ben, Bodegas Baamonde, Carpers, Entrepinares, Jamones e Embutidos Elote.es e outras persoas que prefiren manterse no anonimato. Tamén colaborou Imprenta Júnior

coa impresión das rifas e José Manuel Alonso Gaute, propietario do local.

A cesta estivo situada nun local da rúa José María Chao, no mesmo lugar onde se fixo o sorteo público. Co recadado coa venda das rifas, as huchas e outras axudas nesta campaña Mans Unidas continuará cos seus proxectos.

Un deses proxectos é a formación integral e profesional de mocidade de la risco por violencia no Salvador e a mellora das condicións hixiénico-sanitarias do orfanato Rajmundry, na India. Está previsto que estas axudas chegan a máis de dous millóns de persoas. Colaboraron tamén este ano os nenos de Primeira Comuón, que entregaron 200 euros



VISITA. Un total de 34 establecementos participaron no IV Concurso de Escaparates de Nadal entre os que o xurado destacou a Carlin, que recibirá 600 euros, mentres que o segundo posto foi para A Chave dos Soños, que recibirá 400. O terceiro lugar recaeu en Fiodecor, cun cheque de 200 euros. O escaparate máis votado pola cidadanía na rede social Facebook foi o Gimnasio Sport Center, que acadou un premio de 100 euros.

Vilalba réndese ante a nova edición da Feira do Capón

O Concello de Vilalba cualifica de todo un éxito a celebración da Feira do Capón 2022, unha das datas máis especiais da axenda local que pon en valor o produto estrela da capital chairega.

O conxunto da corporación local, coa alcaldesa Elba Veleiro e o resto do goberno, estiveron na feira, á que tamén asistiron a subdelegada do goberno en Lugo, Isabel Rodríguez; os deputados provinciais de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, e de Participación Cidadá, Roberto García Pernas, e o delegado da Xunta en Lugo, Javier Arias, xunto a outras autoridades.

“O meu primeiro pensamento en canto agradecementos vai para todas as criadoras e criadores, que ano tras ano dedican parte da súa vida a tan laboriosa produción para criar ese manjar tan exquisito e esperado no nadal”, subliñou Elba Veleiro na súa intervención.

“O capón que presentamos segue unha tradición centenaria loada e admirada por todo o mundo”, destacou antes de engadir: “Grazas infinitas a todas e todos de verdade e de corazón. Sodes exemplo para nós de constancia e de tenacidade, dun xeito de mimar e coidar o produto que traspasada varias xeracións. Nestes catro anos que levo como alcaldesa comprobei máis preto que nunca que a vosa paixón, a adoración coa que criades cada exemplar e a preocupación coa que vós insistides en manter esta tradición é o verdadeiro segredo de que a Feira de Ca-



pón manteña o seu prestixio e o seu valor gastronómico e turístico”.

Neste 2022, resultaron premiados cos prestixiosos galardóns da Feira do Capón de Vilalba: Oliva Souto, como mellor criadora e polo maior número de exemplares traídos á feira; Jesús Pérez Cortiñas polo mellor par; e Francisca Castiñeiras pola mellor cesta.

Houbo un premio especial por parte do xurado para o criador Jesús Domínguez pola súa traxectoria.

Centenares de veciños e visitantes achegáronse ata Vilalba para desfrutar desta Feira tan admirada dentro e fora de Galicia e que nesta ocasión contou coa participación de 35 criadores, que censaron un total de 1.100 exemplares deste codiciado produto en calquera menú de Nadal. Dende ás 10.00 horas, momento en que a Feira abriuse ao público, todos os visitantes puideron desfrutar dos exquisitos produtos de Vilalba e os municipios da súa contorna como o queixo de San Simón, o roscón de

Vilalba, diferentes tipos de carnes, marmeladas, mel ou as filloas de Muimenta.

Tamén dende as 12.30 horas repartíronse na foodtruck ata 300 tapas de capón para que todo o mundo probase este manjar con tres elaboracións diferentes da man de Antonio Díaz, cociñeiro da AUTGA Autóctonas especializado en produtos locais e autóctonos.

SUBDELEGADA. A subdelegada puxo en valor o esforzo e traballo dos criadores e criadoras da Comarca “facendo unha crianza responsable e coidando con moito agarimo o animal para ofrecer un produto autóctono de excelente calidade como o Capón, recoñecido coa Indicación Xeográfica Protexida, que se vende para toda España e que contribúe á promoción do territorio”. Igualmente, agradeceulle o empeño por manter viva esta tradición, “para asegurar o relevo xeracional e continuar con este oficio ligado a Vilalba”.

EN CAMPAÑA SERVICIO 24H.

TODO PARA TU JARDÍN CON LAS MEJORES MARCAS

ZEPELIN

ANOVA



RECAMBIOS Y SUMINISTROS

RECAMBIOS EN GENERAL - HIDRÁULICA - NEUMÁTICA - JARDINERÍA - VENTA DE MAQUINARIA - SERVICIO DE REPARACIONES

Rúa do Freixo, P-53 - Pol. Ind. Sete Pontes, 27800 Vilalba - Lugo. Tel.: 982 831 105 - 609 392 656 - recambios@sesacar.com

O Concello vilalbés acomete obras en camiños co cambio de ano

Aproveitando o cambio de ano, o Concello de Vilalba está a acometer numerosas obras, en distintas fases de actuación no rural municipal, principalmente en camiños e acceso.

Así, sacou a licitación unhas obras para a pavimentación, rexeneración e sinalización de varias vías de titularidade municipal nas parroquias de Román, Rioaveso, Nete, Ladra, Xoibán, Insua, Alba e A Torre.

En concreto, os vias están en Fontemarin e O Pedrouzo (Román); Casanovas, Gradela e da LU-120 á LU-P-6514 (Rioaveso); Reboredo (Nete); Vieiros e Granxa (Ladra); Cadavas e A Granda (Xoibán); Rebordaos (Insua); Carralmaior, O Ilesario, Amarigo, Casanovas e Penelas (Alba), e Marcelle (A Torre).

O investimento será de 309.000 euros nuns vias que dan acceso a núcleos e barrios, cunha importancia fundamental para a circulación de vehículos lixeiros, pesados e maquinaria de todo tipo en dirección ás vivendas, explotacións agrogandeiras e parcelas agrícolas ou forestais.

O voceiro de Vilalba Aberta, Modeste Renda felicítase pola saída a licitación da renovación dos primeiros accesos e vias nas parroquias, froito do último acordo entre o Goberno e VA. Un desbloqueo "máis que fundamental en materia de investimentos" en palabras do voceiro da formación, Modesto Renda, quen lembrou que, sen este acordo "o Concello non tería apenas marxe para executar" (as contas continúan prorrogadas dende o último ano do PP) o que se traduciría nun "ano perdido para o rural."

Tamén se adjudicaron as obras de pavimentación, rexeneración e sinalización de varias vías de titularidade municipal que discorren polas parroquias de Corvelle, Goiriz, Román,



Codesido, Carballido e A Costa.

O Concello viuse na obriga de suspender estas obras e rescindir o contrato coa primeira empresa adjudicataria, Asfalgal Técnicas Viarias, por graves incumprimentos na realización dos traballos.

A nova empresa comezará os traballos a comezos de ano, cun orzamento de case 170.000 euros.

Ademais obras similares foron adjudicadas para 14 camiños que discorren polas parroquias de Santaballa, Codesido, Distriz, Gondaisque e Tardaz.

O orzamento dos traballos é de 140.000 euros, e derivan dun acordo entre o grupo de goberno socialista e Vilalba Aberta.

GOIRIZ E CARBALLIDO. O Concello anunciou que realizará traballos de mellora dos vias de acceso a Liñares e Fontoira, ambos núcleos situados na parroquia de Goiriz. Ambos vias presentan deficiencias no drenaxe de augas pluviais en certos tramos. Deste modo, en época de chuvias abundantes, a auga acumúlase dificultando o tráfico de vehículos e de peóns. No acceso a Liñares o principal problema é un punto baixo do camiño, onde se acumulan as augas, mentres que no acceso a Fontoira, a eiva son os noiros en mal estado,

que impiden a circulación das augas. Anunciou tamén que realizarán obras de limpeza e mellora en varias vías de titularidade municipal que discorren pola parroquia de Carballido Son en concreto tres vias: un deles na estrada LU-P-6504; o segundo da LU-P-6504 ao núcleo de Oroño, e o terceiro da LU-P-6504 ao límite co Concello de Abadín.

TRES PROXECTOS DE VIAS. Tamén adjudicaron as obras de mellora en vias cun investimento de 159.000 euros e permitirán acondicionar vias na parroquia de Alba, nos núcleos de Len e Penarredonda na parroquia de Belesar e na rúa de Muras, no casco urbano.

Na parroquia de Alba acondicionaranse as vias que comunican os distintos núcleos de poboación entre si e coa estrada N-634. En total, acometeranse melloras nun trazado de 4,7 km, cun orzamento de 68.000 euros.

No caso de Belesar, acondicionaranse dúas estradas que dan acceso aos núcleos de Len e Penarredonda sobre unha superficie de 1,5 km cun investimento de 43.000 euros.

Por último, adjudicáronse os traballos de mellora na rúa de Muras, unha das que maior tráfico soporta no casco urbano.

Remata a transformación da travesía da Ferrería

Xa está rematada a nova travesía da Ferrería, que comunica e fai de eixe entre a rúa das Pedreiras e a rúa da Ferrería. É un punto importante no casco urbano de Vilalba, xa que na rúa das Pedreiras hai equipamentos como o auditorio municipal, e a rúa da Ferrería ten abundante tráfico pola cercanía do acceso á A-8.

A actuación de renovación e humanización serviu para transformar a antiga calzada nun espazo de plataforma única de preferencia peonil, utilizando un adoquín anti-deslizante e un pavimento innovador, xa que reduce a contaminación ambiental mediante un axente descontaminante por fotocatalise. Baixo os efectos da luz do sol provoca unha descomposición dos óxidos contaminantes en subprodutos que se evacúan a través das augas pluviais.

A travesía terá unha zona verde e,



aproveitando os quiebrós da rúa, habilitáronse nas zonas máis abertas espazos de descanso. Á marxe das obras de pavimentación, executáronse na travesía da Ferrería novas instalacións de saneamento, alumeadado con tecnoloxía LED, abastecemento, gas natural e telecomunicacións.

Arranxan as goteiras do pavillón municipal coa mellora do tempo

O Concello procedeu ao arranxo das deficiencias na cuberta do pavillón municipal que provocaban as goteiras, unha vez que as condicións meteorolóxicas permitiron á empresa encargada realizar os traballos.

No momento no que se detectaron as goteiras, o Concello pediu a unha compañía especializada un estado de danos e solucións para o seu arranxo, advertindo a propia empresa que non podería realizar os traballos ata que se producira unha mellora das condicións meteorolóxicas, situación que se deu no día de onte.

As goteiras provocaron a suspensión do partido entre o Vilalba Fútbol Sala e o Unión Arroyo. O Concello lamen-



ta o acontecido, pero a empresa non puido realizar o arranxo con anterioridade polo mal tempo.



CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

20 Años a tu lado

Dr. Juan Francisco Lema Ferro Coleg. 270000874

Dra. Noelia Fernández Agudo Coleg. 270001206

Horario: Lunes a jueves de 9h a 14h y de 16h a 22h.
Viernes de 9h a 14h y de 16h a 20:30h.

Camiño Real 36-38 Entresuelo Izda. 982 228 428 - 608 937 993
www.clinicadentaltest.es / dentaltest@yahoo.es

clínica **TEST** dental

Parking gratuito

EN BREVE

VILAPEDRE. A asociación de Veciños de Vilapedre, en Vilalba, celebrará o día 22 de xaneiro a súa asemblea anual. A reunión terá lugar ás 11.00 horas na casa escola desta xornada de sábado. Durante a reunión trátanse varios temas de interese como a limpeza do cemiterio parroquial, o cobro da cota do ano pasado, a aprobación das contas anuais e a renovación da directiva, ademais doutros temas de interese que presenten os veciños ou a directiva.

SANCOVADE. A parroquia de Sancovade celebrará o día 21 a súa festa na honra a San Antón. O sábado o grupo Fusiión será o encargado da música en dobre sesión e na verbena estará tamén a orquestra La Fórmula. Previamente celebrárase unha misa, ás 13.30 horas, seguida de procesión. A organización lembra que o campo da festa estará cuberto con carpa e haberá calefacción.

GOIRIZ. A comisión de festas de Goiriz prepara as súas citas festivas do ano, que se concentran principalmente entre os meses de marzo de xullo, neste último mes coa celebración das patronais. Os organizadores quixeron dar un avance dos grupos musicais e orquestras que formarán parte do programa festivo pero non se coñece aínda cales serán as que actuarán en cada unha das citas. Así encabezan a listaxe orquestras como París de Noia, New York ou Sintonía de Sancovade. Ademais estarán en Goiriz JB Son, Grupo Fénix, Stereo, dúo Venus, Los Adrianos, Amazonas e Marbella.

BOIZÁN. A parroquia de Boizán, en Vilalba, celebrará este mes as súas festas na honra a San Antón. O sábado 28 o grupo Fénix será o encargado da música en dobre sesión e na verbena estará tamén o dúo Eclipse. Previamente celebrárase unha misa, ás 13.30 horas, seguida de procesión. O domingo repetirase o programa relixioso á mesma hora pero as festas rematarán coa sesión vermú, que estará ao cargo do dúo Eclipse. A organización lembra que o campo da festa estará cuberto con carpa.

Primeiras confirmacións para o FIV, que xa iniciou a venda de entradas

A organización do FIV 2023 fixo público xa as datas da próxima edición do ano 2023, que se manterá entre o 28 e o 30 de abril na capital vilalbésa. E tamén deu a coñecer os primeiros grupos que confirman a súa presenza.

Polo momento, encabeza o cartel La Casa Azul, que transporta ao público a un mundo de fantasía; unha grata experiencia audiovisual que vai máis alá do típico concerto. Todo un espectáculo de luz e cor que se move entre a melancolía e a felicidade máis explosiva. Un directo adictivo, redondo e irresistible.

Guille Milkyway é un artista efervescente cunha identidade propia e inconfundible. Fusionou numerosos estilos ao longo dos seus discos de estudo, dende o sunshine-pop até o bubblegum, e as súas cancións están repletas de fermosas melodías e arranxos perfectos.

Sidonie tamén estará en Vilalba. Trátase dun conxunto cunha marcada ética do directo, faceta que coidaron e traballaron ao longo das súas dúas décadas de andaina. Pop brillante e inmediato, secuencias electrónicas, rock pesado, psicodelia, letras surrealistas e até unha habanera. Sidonie fan do cambio constante unha virtude, convertíndose así nun dos grupos máis estimulantes a seguir.

Engádesse Delaporte, un dúo hispano-italiano afincado en Madrid. Formado por Sandra Delaporte e Sergio Salvi, hoxe en día están considerados unha das mellores bandas de pop electrónico no país.

Carlos Pereiro escribe cancións e tamén as canta en Carlangas. Ás veces, ante milleiros de persoas; e outras veces, cos seus amigos polos bares do seu barrio, no sur de Madrid. Ao compostelán, o



único que lle interesa é que bailes, que a xente esté contenta e que non lle vendas a moto. Para él “as etiquetas son para os supermercados” e por iso mezcla rock, electrónica, música disco, hip hop ou cumbia.

E como último grupo confirmado polo momento, Hickeys, que comeza a súa andaina en 2018. O seu son abraza o máis escuro post punk e, á vez, o máis fino rock alternativo. Cun estilo onde reinan a contundencia e a sensibilidade, apostan por fortes instrumentais e letras motivadas pola disconformidade.

ENTRADAS. Ademais, saíron á venda os primeiros abonos a partir na web do festival que foron vendidos de forma inmediata. Así, os abonos máis baratos, a un prezo de 25 euros, esgotáronse os 400 en minutos. Pouco máis tardaron en rematarse os 500 que se puxeron á venda a 30 euros e agora mesmo están dispoñibles a un prezo de 38 euros para finalizar ata esgotar os 800. O último tramo venderase a 45 euros e serán un total de 3.300. Todos estes prezos levarán engadidos os gastos de xestión. A organización comunicou tamén que este ano haberá acampada pero aínda non confirmaron os detalles.

Alumnos do IES Basanta Silva gañan un novo premio

O alumnado do IES Santiago Basanta Silva segue colleitando premios. Nesta ocasión, vén de recibir a notificación do segundo posto no II Certame Coreografía co baile Movémonos contra a violencia de xénero. O xurado do Concurso Coreografía, convocado pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG) nun apoio á música realizada en galego como forma de comunicación e divulgación da lingua e música galega, estivo formado por Sofía Espiñeira

López, cantautora, bailarina e actriz, e Xiana Vilas Castro, coreógrafa, bailarina e docente.

O IES vilalbés acadou este premio tralo primeiro que acadou o CEIP de Ponzós, de Ferrol, coa peza *Danza maldita de Ponzós*. A peza de baile, fíxose ao ritmo de *Fame de odio*, das Tanxugueiras. Na categoría individual os premios foron para *A tódalas mulleres*, de Aida Pérez Fernández e *Nin ti nin eu*, de Luz de la Iglesia García e Johanna Hesse.



Paula Prado ofrece o seu apoio a Sandra Vázquez

A secretaria xeral do Partido Popular de Galicia, Paula Prado, mostrouse convencida de que Vilalba “ten que apostar por un goberno con seriedade, rigorosidade e solvencia como é o do PP”, para así “darlle voz a esa maioría que queren un Concello que se preocupe polos seus problemas e deixe a política de confrontación”.

Así o afirmou durante o percorrido que realizou polo centro urbano da capital da Terra Chá acompañada por membros do grupo municipal do PP de Vilalba e pola súa candidata á alcaldía, Sandra Vázquez. A ela referiuse a secretaria xeral dos populares galegos para poñer en valor e agradecer o seu traballo “en favor do Partido Popular no eido local como concelleira e no autonómico como deputada no Parlamento de Galicia”. Paula Prado mostrouse moi crítica coa “desidia” e a “falta de xestión e

de solvencia” do actual “desgoverno” socialista de Vilalba, contrapónéndoo á solvencia que demostrou o Partido Popular durante catro décadas con alcaldes como Agustín Baamonde ou como Gerardo Criado. Unha listaxe de rexedores á que, tal e como afirmou, Sandra Vázquez se incorporará en 2023.

De feito, Paula Prado aproveitou para anunciar a reunión do Foro de Alcaldes do PPdeG que terá lugar mañá en Mos: “Queremos darlle protagonismo ás nosas alcaldes e estudar as sinerxías e propostas para ofrecer aos veciños dos 313 concellos galegos unha política seria, rigorosa, e de progreso”.

A candidata reivindicou “a estabilidade, a validez na xestión e a vontade de diálogo” da súa formación fronte a un Goberno local “moi autoritario e impositivo e pouco dialogante”.



**RESTAURANTE DE
VILALBA PRECISA
PERSONAL PARA COCIÑA
TEL.: 627 065 019**

“Temos case de todo, sería raro non atopar aquí o que se busca”

Qiqi Chen, xerente do bazar Caracol +, situado no centro de Vilalba

Caracol + é un bazar situado no centro da localidade vilalbesa, na rúa Campo da Ponte, unha das máis concorridas. Con ese nome e unha simboloxía que representa unha casa, esta tenda, na que se pode atopar de todo, ofrece unha ampla variedade de artigos de papelería, decoración, fogar, accesorios de costura, las, festa, ferretería, iluminación e un longo etcétera.

Caracol + é a segunda tenda que abriu a familia Chen en Vilalba, a terceira que xestionan, xa que teñen outra en Burela.

Que horario teñen e onde están situados?

Para poder facilitar a compra a todos os sectores e tamén para aquelas situacións imprevistas, temos un horario amplo, xa que temos aberto de luns a sábado de 9.30 a 21.30 horas. Lembramos que estamos situados na rúa Campo da Ponte, número 25, baixo.

Canto tempo levan funcionando?

Pois aínda non cumprimos os dous anos, que se farán no mes de marzo deste ano. Inauguramos

o día 16 de marzo do 2021 cando se deixou a pandemia un pouco atrás.

Por que escolleron Vilalba?

Non houbo elección posible, xa temos un comercio en Vilalba e como levamos moito tempo aquí pois decidimos seguir xa que os nosos produtos teñen moita demanda.

Como xurde o nome de Caracol+?

Pois a idea creo que queda reflectida no noso logo, un caracol coa casa ás costas. A idea é que como os caracóis van coa súa casa enriba, pois aquí pódese atopar todo o que se necesita para unha casa... e moito máis tamén.

Que tipo de produtos venden?

Temos case de todo, sería raro non atopar aquí o que se busca, traballamos desde xardinería ata cociña, case todo o que necesitas para o teu fogar. Por suposto calquera necesidade que xurda podemos cubrila. Ademais, tentamos ofrecer moito produto de tempada, como por exemplo os artigos de Nadal ou Entroido, que xa temos á venda.

Cales son os máis demandados?

A variedade é tan grande que non podemos dicir que teñamos un produto máis demandado que outro. Depende da tempada, ou das modas, pero en xeral está todo bastante equiparado.

Que tipo de clientela é a máis habitual?

A verdade é que temos clientes de todas as idades, desde nenos pequenos que veñen comprar cromos, ata señores maiores de 90 anos. E que a variedade de produtos é tan grande que a clientela é igual de variada, no só en idade, senón tamén en todo tipo de sectores.

Cales son as últimas novidades que teñen?

Pois agora mesmo os produtos de Entroido, temos toda a zona da entrada dedicada para produtos de tempada, e agora mesmo estamos con Entroido despois de que rematara a quenda de Nadal.

Teñen moitas ofertas durante todo o ano. Como se organizan?

Si, agora mesmo hai un mes sacamos unha nova oferta de 10-1,



que consiste en que che regalamos 1 euro por cada 10 euros de compra, sen data de caducidade e sen compra mínima.

Que características definen o proxecto de Caracol +?

Pois un dos principais trazos que definen ao noso persoal é a amabilidade. Para nós é imprescindible unha atención directa e amable, co obxectivo de resolver as necesidades coas que acoden os clientes á nosa tenda.

Que proxectos teñen de cara ao futuro?

Agora mesmo non temos ningún proxecto inmediato definido pero tampouco descartamos seguir crescendo se se nos presenta



a necesidade ou existe demanda. Fai pouco que abrimos e queremos primeiro completar o traballo aquí.

HR

Hijos de Ramón Rubal

COMPRAMOS MADERA PINO Y EUCALIPTO

982 55 86 00

ASERRADERO Y APROVECHAMIENTO FORESTAL

DPTO. FORESTAL 665 69 72 99 - 671 72 22 42

www.hijosderamonrubalsl.es
alfoz@hijosderamonrubalsl.es

Saen a licitación as melloras en camiños de San Xoán do Freixo

O Concello das Pontes sacou a licitación as obras de mellora dos camiños no lugar de Vilarmaior e do Bidueiro, na parroquia de San Xoán do Freixo, actuacións cun orzamento de 73.229 euros con cargo á Deputación da Coruña. Os traballos que se levarán a cabo no camiño de Vilarmaior, acceso principal aos núcleos da Rega, o Vilar, O Serrón e Vilarmaior, entre outros, permitirán continuar coa mellora da seguridade viaria, executando unha nova fase nun tramo de máis de 600 metros.

As obras previstas no vial do Bidueiro, que enlaza os núcleos das Lamelas, Merlán a Casa da Bouza e o Caxete coa estrada de titularidade autonómica AC 101, permitirán levar a cabo unha primeira fase de mellora do viario, nunha sección de máis de 600 metros.

Pontoibo prepara as súas festas

A parroquia de Pontoibo celebrará a fin de semana do 21 e 22 as súas festas na honra a San Vicente.

O 21 o comezará as celebracións coa misa solemne, ás 13.00 horas, seguida da sesión vermú a cargo da orquestra La Favorita, que repetirá á noite xunto á tamén orquestra Capitol. O domingo 22 a misa será ás 12.00 horas e, a continuación, celebrase a poxa tradicional de produtos do campo. Entre as 15.00 e as 17.30 horas está prevista a actuación musical de Los Satélites.

Servirse paella de balde para todos os asistentes á sesión musical e o campo da festa estará cuberto con carpas climatizadas.

Unha achega irá para voluntariado interxeracional na zona rural

As Pontes é un dos municipios e entidades de acción solidaria que obteñen fondos para levar a cabo diversas propostas de voluntariado interxeracional no rural. En total, trátase de 18 proxectos por un valor conxunto que rolda os 500.000 euros e que se financiarán ao amparo do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia da Unión Europea (Fondos Next Generation).

Entre as propostas seleccionadas, o Concello das Pontes recibirá un total de 19.000 euros —en dúas anualidades, de 7.953,40 e de 11.046,60 euros—, que serán destinados a “paliar a soidade das persoas maiores con xornadas de convivencia, saídas culturais ou obradoiros de receitas



tradicionais, entre outros contidos”, especifica o goberno autonómico. Ditas axudas están impulsadas pola Consellería de Política Social e Xuventude co obxectivo de “facilitar que persoas de máis de 55 anos

transfiran a súa experiencia e bo facer a mozos e mozas de entre 16 e 35 anos en ámbitos como a recuperación de oficios, a produción agroalimentaria ou a posta en valor do turismo e do patrimonio rural”.

Remata a obra de remodelación da praza Carmarthen das Pontes

Remataron as obras de mellora da praza de Carmarthen, unha obra cun orzamento de 18.139,80 euros, financiada con fondos propios, e que tiña como obxectivo prioritario mellorar os viarios que rodean a praza garantindo a seguridade da veciñanza. Trátase dunha zona que, debido ás condicións climatolóxicas habituais así como a antigüidade dos pavimentos, tiña problemas superficiais, relacionados coa perda de áridos, descarnaduras, peladuras, baches e fochas de diferentes tamaños así como de descomposición do firme con perda progresiva do mate-



rial da calzada.

Os traballos realizados consistiron na limpeza, fresado e rebacheo nas zonas necesarias e un aporte dunha

nova capa de rodadura de mistura asfáltica en quente, reposición a cota de pozos e reixelas, así como a sinalización horizontal correspondente.

Verdegaia critica o baixo orzamento da Xunta para as Fragas do Eume

A Xunta vén de informar que desestima as alegacións realizadas por diversos colectivos, entre eles Verdegaia, á ampliación da AG-59 entre Santiago e A Estrada. “Unha ampliación que ameaza con danar de xeito irreparable unha zona protexida como Rede Natura 2000 e ZEC Sistema Fluvial Ulla-Deza”, segundo indican os directivos da asociación.

“Esta decisión ficaría como un despropósito máis dunha administración que segue promovendo o uso dos medios de transporte máis contaminantes se non fora porque coincide co anuncio do orzamento que a Xunta vai destinar anualmente á conservación do Parque natural das Fragas do Eume”, engaden.

Así, as Fragas terán asignados anualmente 54.000 euros para medidas de conservación, o que califican “unha contía irrisoria se comparamos cos 70.000.000 euros que custará a construción dos sete quilómetros adicionais da AG-59. É dicir, o orzamento para a ampliación dunha autoestrada secundaria equivale ao que se destinará a conservar un dos principais bosques atlánticos de Europa durante 1.296 anos”.

Explican que a conservación dun espazo natural esixe investimento en recursos humanos, coa creación de postos de traballo estables asociados ao coidado do medio e en boa medida cualificados. Por contra, a construción dunha autoestrada supón un investimento en materiais e maquinaria, moitas veces valorados de forma subxectiva pola construtora sen o debido control da administración, e a creación de empregos temporais e pouco cualificados.

HONDA CRF300L
LISTA PARA
CARRETERAS Y SENDEROS



Motolugo
CONCESIONARIO OFICIAL HONDA



Camiño Real, 125. 27004 Lugo - Telf: 982 21 57 31 - Móvil: 698 17 91 81



ebos
Obradoiro Doce

Rúa Campo de Puente 65 baixo
VILALBA
T: 982 523 499 / 623 552 876
ebosobradoirodoce@gmail.com
Facebook: EBOS Obradoiro Doce



Concello e asociacións reúnense para falar dos novos proxectos

A concelleira de Industria, Ana Pena, acompañada por representantes das asociacións empresariais locais Seara e Cohempo participaron nun encontro informativo con representantes de Ence, Reganosa e EDP Renovables e no que tamén participou telematicamente o Instituto de Transición Xusta para coñecer a evolución dos proxectos industriais que se promoven na vila.

Ana Pena, ao remate do encontro apuntou que "tal e como nos trasladaron as propias firmas, os proxectos continúan avanzando a bo ritmo nos seus procedementos administrativos despois de que no mes de xullo, tanto a planta de fabricación de pneumáticos de Sentury como a planta de hidróxeno verde fosen declarados proxectos estratéxicos, de interese comunitario, pola Xunta de Galicia. Ence pola súa parte, continúa cos estudos previos á presentación do proxecto definitivo da bioplanta para a produción de fibras recuperadas e biomateriais que proxectan no antigo parque de carbóns de Saa".

A concelleira resaltou a relevancia destes proxectos como proxectos tractores, que se evidencia coa recente adjudicación provisional dos 24 millóns de euros do PERTE de enerxías renovables á planta de hidróxeno verde, xestionado polo Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico. "Un apoio institucional que estamos seguros se verá ampliado en próximas convocatorias, tendo en conta a capacidade xeradora de emprego destas iniciativas empresariais e a recente publicación das primeiras liñas de actuación dos 111 millóns de euros destinados á provincia da Coruña; que veñen a reforzar os 50 millóns de euros que, desde o Instituto de Transición Xusta, a través da convocatoria publica-



da a semana pasada, destina á creación e mantemento de pequenos e grandes proxectos nos territorios afectados polo peche ou previsión de peche de centrais térmicas".

CONDE. O vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación, Francisco Conde, salientou a colaboración coa Asociación Empresarial Seara para que As Pontes atope na transición enerxética un futuro para a industria.

Indicou que a transición enerxética ten que ser sinónimo de oportunidades para a industria, e por iso desde a

Xunta se busca dar impulso ás enerxías vinculadas ao desenvolvemento industrial de Galicia. Nun contexto no que o prezo eléctrico condiciona tanto a actividade das empresas, as renovables é a opción para que os grandes proxectos que se van poñer en marcha vexan cubertas as súas necesidades enerxéticas.

Na zona das Pontes é necesario determinar o destino dos 1.400MW de capacidade dispoñible no que existe para ver a compatibilidade no proceso de desmantelamento da central térmica das Pontes con proxectos industriais e enerxéticos.



VISITA. O alcalde, Valentín González Formoso, acompañado polo delegado do Goberno en Galicia, José Miñones, mantiveron un encontro coa Secretaria de Estado de Enerxía, Sara Aagesen e representantes de Reganosa e EDP para falar sobre a planta de hidróxeno verde que ambas compañías proxectan nas Pontes así como sobre a concesión dunha axuda de 24 millóns de euros, procedentes de Fondos Europeos para a súa posta en marcha.

Recuperan nos polígonos de Penapurreira e Os Airios chan industrial



O Concello aprobou a semana pasada, de xeito definitivo, en sesión plenaria a modificación puntual das normas urbanísticas que permiten recalificar as parcelas dispostas, ata o momento, como parcelas de equipamento nos polígonos de Penapurreira e Os Airios.

A través desta modificación cambiarase a cualificación das parcelas de equipamento público existentes, tanto no parque empresarial de Penapurreira como no parque empresarial dos Airíos pasando a ser chan industrial.

Esta modificación é posible tras a solicitude feita polo Concello das Pontes á Xunta de Galicia na que se expuxo, de forma detallada, que non eran necesarias ditas dotacións fronte a necesidade de chan industrial e así, desde esta semana, un total de 40.201 metros cadrados, repartidos en oito parcelas modificarán a súa calificación para pasar a ser industriais.

Ana Pena, concelleira de Industria, sinala que se optou por realizar esta modificación debido "que se estaba perdendo unha oportunidade no

aproveitamento de varias parcelas que, aínda que, por requisitos legais tiñan que ser catalogadas como equipamento, non eran necesarias nin ían ser utilizadas nunca para tal finalidade, habida conta de que, tal e como se xustificou ante a Xunta, As Pontes dispón de equipamentos máis que suficientes no casco urbano".

A concelleira de Industria engadiu que "no noso concello hai moitos proxectos industriais que se queren establecer nestes polígonos e existen parcelas de equipamento desocupadas. Entendemos que é de interese xeral transformar a calificación desas parcelas para que poidan ser ocupadas por ditos proxectos industriais".

"A intención é, sen dúbida poder ofrecer un uso produtivo a esas parcelas inutilizadas ata o momento. A partir de agora poderán albergar actividade e cubrir, aínda que sexa nun pequeno espazo, a necesidade de chan industrial libre que vimos demandando, desde fai varios anos desde o Concello das Pontes" subliñou Ana Pena.




REFORMAS Y LIMPIEZAS

Ramos Loures



EMPRESA ESPECIALIZADA EN TODO TIPO DE DESATASCOS Y VACIADO DE FOSAS SÉPTICAS

SERVICIO EXCLUSIVO 24H / 365 DÍAS

Disponemos de gran camión cuba para transporte de residuos y limpieza de alcantarillado

Y damos servicio de lavado de canalización a explotaciones agrícolas e industriales

Además contamos con 3 camiones para realizar todo tipo de desatascos (wc, fregaderos, arquetas, etc.)

Somos poseedores de la última tecnología en cámaras de inspección de tuberías (para fregaderos y canalizaciones), para detectar cualquier problema en las tuberías

PIDE PRESUPUESTO SIN COMPROMISO

Rei Don García 91 Bajo.
27002 Lugo
659 718 582 (24h) / 665 590 486
info@ramosloures.es / www.ramosloures.es
rylramosloures

O Concello realizou preto de 70 contratacións laborais no 2022

O Concello das Pontes realizou, durante o ano 2022, un total de 69 contratacións laborais, grazas á asignación de fondos propios como á concesión de diferentes subvencións procedentes da Deputación de goberno autonómico.

Son 69 empregados e empregadas que chegaron tanto para cubrir vacantes laborais temporais como para reforzar diferentes departamentos municipais tales como Obras e Servizos, Seguridade Cidadá, Benestar Social, Cultura e Emprego.

Os novos empregados contratados durante este ano foron, 31 peóns de obras e limpeza que levaron a cabo traballos de interese xeral para o municipio e que foron contratados grazas á liña de axuda habilitada pola Deputación da Coruña a través do Plan de Integración Laboral.

Tamén se levou a cabo, a través de aportacións municipais, a contratación de seis administrativos e un técnico da administración xeral, catro auxiliares de Policía Local, tres auxiliares de biblioteca, un docente para o Conservatorio Municipal de

Música Profesional, dous conserxes para os edificios culturais así como 16 persoas para o servizo de axuda a domicilio, entre outros.

Por medio de diversas achegas, procedentes da Deputación e do goberno autonómico tamén se incorporaron ao persoal do Concello unha axente de igualdade, unha traballadora social, unha educadora social así como unha directora para Plan Integrado de Emprego das Pontes.

O Concello ten previsto continuar con esta liña de contratacións durante o este ano. Ana Pena apuntou que “en 2023 reforzase o cadro de persoal con sete policía locais. Serán tres novas prazas de Policía Local, para as que xa se iniciou o expediente de contratación, ademais darase continuidade ás contratacións de catro auxiliares de policía, tal e como fixemos nos anos anteriores”.

A concelleira de Recursos Humanos adiantou que “continuaremos poñendo en marcha, ao igual que en anos anteriores, diferentes procesos de contratación, concorrendo ás diferentes liñas de axudas”.



LAGO. O Concello constrúe no Lago unha senda de acceso peonil, no espazo verde dentro da zona de servidume do lago, para mellorar as condicións de accesibilidade ao areal pontés. As obras, cun orzamento de 48.354,09€ e financiadas con fondos propios, consisten na execución dunha senda, sobre a cuneta existente, mediante a instalación dunha lousa de formigón e pavimento de plástico reciclado.

Comezan cunha demolición as obras na praza América

O Concello das Pontes iniciou as obras de reurbanización da praza de América co vaciado do interior da infraestrutura. Trátase dun ambicioso proxecto, cun orzamento de 569.606 euros, financiado pola Deputación da Coruña, orientado a ordenar o ámbito en termos de funcionalidade, seguridade e accesibilidade atendendo a criterios de calidade ambiental, de eficiencia enerxética e de sustentabilidade.

Así, os eixes fundamentais da proposta para a praza de América son, por unha banda, a recuperación dos valores orixinais perdidos, como son o papel protagonista da escola ou a relación coas rúas perimetrais e o carácter de paseo do coñecido na vila como Paseo dos Americanos, e, pola outra, a creación de espazos útiles tanto para o uso diario como ámbito de lecer así como para a celebración de eventos.

A estratexia que se formulou para volver á configuración orixinal da praza implica a demolición do edificio da antiga biblioteca municipal e, unha vez suprimida esta barreira, a intención é que as vías perimetrais, recentemente urbanizadas, definan o relevo no interior da praza mediante a extensión das superficies, asimilando as súas pendentes e establecendo unha plataforma á mesma cota.

No nivel da avenida da Coruña, crearase un espazo diáfano de pavimento duro, totalmente libre de obstáculos, configurado como área na que se acollan diferentes tipos de eventos. Unha aliñación de arborado de castiñeiros das indias definirá sutilmente o límite entre o espazo da rúa e o ámbito da praza.

Do outro lado do triángulo, o lateral leste, a área que xurde da prolongación do espazo público da rúa Cas-



telaio, concíbese como unha ampla ladeira verde. No ámbito intermedio, vencellado coa rúa Ramón Cabanillas, proxéctase unha zona de paseo protexida do ruído e do tráfico na que se crearán recunchos de estancia cun carácter máis intimista, reinterpretando o Paseo dos Americanos e que estará franqueada por unha banda verde que resolverá a diferenza de cota.

Por último, como medios para salvar o desnivel, faranse conexións puntuais como escaleiras e unha rampla accesible que conectará a avenida da Coruña co novo paseo, disporanse farois en columnas de alturas variables con proxectores LED, instalarase mobiliario urbano e as pertinentes redes de drenaxe e rega.

HISTORIA. A praza de América, situada no centro urbano do Concello das Pontes e ligado á historia recente da localidade, nace da man da construción da escola, o actual CEIP Santa María, no ano 1929 grazas á achega de fondos por parte da Sociedade de Instrucción Naturales del Ayuntamiento de Puentes de García Rodríguez, formada por emigrantes ponteses na Habana.

A relevancia que tivo este equipamento foi o xerme de que os terreos situados na súa fronte se configura-

sen como un dos principais espazos de lecer da vila, constituíndose como unha praza destinada a eventos públicos franqueada pola avenida de Ortigueira (hoxe avenida de Castello) e a avenida de Coruña.

Co paso do tempo a praza foise transformando. Na década dos 80 tivo lugar un cambio radical na concepción do espazo, realizando unha intervención que supuxo a elevación do espazo en relación coas avenidas perimetrais, aproveitando o desnivel xerado para construír un edificio semisoterrado, utilizado en orixe como Fogar da terceira idade e que ata fai un mes albergaba a Biblioteca municipal Enrique Rivera Rouco.

Esta última intervención na praza de América, que modificou a súa natureza orixinal, fixo que saísen á luz unha serie de eivas que xustifican estes traballos de reurbanización tales como a falta de accesibilidade por mor dos desniveis xerados, tanto internamente como con respecto ás vías perimetrais, así como a escasa funcionalidade que ten pola carencia de mobiliario urbano axeitado e a falta de zonas de resguardo fronte ao sol e á choiva, ademais de dispoñer de escasos espazos verdes e as constantes filtracións de agua, procedentes da cuberta, que sufría o edificio da Biblioteca Municipal.

Constructora Promotora
Multiservicios InterGallego sl
 Desde 1971 materializando sueños
 A nivel nacional e internacional

- PINTURA • DESATASCOS CON MÁQUINA DE ALTA PRESIÓN
- FONTANERÍA • ELECTRICIDAD • PLADUR
- PISCINAS DE OBRA Y FIBRA • PLAYAS DE ARENA
- CARPINTERÍA • COMPRA Y VENTA DE INMUEBLES
- SERVICIO DE CAMIÓN CON CANASTILLA • MOVIMIENTO DE TIERRA
- REFORMAS INTEGRALES • REHABILITACIÓN
- ESPECIALIDAD EN CASAS DE PIEDRA • RETRO Y MINI EXCAVADORAS
- ALBAÑILERÍA • OBRAS PÚBLICAS
- LIMPIEZA Y PINTURA DE FACHADAS
- SUSTITUCIÓN, LAVADO Y REPARACIÓN DE TEJADOS

C/ Trastoi 3, Santaballa - Vilalba - Lugo.
 Tfno.: 633 305 451 / 982 162 919

constru fer

MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN Y SANEAMIENTO
PABLO RABADE PAREDES

Saneamientos, construcción y ferretería

Avda. Terra Chá 112 - 114 · VILALBA (LUGO) · Telf: 982 511 200

O programa Espazo en familia esténdese aos colexios locais

O programa de apoio socioeducativo Espazo en Familia, posto en marcha polo Concello no 2021 para ofrecer ás familias pontesas un lugar para compartir as súas inquedanzas sobre a crianza e educación dos seus fillos e fillas e poder abordalas con éxito, chega aos centros educativos da vila coa finalidade de establecer vínculos de cooperación entre as familias e os centros educativos para desenvolver accións de crianza positiva.

Tania Pardo, concelleira de Educación apunta que “o programa Espazo en Familia parte da idea da necesaria colaboración entre as familias e os centros educativos na tarefa educativa e pedagóxica. Por este motivo, dentro da programación de actividades deste proxecto, propuxémos nos achegar aos centros escolares diferentes propostas formativas, dirixidas a rapaces e rapazas, de 1 a 17 anos, que nos permitan traballar a igualdade, a alimentación saudable, as emocións, a convivencia ou o uso seguro das tecnoloxías, entre outras



cuestións, para promover o seu óptimo desenvolvemento persoal.”

Estas actividades, que se puxeron en marcha no mes de novembro de 2022, desenvólense a través de diferentes sesións, que dan continuidade ao traballo desenvolvido, desde o mes de abril, coas nais e pais a través de sesións grupais e individuais e accións de formación para “a partir dunha metodoloxía lúdica, impulsar entre as fillas e fillos, unha

aprendizaxe sobre as diferentes temáticas, dunha maneira dinámica e motivadora, co obxectivo de que o alumnado cree o seu propio proceso de aprendizaxe, traballe de forma grupal e autónoma, promovendo entre eles e elas valores esenciais para a vida cotiá e a interacción social” subliña Tania Pardo.

Estas sesións se desenvolverá ata o mes de marzo e nelas participarán máis de 1100 nenos e nenas da vila.

Dous mozos gañan o Premio de Investigación Hume

O pontés Miguel Ledo Roca e o lucense Enrique Tort Vázquez foron os gañadores este ano do VII Premio de Investigación Hume das Pontes, convocado en 2022, por dous traballos de divulgación da historia local. O xurado acordou outorgar o primeiro premio, cunha dotación económica de 2.000 euros e a publicación da obra na próxima revista Hume, ao traballo *La Pardo*. Nel se fai unha recompilación da historia do colexio Nebrija Pardo Bazán, e que vai acompañado dun libro con fotografías.

O autor é un mozo de 23 anos que vén de rematar o grao de Bellas Artes e está a facer o de Deseño Gráfico.

O segundo premio do certame de Hume foi para *A industria como soporte artístico. As Pontes de García Rodríguez*, obra do lucense Enrique Tort Vázquez, graduado en Arquitectura que conta con 25 anos.

Segundo comunicou o xurado, este traballo fai un repaso da visión da industria e do patrimonio industrial a través da arte.

A central térmica prepárase para a posta en marcha do segundo dos grupos

Arrincan estes días os traballos para a posta a punto no segundo dos grupos dispoñibles para a produción enerxética na central térmica. As tarefas serán desenvoltas ao longo das próximas semanas tanto polo persoal propio da compañía como de operarios das empresas auxiliares. Está previsto que o grupo poida entrar en funcionamento xa durante o mes de febreiro.

Actualmente, dos catro grupos co que conta este complexo tan só pode funcionar un deles, o primeiro. Tanto o tres e o catro xa foi autorizado o seu peche por parte do Ministerio para a Transición Ecolóxica, mentres que o dous necesita un proceso de adaptación, ao cal se está sometendo.

É o grupo un o que de cando en vez activa a empresa, tal e como aconteceu no pasado mes de decembro. Ademais, estas mesmas fontes detallan que non está previsto que cheguen a funcionar ao mesmo

tempo os grupos uno e dous desta central, ao estimar que non se dispón de persoal suficiente, tanto propio como de auxiliares, para esta conxuntura.

Por outra banda, o grupo un deberá de ser sometido proximamente a unha nova revisión por horas de funcionamento, agardando realizar este traballo unha vez que o grupo dous estea plenamente dispoñible. Desta forma, Endesa, que ten asinado coas súas empresas auxiliares contratos para seguir operando ata xuño deste mesmo ano, refórzase tras recibir, ademais, un novo envío de carbón. Foi o pasado 27 de decembro cando atracou no porto exterior de Ferrol un buque que transportaba nas súas adegas 160.000 toneladas de carbón.

Dous días máis tarde, o día 29, os transportistas iniciaron nos seus camións o traslado por estrada deste mineral en dirección á central térmica.

José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas

Transformacións agrarias
Desbroces e plantacións de montes
Servicio de podas

San Lorenzo de Árbol, 13, 27800 Vilalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138

SERVICIOS AGROFORESTALES

SEOANE

JRoca
INMOBILIARIA

ROCA & PRADO
ABOGADOS

| | |
|--|-----------------|
| Campo de Puente 11, Vilalba Piso 3 Dorm 2 Baños 115m ² | 57.000€ |
| En Vilalba (Lugo), se vende piso céntrico de 3 habitacións, comedor y sala, 2 baños y cocina. Dispone de trastero, ascensor y calefacción individual de gas ciudad. | |
| Betanzos 5, Vilalba Casa / Chalet Adosado 2 Dorm 1 Baño 144m ² | 30.000€ |
| En la localidad de Vilalba (Lugo), se ofrece en venta una vivienda unifamiliar, a reformar, en la que hay un garaje de 46 metros y dos plantas de 49 metros cada una. | |
| Novo Cazón, Vilalba Piso 4 Dorm 2 Baños 110m ² | 50.000€ |
| En Vilalba (Lugo), se vende piso céntrico de 4 habitacións y sala, cocina amueblada y 2 baños. El piso dispone de calefacción de gas ciudad, orientación Sur y tiene ascensor con cota cero. | |
| Pravia, Vilalba Piso 3 Dorm 2 Baños 104m ² | 80.000€ |
| En Vilalba (Lugo), muy céntrico, se vende piso de tres dormitorios y sala, dos baños y cocina. Se vende con los muebles. Dispone de calefacción de gas ciudad y ascensor. | |
| Pravia, Vilalba Piso 4 Dorm 2 Baños 100m ² | 70.000€ |
| En Vilalba (Lugo), ofrecemos un piso céntrico, en calle de la Pravia, en el que hay cuatro habitacións y sala, cocina y dos baños. La vivienda dispone de calefacción individual de gas ciudad, ascensor y un trastero en el bajo cubierta. | |
| Avenida de Galicia, Vilalba Local 50m ² | 51.000€ |
| En Vilalba (Lugo), ofrecemos en venta un local en planta de calle, totalmente instalado, en el que hay dos despachos, una sala de espera, un archivo y un baño. | |
| Belesar, Vilalba Casa / Chalet Adosado 6 Dorm 3 Baños 354m ² | 220.000€ |
| En la localidad de Vilalba (Lugo), en concreto, en la parroquia de Belesar, se vende chalet de tres plantas, en el sótano tiene el garaje y la caldera, en la planta baja tiene la sala, la cocina, tres habitacións y dos baños y en la planta alta, tres habitacións y un baño y varios trasteros. El chalet está ubicado en una finca de unos 5.000 metros, en la que hay una piscina. La casa está a 30 minutos de Lugo y Ferrol y a 45 minutos de A Coruña. | |
| Foz, Vilalba Casa / Chalet Adosado 3 Dorm 1 Baño 126m ² | 62.000€ |
| En Vilalba (Lugo), a escasos metros del centro se vende vivienda unifamiliar de planta baja y piso, de una superficie de unos 126 metros cuadrados, que se distribuyen en sala, tres dormitorios, un baño y cocina. A lo que hay que sumar la planta superior, que tiene placa y esta sin acondicionar. La casa tiene un terreno a la espalda de unos 250 metros cuadrados. | |
| Avenida Terra Cha 112, Vilalba Piso 3 Dorm 2 Baños 115m ² | 110.000€ |
| En Vilalba (Lugo), Avda. Terra Cha, en el edificio situado delante de cuartel de la Guardia Civil, se ofrece en venta una vivienda de tres dormitorios y sala, dos baños y cocina. El piso se vende amueblado. Dispone de calefacción individual, ascensor, trastero y garaje en el mismo edificio. | |
| Alcalde Fraga Bello 30, Vilalba Local 278m ² | 91.000€ |
| Además del bajo, tiene un entresuelo de 103 metros. | |
| Matadero s/n, Vilalba Terreno / Urbano (solar) 2.544m ² | 65.000€ |
| En Vilalba (Lugo), ofrecemos un terreno de 2.500 metros, en el que se pueden construir dos viviendas unifamiliares, de planta baja y piso. | |

Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco

Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles Comunidades - Penal

Plaza de Suso Gayoso nº 14.- Bajo.- 27800 Vilalba (Lugo)
Carril de Catasol nº 1.- 1º A.- 27002 (Lugo)
Tfnos.: 982 510 257 - 600 828 720

www.rocabogados.info
www.inmobiliariajroca.es

outeiro de rei

Abre a licitación da segunda fase da mellora do abastecemento

A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel Vázquez, anunciou a licitación da 2ª fase da mellora do abastecemento de Outeiro de Rei, que completará a ampliación da rede deste municipio. Esta actuación suporá un investimento de 162.000 euros e o obxectivo é que estea á disposición do municipio a finais do vindeiro ano.

Vázquez Mourelle presentou no Concello esta actuación, coincidindo co inicio da contratación das obras, que xa recolle a Plataforma de Contratos Públicos de Galicia. As empresas interesadas en executar estas obras poderán presentar as súas ofertas ata o vindeiro 23 de xaneiro. A Xunta financiará o 80% da intervención, achegando o Concello o 20% restante do orzamento.

A conselleira precisou que a previsión é adjudicar os traballos no vindeiro verán e dado que teñen un



prazo de execución de 2 meses, a finais de 2023 o reforzo do sistema de abastecemento estará completo. Explicou que esta 2ª fase consistirá na ampliación da rede mediante a instalación dun ramal que conectará coa rede actual na zona empresarial de Outeiro de Rei, por baixo a A-6. Lembrou que estes traballos darán continuidade á 1ª fase xa executada,

que abrangueu un ramal de máis de 3 quilómetros de condución. Estas actuacións supuxeron un investimento de 500.000 euros.

Con estas intervencións, indicou que a Xunta traballa para proporcionar un servizo de abastecemento eficiente aos veciños e ás empresas do polígono. Así, resólvense as deficiencias que presentaba o sistema de abastecemento deste municipio.

A conselleira recordou que o Goberno galego tamén está a traballar para licitar nas próximas semanas a redacción do proxecto da nova depuradora en Outeiro de Rei co fin de mellorar o sistema de saneamento e depuración do municipio lucense. Fixo fincapé en que a Xunta segue a prestar apoio técnico e financeiro aos concellos para que poidan desenvolver de forma eficiente as súas responsabilidades de saneamento e abastecemento.

A Valedora admite a trámite unha queixa do BNG contra o Concello

A Valedora do Pobo admitiu a trámite a queixa do BNG de Outeiro de Rei pola decisión do alcalde de non tratar as súas propostas durante o pleno.

Tal e como explican os nacionalistas, no pasado pleno celebrado o venres 28 de outubro, o alcalde "dun xeito totalmente arbitrario e sen dar ningunha razón, decidiu que non se debaterá, e polo tanto que tampouco se votara, o cuarto punto da orde do día, unha moción do BNG".

"O señor Pardo non xustificou en ningún momento tal actuación, senón ao contrario, tan só manifestou que ese punto non se trataba e que se pasaba ao punto seguinte. Trátase dun intento máis

de acalar á oposición feita polo BNG, pois xa levaba varios plenos queixándose que presentábase demasiadas propostas e iniciativas", afirman.

Di o BNG que "se se permitise que o alcalde, arbitrariamente, tan só nos deixara presentar unha moción por pleno serían só seis propostas as que poderíamos facer en todo o ano, número totalmente insuficiente para poder facer o noso traballo de oposición e de fiscalización do traballo municipal".

"Esa situación obrigounos naquel momento a solicitar o amparo da Valedora do Pobo, cuestión que provocou que a queixa fose admitida como procedente e dende esa oficina se lle solicitase ao

Concello un informe ao respecto. Dende o BNG non imos aceptar que dun xeito tan arbitrario o Alcalde nos impida o traballo que nos encomendou a cidadanía, facer propostas e fiscalizar ao goberno municipal. Xa sabemos que isto lle molesta, pero non imos permitir que vulnere dese xeito os nosos dereitos de representación política e dese xeito faremos todo o que sexa necesario para evitalo.", dixo Xosé Ferreiro.

A Oficina da Valedora do Pobo admitiu a trámite a queixa do BNG baseada na vulneración dos seus dereitos para representar os intereses da veciñanza e pediulle un informe ao respecto ao Concello de Outeiro de Rei.

A Atención Temperá local medra en usuarios



O Servizo de Atención Temperá da agrupación de concellos de Friol, Palas de Rei, Guntín, Begonte e Rábade, instalado na segunda planta do centro sociocultural de Friol, está subvencionado pola Xunta de Galicia e financiado polo Fondo Social Europeo cunha cantidade de 160.000 euros, sendo así un servizo totalmente gratuito para as familias e que conta con unhas instalacións modernas e axeitadas para as terapias ofertadas.

A atención temperá é o conxunto de intervencións dirixidas á poboación infantil de 0 a 6 anos, á familia e á contorna, que teñen por obxectivo dar resposta o máis cedo posible ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos e as nenas con trastornos no seu desenvolvemento ou que teñen risco de padecerlos.

Dende a posta en marcha desta unidade, en setembro de 2020, a cifra de nenos atendidos non parou de medrar. Pasaron xa por estas instalacións 85 nenos e nenas, e a previsión é que continúe aumentando, xa que o traballo que se realiza cada vez ten máis recoñecemento e popularidade sendo fundamental a propia veciñanza dos concellos que co "boca a boca" promocionan o servizo.

Durante o ano 2022 o servizo realizou 3.165 prestacións individuais, 31 consultas de acollida, 290 sesións de valoración, 179 accións de coordinación e 16 finalizacións de servizo. A idade media de acceso sitúase en 3,2 anos.

O equipo multidisciplinar da unidade de Friol está formado por catro profesionais especializados en atención temperá nas áreas de logopedia, enfermaría, terapia ocupacional e psicoloxía.

As principais causas de intervención van desde problemas emocionais e afectivos, dificultades do vínculo e das relacións sociais, problemas de conducta, problemas da fala, deglución, lectoescritura, alteracións sensoriais, déficits motores, de aprendizaxe e de atención, deformidades craneais posturais, etc.

A calidade do servizo está a ser valorada polas familias como amosan os datos recollidos na última enquisa anónima. Nesta enquisa o nivel de satisfacción xeral do servizo é moi elevado, cunha media de 4,85 sobre 5. Destaca o estado das instalacións, a accesibilidade, a dotación de material, a profesionalidade do persoal, as actividades extraordinarias como a xuntanza lúdica coas familias realizada no complexo fluvial de Friol no mes de xullo, etc.









POR CADA
10€
DE COMPRA
TE DESCANTAMOS
1€
EN TU
SIGUIENTE COMPRA


CARACOL+

RÚA CAMPO DE PUENTE 23-25 VILALBA (LUGO) • decoplusvilalba@gmail.com

982 887 932 / 604 049 938 • caracol.plus




Aprobado o orzamento máis alto da historia, con 4,3 millóns

O equipo de Goberno de Friol, co seu alcalde José Ángel Santos á fronte, presentaron uns orzamentos ambiciosos para este ano no ámbito da partida destinada a investimento, “son uns orzamentos moi estudados e rigorosos, todo en beneficio dos veciños de Friol”. Segundo o alcalde, José Á. Santos, nos últimos anos, o orzamento inicial do Concello de Friol ten unha tendencia á alza, “debido ás políticas que levamos a cabo os que somos responsables do Goberno Municipal”. Os datos económicos así o demostran. “Dende a anualidade de 2018 superamos os tres millóns de euros iniciais, este ano 2022 comezamos o ano con tres millóns novecentos mil euros, e, como sabedes, para 2023 a previsión inicial é duns 4.300.000,00 euros, tanto en ingresos como en gastos, é dicir, un incremento de 400.000,00 euros”, dixo.

A presión fiscal non aumenta en relación ás taxas por abastecemento de auga ou cemiterio municipal, sumidoiros, recinto feiral ou uso das piscinas municipais.

En relación co IBI rústico, mantense a modificación da ordenanza, para subvencionar co máximo que permita a lei, nun 95%, o importe íntegro do imposto, daqueles predios nos que só se sitúe edificación nos que se desenvolva totalmente actividades económicas exclusivamente agrícolas ou gandeiras, “claramente de apoio ao sector primario, un dos piares máis importantes da economía do noso Concello”. Esta bonificación alcanza xa as 17.689 parcelas no Concello.



En canto ás taxas municipais, cabe destacar que para o ano 2023 suprímase a ordenanza que regulaba o prezo público dos postos, case-tas, postos de venda, espectáculos e atraccións situados en terreos de uso público. Con esta medida do Concello preténdese dar un novo impulso ao comercio de proximidade.

No que respecta ao custo de persoal, as cifras son extremadamente baixas, tanto que foi unha porcentaxe do 29,10%, posiblemente unha das máis baixas da provincia. “Cubrimos o mantemento das vías públicas municipais en bo estado, dedicándose inicialmente ao política de gasto en infraestruturas 400.377,46 euros.

A presión fiscal non aumenta en relación ás taxas por abastecemento de auga ou cemiterio municipal, sumidoiros, recinto feiral ou uso das piscinas municipais.

En benestar comunitario acada unha cifra récord, 702.851,73 euros.

Trátase de dar cobertura ao mantemento en condicións óptimas da rede de abastecemento de auga da capital; para a recollida, xestión e tratamento de residuos, en todo o municipio e o punto limpo.

Unha parte importante corresponde ao alumado público, debido ao aumento do custo da enerxía. Así contan con financiamento para a Festa da Terceira Idade, Festa da Xuventude, Excursión da Terceira Idade, Feira Gandeira, Cursos de baile, Ximnasio, Feira do Queixo e do Pan de Ousá, Friulio e un importante etc.

O alcalde fai mención especial ao servizo de axuda no fogar (prestacións persoais básicas, non dependentes, dependentes), que é todo o que está cuberto pola póliza de gastos denominada Servizos Sociais e promoción social, dotado cunha contía de 827.293,74 euros, case o 20 por cento do orzamento. Son as persoas máis vulnerables, son as máis necesitadas e queremos que as súas condicións de vida melloren ano tras ano.

Engaden tamén axudas a diversas asociacións culturais (formamos parte das escolas municipais de música, a través da Asociación de Músicos de Crisanto) por máis de 30.000,00 euros; axudas para todas as festas populares ao aire libre, para todas as parroquias; colaboran con diversas asociacións deportivas, fomentando o deporte, aportando máis de 30.000,00 euros a este apartado e rematan coas axudas para a concentración de parcelas de uso agrario, potenciando o sector primario.

Instalan contedores de reciclaxe de téxtil na vila



Despois de asinarse un acordo entre o Concello de Friol, Cáritas Diocesana Lugo e Insertega (unha empresa galega de xestión de residuos especializada en textil), Friol xa conta con puntos de recollida de roupa. Estes contenedores están ubicados en distintos puntos estratéxicos da capitalidade do municipio.

“Con esta iniciativa tratamos de dar cabida a unha petición de gran parte da veciñanza, que nos ven pedindo a instalación deste tipo de

contedores, e tamén pretendemos así fomentar a reciclaxe e que dita actividade teña un impacto social na nosa contorna”, explicou o alcalde, José Ángel Santos.

Este proceso de reciclaxe e reutilización da roupa é un modelo de economía circular, para tentar sacar o máximo rendemento aos recursos materiais mediante a súa reutilización e aproveitamento para outros usos, chegando a unha taxa de recuperación do 90% da roupa doada.



PREMIO. O CPI Plurilingüe Dr. López Suárez foi un dos centros gañadores da última edición dos certames Novos Poliedros e Inventa en galego, convocados co gallo do Mes da Ciencia. Nesta segunda edición, resultaron tamén gañadores o instituto IES Ramón Menéndez Pidal, da Coruña, por partida dobre cunha clase de Bacharelato e outra de terceiro da ESO; o IES Carlos Casares, de Vigo e o IES de Meaño.

TIRAMOS A CASA POLA VENTÁ

REBAIXAS
50%

Aforra
198€!

Fibra 1.000 Mb
Móbil 50 GB

22€
/mes

DURANTE 9 MESES

Ninguén che dá máis por menos!



adamo
A mega fibra

Chama gratis ao
900 651 679

Visítanos en
adamo.es

Oferta válida exclusivamente para novos clientes que non contratasen Adamo nos últimos 3 meses e que contratasen entre o 10/01/2023 e o 30/04/2023, ambos os dous inclusive. Non combinable con outras promocións. Internet FAST! + Móbil ilimitado 50 GB coa promoción, durante os primeiros 9 meses, só pagarás 22 €/mes, logo PVP total 44 €/mes. Prezo final con IVE e taxa de liza incluídos. Promoción suxeita á permanencia dos servizos de Adamo durante 12 meses. Cota de activación de 12,10 € (IVE incluído) que inclúe a instalación (un router premium). En caso de que o cliente solicite a cancelación do servizo e se dese de baixa antes de transcorrer 12 meses, terá un cargo da parte proporcional de 163,35 € (IVE incluído) en concepto de permanencia. Límites adicionais limitados a un máximo de 4 por cliente.

“Puidemos facer actuacións que melloraron a vida da veciñanza”

Marisol Morandeira está a completar a primeira legislatura como alcaldesa

Pode facernos un balance desta legislatura?

Nunca esqueceré estes catro anos. Vivín a miña primeira legislatura nun contexto excepcional, coa acción de goberno totalmente marcada pola pandemia. A pesar diso, fago un balance positivo, porque puidemos levar a cabo actuacións que melloraron o día a día dos nosos veciños e veciñas, nos últimos meses estamos retomando moitos deses proxectos que tivemos que aparcar e, ademais, logramos aprobar, dunha vez por todas, o Plan Xeral de Guitiriz, que levaba en trámite desde o ano 2004 e que, agora que está en vigor, teremos que ir actualizando pouco a pouco xa que as expectativas dun municipio de hai 16 anos non son as mesmas que as actuais, non pode ser que estes procesos sexan tan longos. Pedímoslle á Xunta que, polo menos, as modificacións que vamos a facer sexan máis áxiles.

De que proxecto está máis orgullosa?

É complicado escoller un só pero diría que o logro máis importante foi o de dar solución aos problemas na auga da traída que viña arrastrando Guitiriz. O problema alcanzou tal punto que, cando chegamos no ano 2019, vímonos obrigados a prohibir o consumo durante unha época, condonando un trimestre o pago das facturas da auga aos veciños xa que non podían facer uso dela. Fíxemos un gran esforzo para solucionar e executando unha serie de actuacións, como a modernización da ETAP, a construción do bypass, a modificación dos filtros de ferro, o baleirado do pantano ou o constante control da calidade da auga, conseguimos que, nos anos 2020, 2021 e 2022, a auga fose sempre apta para o consumo e de calidade.

Cómpre falar da residencia de maiores. En que punto está agora?

No día de Reis, o pasado 6 de xaneiro,

rematou o prazo para que a empresa adjudicataria das obras depositase o aval. Se todo vai ben, a Deputación de Lugo adjudicará a obra, farase a acta de replanteo e comezará a obra. O que nos trasladan desde a Deputación é que en marzo ten que estar comezada a obra. Agradecemos que a administración provincial mantivese o seu compromiso de seguir adiante con esta actuación e desde o Concello estaremos vixiantes para que os prazos marcados se cumpran para, dunha vez por todas, contar coa residencia de maiores.

Tamén se pelexou moito pola ampliación do PAI?

Moitísimo, é un proxecto esencial para nós. A Xunta de Galicia comprometérase con nós, xa antes da pandemia, a colaborar economicamente pero ese compromiso aínda non se concretou en feitos, a pesar de que seguimos insistindo en moitas ocasións. Ante esta falta de interese, decidimos actuar pola nosa conta e, facendo uso dunha axuda que nos concederon a través dos fondos europeos do Plan estatal de Recuperación, Transformación e Resiliencia, vamos nós a acometer a ampliación porque consideramos que non pode agardar máis, xa que seguimos a ter nenos e nenas en lista de agarda. O importe aínda non é suficiente pero é un punto de partida que ata o de agora non tiñamos. De todas formas, neste mes volveremos a solicitar unha xuntanza coa Consellería de Política Social para que cumpran co compromiso que fixeron en outubro do 2019 e para que se fagan cargo das súas competencias. Se eles non colaboran, o importe restante da obra asumirá o Concello como sexa para conseguir levala a cabo antes de que comece o próximo curso.

Si se fixo a do Centro de Día.

De feito xa comezaron a acudir os usuarios e usuarias que estaban na

lista de agarda. Esta ampliación, que se fixo con fondos propios e a través dun convenio coa Deputación, permite que xa non teñamos lista de agarda. Agora mesmo ampliaremos a 20 usuarios pero pode chegar ata 26 prazas se fose necesario.

E se seguimos falando dos maiores, que proxectos hai para o SAF?

Acabar de facer todos os procesos de consolidación do persoal, que aínda queda pendente unha parte, intentar conseguir que os dependentes de grado 3 non teñan lista de agarda e conseguir dar servizo o maior número de horas. Quero resaltar que este servizo, que é esencial, supón un esforzo e unha carga económica moi importante para os concellos xa que a Xunta paga a hora do SAF a 12 euros pero o custe real supera os 16 euros e esa diferenza témola que asumir desde a administración local. Ademais, moitas veces non temos persoal para cubrir os postos de traballo, cada vez é máis difícil conseguir traballadores.

Que quedaría por facer de cara a este ano?

Temos pendentes varias actuacións en Lagostelle, como a senda peonil en Manuel María ou a dos Sete Muíños que acometerá a Deputación. Tamén temos que acabar de darlle forma ao proxecto que iniciamos para converter a nave do Senpa nun espazo cultural e deportivo. Trala pista de pádel, que vamos a complementar con outras actividades no interior, agora vamos a facer, no exterior, un circuito de pumtrack. Por outra banda, para continuar facendo máis eficiente a nosa xestión dos residuos, vamos a crear un punto limpo e a rematar de desmantelar os puntos de recollida de plásticos que quedan no municipio para dirixirnos cara un modelo de recollida nas propias explotacións.

As escolas deportivas teñen un amplo percorrido. Hai intención de ir



ampliando ou cambiando?

Todos os anos se fan pequenas modificacións. Para este curso, por exemplo, incluíuse o pádel entre a oferta de actividades. Temos moito alumnado e intentamos adaptarnos ás necesidades que eles presentan.

Hai tamén un importante tecido de actividade cultural. Como se xestiona isto?

A actividade cultural nunca se detivo en Guitiriz. Sempre intentamos mantela, incluso nos tempos de maiores restricións, seguindo as recomendacións. Ademais das exposicións que se levan a cabo na Casa Habanera, das festas da Torta de Millo ou a dos Callos de Parga, e de todas as activi-

rio ou un edificio de usos múltiples xa que, gran parte da actividade cultural que se desenvolve no concello ten como punto de referencia a Casa Habanera, un edificio histórico e fermoso pero que ten limitacións de espazo e de uso. Ademais, vexo como unha gran necesidade a de poder contar cunha ordenanza de ornato. En Guitiriz e Parga temos moitas casas abandonadas e, entre todos, temos que buscar un modelo que sexa máis áxil e que nos permita conseguir que estas vivendas non supoñan un problema de seguridade e presenten un mellor aspecto, acorde co noso patrimonio e a contorna. Por citar outras necesidades, tamén pedimos que se retome a actividade habitual no consultorio de Parga, que melloren as conexións, tanto por estrada como por tren, que se lle dea unha solución á problemática dos pasos a nivel en Parga e que, ao longo deste ano, tal e como está previsto, finalice o proceso de extensión da banda ancha en todo o municipio.

E de cara xa a o futuro, cales son as principais proxeccións?

Ante as previsións de que o balneario retome a súa actividade durante o primeiro semestre deste ano 2023, queremos consolidarnos como un destino turístico sostible. Que a xente veña a coñecernos, disfruten das nosas rutas e da nosa paisaxe e patrimonio.

Cales serían as características e a definición deste concello?

Non nos podemos definir como un concello industrial pero si temos que ser un destino turístico de referencia, aproveitando as augas termais e potenciando e poñendo en valor a nosa riqueza natural.

E a nivel industrial, cales son os plans?

Intentar manter todas as empresas que desenvolven a súa actividade no municipio e conseguir que se instale algunha máis, tendo claras as limitacións que teñen os concellos neste sentido pero apostando forte por xerar novos empregos dentro das nosas posibilidades. Por exemplo, mellorando o parque empresarial para facelo máis atractivos de cara a novas empresas.

“Un logro importante foi o de dar solución aos problemas da traída que viña arrastrando Guitiriz”

dades culturais e educativas que se levan a cabo ao longo do ano agora contamos cun Aula Cemit e un Aula Mentor, que nos permiten reforzar a nosa oferta, que tamén se complementa coa das asociacións do municipio, coas que sempre colaboramos tamén para que poidan levar a cabo a súa actividade propia.

Así mesmo, hai un gran número de axuda, bolsas escolares, etc...

Desde que chegamos ao goberno sacamos todos os anos bolsas de axudas para chegar aos estudantes que non tiñan acceso ás do Ministerio de Educación. Repartíronse uns 60.000 euros de axudas a estudantes, algo que vamos a seguir mantendo porque nos parece moi importante. No caso do comercio, durante a pandemia, repartimos máis de 120.000 euros en axudas directas ao comercio e aos autónomos que tiveron que cancelar a súa actividade.

Que outras necesidades ten o Concello a día de hoxe?

Sería ideal poder contar cun audito-



Produtos de alimentación e hixiene a granel e envasados.

Ecolóxicos, Artesáns, de Comercio Xusto, de Proximidade, Sen plásticos.



982 89 23 03 | 623 559 799 | Río Muíño 3, baixo, Vilaíba

Galicia únese na Alianza Industrial do Hidróxeno Verde con eixo en Guitiriz

O presidente do Goberno galego, Alfonso Rueda, resaltou a importancia da colaboración público-privada para converter a Galicia nun referente internacional do hidróxeno verde. No acto de presentación da Alianza Industrial Galega do Hidróxeno Verde, da que forman parte máis de 700 empresas, institucións e axentes sociais, o titular da Xunta salientou que a iniciativa pretende que esta fonte de enerxía limpa se converta nunha oportunidade estratéxica para a industria produtora, pero tamén para outros sectores como o transporte ou a loxística. Na presentación, á que Alfonso Rueda asistiu acompañado polo vicepresidente primeiro, Francisco Conde, afondouse nos obxectivos polos que se creou esta Alianza coa que Galicia

aspira a liderar a produción de hidróxeno verde. O presidente da Xunta fixo fincapé na importancia da colaboración público-privada para afrontar un reto de grandes proporcións, pero tamén unha oportunidade para Galicia, a segunda Comunidade que xera máis enerxía eléctrica a partir de fontes renovables e que ademais conta cunha ampla dispoñibilidade de recursos hídricos.

Ao encontro asistiron representantes das empresas que cobren toda a cadea de valor que integra a Asociación Galega de Hidróxeno (AGH2), así como das universidades galegas, institucións e axentes sociais. Ademais de tentar a produción de hidróxeno verde, a Alianza actuará sobre cinco eixes: deseñar a posta en marcha de ferramentas e instrumentos

de apoio específicos para o desenvolvemento do sector industrial do hidróxeno, identificar as oportunidades, promover a formación especializada nas empresas, fomentar a investigación e o desenvolvemento de solucións innovadoras para a industria en torno ao hidróxeno verde e impulsar a necesidade de establecer a infraestrutura necesaria para a execución do corredor atlántico do hidróxeno co hidroduto Galicia-Norte de Portugal e a conexión de Galicia coa Meseta (Guitiriz-Zamora), e con Europa.

Neste sentido, Rueda subliñou que, en plena transformación industrial e nun incerto contexto económico, as empresas precisan máis que nunca "vontade e estabilidade" para levar a cabo os seus proxectos.

José Manuel López é o novo candidato á Alcaldía polo PP

O presidente local do PP de Guitiriz, José Manuel López Rodríguez, é o novo candidato do PP á Alcaldía de Guitiriz tras unha reunión de afiliados e simpatizantes. Neste encontro participaron membros da dirección provincial do partido, entre eles, o coordinador xeral, José Manuel Balseiro Ourelo, e varios alcaldes de concellos limítrofes a Guitiriz.

O coordinado xeral explicou que o obxectivo nestas vindeiras eleccións municipais e recuperar o goberno en Guitiriz. "A diferenza de votos é mínima, por iso cremos que con traballo serio e con rigor podemos lograr" e, para iso, amosa o seu total apoio ao candidato pois "ten un proxecto serio que devolverá á estabilidade". López Rodríguez, coñecido como Portolamas, preséntase á alcaldía convencido de que o goberno local supuxo catro anos perdidos para o concello. "Dóme ver como a alcaldesa abandonou o noso concello durante os últimos catro anos. Os nosos veciños merecen un Goberno que atenda todos os días do ano.

Manuel de Lea recibirá a título póstumo o premio Trapeiro de Honra o 28

Manuel Fernandez Corral (Manuel de Lea) recibirá a título póstumo este ano o premio Trapeiro de Honra na súa oitava edición, que concede o colectivo Os Vilares Lareira de soños. Nado no lugar de Lea nos Vilares, Manuel foi unha das persoas máis queridas e respeitadas tanto na súa parroquias de nacemento como na de residencia, Momán, no concello de Xermade.

Labrego, zoqueiro e comerciante, foi un dos principais informantes de Pastora Veres para o seu libro Lareira de soños debido á súa prodixiosa memoria e sabedoría da contorna. O acto de entrega será o 28 do mes de xaneiro e terá lugar ás 12:30 na capela ao pé da feira de Momán, un lugar preto da súa casa, onde será entregada á familia unha peza exclusiva elaborada pola artista Viki Rivadulla.



"Manuel de Lea representa a unha xeración de homes que sufreron a guerra, a posguerra, a emigración nas súas familias e outros traballos para sacar adiante a súa tribo, e no seu caso queda do viúvo con un grande número de fillos. Home afable e agarimoso, sentimos unha grande mágoa por non poder entregarlle o premio en vida, aínda que queremos trasladar a quenes o trataron a nosa sentida homenaxe", din dende a organización.

Xosé A. Cascudo gaña o Premio Ramón Piñeiro



O guitiricense Xoé Antón Cascudo resultou gañador do Premio Ramón Piñeiro 2022 coa obra *A mística da feminidade en Mad Men*. O Premio Ramón Piñeiro de Ensaio 2022 está organizado conxuntamente polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia e a Editorial Galaxia co patrocinio de Caixa Rural Galega.

O ensaio premiado nesta XXII edición do Premio Ramón Piñeiro está dotado con 3.000 euros e vai ser publicado por Editorial Galaxia durante o próximo ano. Compuxeron o xurado Rocío Carolo, Marcos Calveiro, María López Sández, Marta Neira e Armando Requeixo, que actuou

como secretario con voz e con voto.

O xurado valorou en *A mística da feminidade en Mad Men* a súa aposta polo ensaio dende a análise semiótica do audiovisual máis icónico, no que se estuda a cuestión de xénero integrando na revisión o mellor das análises e do pensamento sobre o tema. Escrito cun estilo ensaístico moi ben perfilado, posuidor dunha estrutura aciadamente arborada, *A mística da feminidade en Mad Men* achega, e anosa, unha proposta ensaística que conecta co máis destacado dos estudos internacionais neste ámbito, reflexionando sobre a construción do socioidentitario a través dunha das series máis recoñecidas e influíntes do noso tempo.

'Dama de Castro' vence na III edición das Receitas de Outono

O Concello de Guitiriz resolveu o premio da III edición das Receitas de Outono con poesía, resultando gañador o traballo Dama de Castro, realizado por Eshter Ansade Calvo e María García, e enviado por María Rosa Gandoy.

A entrega do agasallo á receita/poema gañadora foi o 28 de decembro na caseta do Concello situada no Mercado de Nadal que se realizou

no Campo da Feira de Guitiriz. Esta III edición de Receitas de Outono con poesía cumpriu o seu obxectivo de poñer en valor os produtos do outono e dinamizar a lectura e a escritura.

Tras o veredicto, as persoas do xurado coincidiron que o nivel medio dos traballos presentados foi realmente satisfactorio, destacando a variedade das receitas presentadas.

FP

Ferretería Puentes, S.L. FERRETERÍA EN GENERAL MATERIALES PARA LA CONSTRUCCIÓN

Artículos de regalo - loza - cristal - vidrios - electrodomésticos - material eléctrico pinturas - tuberías - saneamientos - hierros - mobiliario de baño y complementos

Polígono Industrial, Parcela 4
Tfno.: 982 511 115

Rúa da Pravia, 25/27
Tfno.: 982 510 055 / Fax: 982 511 503

VILALBA - LUGO / fpuentes@infonegocio.com

Integrada en:



Grupo Alcongal

las rías

Entra en funcionamento o caixeiro de Correos

Castro de Rei pon en marcha estes días o seu novo caixeiro automático, que se instalou tras un convenio firmado entre o Concello e a Sociedade Estatal Correos e Telégrafos SA.

A ubicación, como no podía ser doutro xeito, é a oficina de correos da vila, de titularidade municipal, sendo este o edificio elixido por contar con todas as conexións para o seu funcionamento.

Entre as obrigas das partes, o Concello asumiu a cesión do local, o consumo eléctrico e os gastos de contraprestación, en tanto que Correos asume a instalación e o mantemento interno do caixeiro.

Para a súa instalación fixo falta a autorización do servizo de patrimonio cultural, xa que a ubicación atópase dentro do conxunto histórico-artístico de Castro de Rei, e ademais está nun edificio catalogado como é o da antiga escola.

O caixeiro permite realizar as operacións bancarias máis solicitadas como retirar saldos, facer ingresos e incluso xestionar recibos de tributos e taxas locais ou doutras administracións a través da oficina de correos, ofrecendo servizos complementarios e distintos aos que dispensan os caixeiros convencionais

“Dende o Concello levabamos



dous anos intentando conseguir a instalación dun caixeiro, contactando incluso con varias entidades bancarias polo que con esta modalidade poderemos ofrecer un servizo que terá boa acollida entre a veciñanza e permitirá realizar as xestións bancarias máis demandadas”, explica o seu alcalde, Francisco Balado.

Deste modo a vila recupera este tipo de servizo tras 13 anos desaparecido, concretamente dende que pechou a última entidade bancaria, hai máis dunha década. O Concello iniciou a xestión do caixeiro no mes de maio a estará en marcha nos próximos días.

Castro de Rei contará con cine todos os sábados de xaneiro

Termina o Nadal, pero a vida cultural continúa no concello de Castro de Rei, que contará con sesións de cine todos os sábados do que resta de mes dentro do plan Cine Interior.

Así, a casa da Cultura de Castro Ribeiras de Lea acollerá a primeira sesión, o sábado 14, ás 20.30 horas. Poderá verse a película *Clifford. El gran perro rojo*.

Continuará o 21 no centro socio-cultural Xosé Manuel Carballo, á mesma hora, pero co film *Bienvenidos a Pestilandia. Los Olchis*. Rematarán o ciclo o 28 de novo en



Castro Ribeiras de Lea coa película *Raya, el último dragón*. Os tres films son de animación polo que está dirixidas principalmente a público infantil.

Francisco Balado repetirá como presidente do PP municipal

Francisco Balado seguirá á fronte do PP de Castro de Rei despois de ser elixido de novo como presidente, no congreso local celebrado polo partido. Balado, alcalde de Castro de Rei, é presidente local do Partido Popular dende o 2014.

Nesta ocasión, a directiva popular saída do congreso está formada, baixo a presidencia de Balado, por Roberto Lorenzo Fernández, Víctor Carrera Puente, Laura Campo Fernández, María Josefa López López, José Rielo Losada, José Luis García Barja, Marisol Gigán Díaz, María Edita Sinde Basanta, Óscar Iravedra Portela, Mónica Begoña González Cabana, Maximino Trigo Lage, Josefa Mouriz Teijeiro, Ana Isabel Morandeira López e Pablo Prieto González. Ao congreso asistiron representantes da dirección provincial do partido, entre eles o secretario xeral, Javier Vázquez Nodal, e o coordinador xeral, José Manuel Balseiro.

Balado, xa reelixido presidente local do PP, mostrou a súa satisfacción



pola lista coa que dirixirá o partido nos próximos anos. Definiuna como “unha lista de xente traballadora, de xente de a pé, que cre nos principios que inspiran ao Partido Popular e no seu proxecto político, en todos os ámbitos e sinaladamente no local”. Igualmente, indicou que “é unha lista que demostra que en Castro de Rei hai partido e un proxecto político sólido”.

Balado destacou “a unidade do partido a nivel local”. Mostrouse convencido de que “estamos preparados para concorrer ás próximas

eleccións”. Engadiu: “Entre a militancia, e o electorado, en xeral, vexo un comportamento homoxéneo no apoio ao PP”.

Dende a directiva provincial destacou a boa saúde da que goza o PP en Castro de Rei, da que a mellor mostra é a súa unidade. Os responsables provinciais resaltaron igualmente a xestión do goberno municipal, presidido por Balado, que se traduce nunha continua mellora das infraestruturas e dos servizos dos que desfrutaban os veciños deste municipio.

Tomé anuncia á veciñanza novos proxectos para o Concello

O secretario Xeral do PSdeG na provincia de Lugo, José Tomé Roca, anunciou que “en pouco tempo haberá unha excelente nova para os veciños de Castro de Rei”. Concretamente, con respecto ao edificio que albergaba o psiquiátrico que é propiedade da institución provincial, “que contará cunha ocupación e unha actividade efectiva”.

Ademais, valorou o apoio económico da Deputación de Lugo no Concello, “co funcionamento da Granxa Gayoso Castro, co Centro de Recría ou a Granxa Experimental de Leite, onde fan prácticas alumnos de moitos puntos de España”.

José Tomé, acompañado de cargos orgánicos do partido, participou no encontro que a candidata socialista á Alcaldía de Castro de Rei, Alba Sinde, mantivo coa veciñanza para coñecer as súas necesidades.

No acto, celebrado na Casa da Cul-



tura de Castro Ribeiras de Lea, o dirixente socialista destacou que Alba Sinde conta coa formación que a acredita para facer unha gran labor no Concello de Castro de Rei. E sinalou que a candidata socialista “encarna un proxecto de futuro, novo, xoven, con ilusión e co que seguro ampliará o resultado electoral no concello”. Asegurou que, “se hoxe se celebraran eleccións, o PSOE melloraría os resultados no conxunto da

provincia. Estamos nun bo momento, as perspectivas son boas, pero hai que traballar”, incidiu.

José Tomé, quen puxo en valor o “excelente traballo” realizado polo ex-Alcalde socialista, Juan Valiño, presente tamén neste encontro, gabou a decisión do secretario xeral e actual voceiro de Castro de Rei, Jose Luís Castro Tellado, de dar un paso a un lado, para apoiar a Alba Sinde. “Ese xesto é de agradecer”, dixo.

gato con botas
zapatería
C/ Plácida Peña, 8 - Baixo
27800 Vilalba (Lugo)
Tel. 982516550

GABINETE TÉCNICO AGROPECUARIO TERRA CHA
ENXEÑERÍA TÉCNICA AGRÍCOLA – SERVIZOS VETERINARIOS
ENTIDADE DE ACONSELLAMENTO E XESTIÓN DO MEDIO RURAL
CENTRO AUTORIZADO PARA A FORMACIÓN EN BENESTAR ANIMAL
Novas oficinas:
Rúa Lois Peña Novo, Baixo nº3 - Vilalba
Tlf 982 523 649 – 982 523 601
619 41 53 56 – 650 61 12 60
ALÉN

Descontento ante a licenza da Xunta para a mina de Silán

A Xunta de Galicia vén de estender a autorización para explotar o xacemento de feldespatos ao descuberto en Silán, en Muras, o maior de España e segundo de Europa, cunhas reservas valoradas en 660 millóns de euros. Unha medida que foi moi criticada e denunciada no mes de marzo por varios colectivos ecoloxistas e veciñais.

Esta aprobación supón que a explotación logrou todos os permisos, licenzas e autorizacións da Xunta, que confirman a viabilidade e sustentabilidade do proxecto para a extracción de feldespatos sódico e potásico, mineral estratéxico na industria azulexera e cerámica.

Dende a empresa din que o xacemento conta cunhas reservas proba-

das de 12 millóns de toneladas valoradas en 660 millóns de euros, que poderían ser superiores conforme aos últimos estudos.

As operacións comezarán en breve na ampliación a San Acisclo. A previsión é extraer ao redor de 200.000 toneladas anuais de feldespatos, que se incrementarán sucesivamente e poderían chegar a 500.000.

AS VOCES EN CONTRA. No mes de marzo, o Sindicato Labrego Galego, a asociación Petón do Lobo, Fundación Montescola, e Ecoloxistas en Acción Lugo, canda outros colectivos da Rede Galega Contra a Minería destructiva da Galiza, Contraminación e entidades e asociacións ambientalistas da Terra Chá,

como Espazo Agrocolóxico, A Estruga e Terra Chá Sostible, presentaron alegacións contra a aprobación do proxecto de explotación.

O alcalde de Muras, Manuel Requeixo, acusou á empresa de ofrecer “prezos irrisorios” a propietarios dos terreos na parroquia de Silán para explotar un xacemento de feldespatos. Requeixo di que “os técnicos municipais están a revisar a documentación que presentou a empresa”.

“Non temos información real no Concello; cando menos sorprende que se faga unha valoración do xacemento que hai alí”, advertiu e sinalou que “o que nos consta e que se está ofrecendo aos propietarios dos terreos, que teñen explotacións gandeiras prezos irrisorios”.

O PP propón aumentar a contía das axudas para a luz

O grupo municipal popular de Muras propuxo no último pleno, un aumento na contía das axudas para a luz ante a forte subida no prezo da factura no ano 2022 provocada en gran medida pola guerra de Ucraína e Rusia.

No pleno, de carácter extraordinario abordouse a votación para ampliar estas axudas para a luz aos veciños do municipio. Neste sentido, os populares votaron a favor pero poñendo de manifesto a forte subida da factura da luz no último ano e a necesidade de compensalo aumentando a contía que deben percibir os veciños.

A ampliación do parque eólico recibe da Xunta a declaración ambiental desfavorable

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publicou tres declaracións de impacto ambiental, dúas delas desfavorables e unha negativa, correspondentes a parques eólicos. Na provincia de Lugo do parque eólico Vilachá, nos concellos lucenses de Muras e Oural. A Dirección Xeral de Calidade Ambiental fai pública a declaración de impacto ambiental do proxecto de ampliación como desfavorable, para unha operación que promove a Sociedade Eólica de Oural SLU.

En concreto, é a Dirección Xeral de Patrimonio Natural a que informou

de que o estudo de impacto ambiental “presenta carencias acusadas que impiden dar por válida a identificación, descrición, análise e/o cuantificación feita dos posibles efectos significativos do proxecto sobre o conxunto de elementos do patrimonio natural e a biodiversidade”.

O proxecto de Campos Lanuxes, nos municipios de Beariz e Boborás, de Greenalia Wind Power, formúlase declaración de impacto ambiental negativa e considérase desfavorable o proxecto de Fontella, nas localidades de Aranga e Oza-Cesuras.

Firmado o convenio para a humanización da praza do Viveiró

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, e o alcalde de Muras, Manuel Requeijo Arnejo, asinaron un convenio de colaboración para mellorar e humanizar o Campo da Feira do Viveiró. Un acordo a través do que a institución provincial achegará 409.000€ en dúas anualidades para acometer este proxecto que ascende a 460.000€, asumindo o Concello o 10% restante.

O mandatario provincial subliñou que esta colaboración se suma “ás obras de reordenación e acondicionamento xa acometidas na Praza da Galeguidade desta vila, que financiou integramente a Deputación con 220.000€”.

Con estas obras no Viveiró vaise recuperar o campo da feira orixinal, que ten unha superficie que supera os 3.670 m², reordenando os usos e humanizando a contorna. Ademais, tamén se van acondicionar as estradas LU-P-3404 e LU-P-6502

que discorren por esta praza. O resultado final da actuación suporá a creación dun novo espazo de convivencia humanizado no que o peón cobrará protagonismo fronte ao tráfico rodado.

Vaise crear unha única zona cun firme de formigón, que estará dotado de novo mobiliario urbano. Este punto estará ordenado, indicando con claridade o viario destinado ao uso dos vehículos así como das zonas destinadas a aparcamento. Esta obra incluírá melloras en accesibilidade pensadas para persoas con mobilidade reducida ou carros de bebés. Así mesmo, renovaranse os servizos públicos como a rede de saneamento, pluviais, a rede de enerxía eléctrica, a rede de telecomunicacións e o alumeadado público. Simbolizarase o Viveiró como o corazón do Xistral mediante o plantado de árbores en torno a uns círculos de céspede.



LAVADOIRO. Remataron as obras do lavadoiro de Muras que fora destruído nun accidente. O traballo de recuperación deste ben municipal estivo ao cargo da mesma empresa que remodelou a pontiga de Samil.

AXUDAS LEADER

Tes un proxecto?

terrachanaturalmente@gmail.com

982 51 23 69 / 982 52 30 13

GDR Terra Chá

Abadín, A Pastoriza, Begonte, Castro Rei, Cospeito, Guitiriz, Ríotorto, Muras, Vilalba, Xermade.

- Prazo final de presentación de axudas 31/01/2023
- Procedemento de **concurso competitivo**.
- É obrigatorio solicitar as axudas por **Sede electrónica**, código procedemento MR701D



Presentan as axudas para poñer en marcha o mercado local da enerxía

O alcalde, José Ulla, en compañía da Secretaria de Estado de Enerxía, Sara Aagesen Muñoz, e o presidente do IDAE, presentaron as axudas para a posta en marcha de mercados locais de enerxía. A iniciativa desenvolvida polo Concello, Begonte Genera, é pioneira en Galicia e unha das primeiras en levarse a cabo en España. Dito proxecto recolle a instalación de placas fotovoltaicas, unha turbina hidráulica e minieólica, acadando a segunda maior nota de todos os proxectos presentados e unha achega de 2,5 millóns de euros dos fondos Next Generation.

O alcalde compartiu a súa experiencia, paso a paso, para facer realidade unha desconexión virtual do mercado eléctrico, destacando o compromiso medioambiental e social do Concello, que permitirá reducir a factura eléctrica municipal e cumprir cos obxectivos adquiridos no Pacto de Alcaldes polo Clima, para a redución da pegada de carbono.

O Instituto para a Diversificación e o Aforro da Enerxía (IDAE) concedeu

unha subvención de 2.443.214 euros para a posta en marcha dun Mercado local da Enerxía (MLE), a través de Begonte Genera, un proxecto deseñado e elaborado pola empresa Masinteligencia, que obtivo a segunda máxima puntuación entre os 28 proxectos con subvención.

O proxecto conta cun investimento de 5.284.700 euros en total nesta primeira fase. Trátase de instalar unha microrrede eléctrica intelixente bidireccional, con capacidade para cubrir as necesidades enerxéticas 24 horas, 365 días ao ano, no municipio, usando para iso enerxía 100 % renovable xerada no mesmo municipio, a través dun mix de tecnoloxías, solar, mini eólica, turboxeneradores hidráulicos, unha planta de Biogás eléctrico e almacenamento masivo. Os MLE son unha nova forma de organizar as actividades de abastecemento enerxético a escala local, un modelo que persegue superar o actual modelo de xestión da enerxía centralizado por outro distribuído de km 0.

O belén acada as 35.000 visitas co fin do Nadal e reduce horarios

O belén de Begonte xa acadou as 35.000 visitas presenciais e as 32.155 á súa web na actual edición do Nadal. En canto ás presenciais, rematou a atención diaria ao público, e se pasa ás fins de semana. Desde o pasado día 28 de decembro, recibiu un promedio de máis de 1.000 persoas cada día, obrigando de facto á ampliación do horario previsto. Se ben se mantivo o comezo arredor das 11 da mañá, non así o peche xa que a afluencia de visitantes obrigaba a pechar na práctica ás 14,00 horas. O mesmo ocorría polas tardes, que foi preciso pechar arredor dunha hora máis tarde.

O día 9 reanudáronse as visitas colectivas cunha expedición da residencia de maiores das Gándaras. Como queira que só se abre ao público sábados e domingos, para o resto dos días, as visitas colectivas agradécese que soliciten día e hora ao tfno. 610.907306.

Das 32.155 visitas virtuais rexistradas, cómpre destacar que 4.679 visionaron o Belén virtual, das que

2.045 contemplaron a versión galega, 2.177 a versión en castelán, e 170 a inglesa. Nestes últimos días, 287 internautas fixeron a visita 360º que recentemente se incorporou á web www.belendebegonte.es.

NOVA ESCULTURA. O Rei Herodes e o seu castelo presidiu a Feira de Nadal organizada polo Concello de Begonte, que se celebrou os días 17 e 18 na praza dos Irmáns Souto Montenegro e rúas adxacentes.

Esta é a segunda das estatuas do artista lucense César Lorenzana que se colocarán nas 19 parroquias do concello para marcar un Camiño ao belén que rematará na Praza Irmáns Domínguez Guizán, á beira do belén electrónico.

A primeira das estatuas –botas dun camiñante ao belén– foi colocada nas inmediacións da sede do nacemento, e a súa maqueta foi entregada ao Papa en Roma polas primeiras autoridades do concello o pasado mes de novembro, á vez que o invitaban a visitalo no seu cincuentenario.



Premio de arte a Manuel Carballeira

O pintor Manuel Carballeira Rivas, nado en Cospeito e residente en Valdoño, coa súa obra *Calima*, vén de gañar o XXXIII Certame galego de Arte José Domínguez Guizán de Begonte, convocado polo Centro cultural impulsor do Belén begontino. O premio está dotado con 1.500 euros e estatuíña de Sargadelos. A obra premiada pasa a formar parte da pinacoteca do belén, na que xa figuran outras dúas obras deste artista, premiada en 2017 e 2021.



Pola calidade da obra *En ruta*, presentada polo artista ferrolán Santiago Lago Canzobre, foille concedida unha mención de honra, dotada con estatuíña de Sargadelos.

Formaron o xurado a directora do Museo Provincial de Lugo, Aurelia Balseiro García, e os pintores Manuel Gulín Rodríguez e Gonzalo Sánchez Folgueira, Zalo. Os premios serán entregados no acto de clausura do cincuentenario do belén, o próximo 28 de xaneiro.

Destinan unha axuda a unha campaña de promoción da compostaxe

O Concello de Begonte solicitou unha axuda para actuacións en materia de biorresiduos de competencia municipal. O obxectivo como beneficiado desta achega é desenvolver unha campaña de compostaxe doméstica, en colaboración coa Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia -no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU- a través da cal se pretenden com-



plementar outras iniciativas desta índole desenvolvidas polo ente municipal.

A campaña destínase a 75 vivendas unifamiliares do concello de Begonte, pertencentes preferentemente á zona rural, que recibirán de forma totalmente gratuíta os materiais necesarios para a elaboración de compost. Os interesados poderán inscribirse nas oficinas municipais, presencial ou de forma telefónica, ata fin de existencias.



RENTA CAR

ALUGUER DE VEHÍCULOS Vilalba

Aluguer de:

AUTOCARAVANAS

VEHÍCULOS INDUSTRIAIS

TURISMOS

☎ 722 376 219 - 664 797 776

Rúa Castiñeiro P-11. Pol. Industrial Sete Pontes - Vilaiba - Lugo

Unha achega da Deputación irá para beirarrúas e unha senda

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asinou co alcalde de Xermade, Roberto García Pernas, un convenio de colaboración que servirá para mellorar a accesibilidade do municipio por un importe total de preto de 127.000 euros, dos que a institución provincial achegará 123.640 e o Concello 3.224.

O proxecto contempla a renovación das beirarrúas de dúas arterias fundamentais para Xermade. As da Avenida das Pontes e da Avenida Vilalba, conectadas entre si e que dan acceso dende a Casa Consistorial á Biblioteca Municipal, un parque infantil, o polideportivo ou o CEIP da localidade, polo que son moi empregadas pola veciñanza. Os traballos consistirán na construción de novas plataformas. A actuación conectará, ademais, as baixantes das pluvias dos tellados á rede municipal.

Por outra banda, grazas a esta colaboración, construírse unha senda



peonil paralela á LU-P-2205, que conecta Xermade con Porto Souto, e que dará continuidade á beirarrúa existente, mellorando a seguridade dos veciños e das veciñas do municipio. Terá un ancho de 1,80 metros e contará cunha rede de pluvias para recoller a auga das chuvias.

Tomé Roca enmarcou este acordo no compromiso de colaboración

da Deputación cos Concellos para que poidan ofrecer máis e mellores servizos á veciñanza. “Estas actuacións suporán unha mellora da accesibilidade e da seguridade para os veciños e veciñas deste concello, aumentando a súa calidade de vida e beneficiando á actividade do municipio, xa que nesta zona concéntrase boa parte da vida da vila”.

O Pleno aproba a cesión de terreos de antigas estradas

O Pleno reuniuse en sesión ordinaria para aprobar unha bonificación do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras do 95% a solicitude dunha empresa que ampliou a súa actividade coa construción dunha nave industrial para almacenamento de estruturas de madeira no polígono de Xermade. Ademais, elixiuse xuíza de paz titular para os vindeiros catro anos. Outro dos puntos aprobados foi a cesión de tramos antigos das estradas autonómicas, entre os que se atopa a estrada de titularidade autonómica que comunica a AC-170 e AC-861 na que se realizou senda peonil; a sobranse ao carón da AC-170 próximo ao campo de fútbol de Cabreiro e a sobranse nas proximidades en O Empalme no nó da AG-64, a LU-861, LU-540

e LU-170.

Estes espazos foron solicitados con motivo dun proxecto de actuacións para mellora da área recreativa da Acea, no río Trimaz, e construción de área de autocaravanas a carón do campo de fútbol de Cabreiros, que non resultou beneficiario das axudas de Reserva da Biosfera para os anos 2022 e 2023. Na parte de control e fiscalización, o Partido Popular presentou unha moción para esixir a mellora da cobertura de liñas telefónicas e transmisión de datos 4G no termo municipal, que se aprobou por unanimidade. Porén, a Alcaldía xa se dirixira ás principais compañías de telecomunicacións que operan en Xermade en data 1 de decembro para esixir unha mellora das telecomunicación no concello.

Organizan un curso de autodefensa en situacións violentas para mulleres

O Concello de Xermade organiza un curso de autodefensa para mulleres ante situacións violentas. Este terá lugar o 28 de xaneiro de 10.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 horas no salón de actos da biblioteca.

A inscrición pode facerse no whatsapp 678 744 178 ata uns días antes do curso.

Esta formación, que está dirixida a mulleres para defenderse de situacións violentas, está ao cargo de especialistas da Federación Galega de Loita e pertencentes ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.

As menores de 18 anos que acudan soas deben presentar autorización do pai, nai ou titor.

A Aula Mentor cumpre un ano

A subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, animou aos veciños e veciñas a que aproveiten a oportunidade de participar nos cursos da Aula Mentor que ofrece o Goberno, coa colaboración do Concello, “que buscan promover a igualdade de acceso á formación e contribuír a reducir a fenda dixital”. Esta está situada na biblioteca municipal.

Así mesmo, a Subdelegada explicou que a Aula Mentor é unha iniciativa que ofrece formación online, flexible e con titorización especializada. Está dirixida a persoas maiores de 18 anos e conta cun catálogo de máis de 170 cursos clasificados por áreas formativas cos que ampliar as competencias persoais e profesionais.

O Ministerio de Educación e Forma-

ción Profesional convoca cada ano axudas a entidades locais destinadas ao mantemento das aulas. O Concello de Xermade obtivo unha axuda de 4.000 euros para a creación da súa Aula Mentor e a colaboración entre as dúas entidades quedou regulada nun convenio asinado o 2021.

Nesta liña, Isabel Rodríguez felicitou ao rexedor pola súa iniciativa que permite, dende hai un ano, aos veciños e veciñas de Xermade acceder a formación online, tanto desde o seu domicilio como en cinco ordenadores que pon á súa disposición o Concello na Biblioteca municipal. A través da Aula Mentor pódese obter formación en áreas como administración e xestión, agricultura e xardinería, electricidade e electróni-

ca, hostalería e turismo, informática e comunicacións, seguridade e medio ambiente, sanidade, instalación e mantemento ou artes gráficas, entre outras.

Os cursos teñen validez oficial e unha vez superados obtense un certificado de aproveitamento emitido polo Ministerio de Educación e Formación Profesional. O custe dos cursos é de 24 euros mensuais e a duración depende do tempo que lle dedique cada estudante, xa que se trata dunha formación a distancia e flexible. O prazo de matrícula está aberto todo o ano, salvo o mes de agosto, agás os cursos Cisco e os de Formación do Profesorado, para os que hai datas concretas. Máis información no correo xermade@xermade.org ou no 982 501 001.

Antonio Riveira repite polo PP como candidato á Alcaldía

Antonio Riveira foi presentado polo PP como candidato á Alcaldía nas vindeiras eleccións municipais. A presentación tivo lugar entre afiliados e simpatizantes.

O presidente local do PP de Xermade, enxeñeiro agrícola de profesión, encabezarará por segunda vez a lista dos populares no municipio. Riveira xa formou parte do equipo de goberno durante 12 anos nos que liderou a concellería de obras e exerceu como voceiro municipal. Por iso, os xermadeses son coñecedores da súa actividade, tanto a nivel profesional como político, e da súa humildade e a súa experiencia de xestión para ofrecer unha alternativa de goberno de cara as vindeiras eleccións municipais.



NÓSOTROS ELEGIMOS
LA TIERRA

“O esforzo está na avenida Vilalba e na creación dun gran parque”

Francisco Xosé Fernández é o alcalde de Rábade polos Independentes

Pode facernos un balance desta legislatura?

A satisfacción nunca pode ser plena xa que sempre hai necesidades, pero en todo caso o nivel de satisfacción é alto, malia o proceso de pandemia que nos obrigou a centrar nel os nosos esforzos durante practicamente ano e medio. Rematamos a reforma integral do Barrio da Ponte no seu conxunto, amañamos todas as pistas de Tras do Regueiro e de Vilar de Seo, co que apenas quedan estradas rurais sen aglomerado en quente; fixemos importantes melloras no sistema de captación e vertidos de augas, rematouse a urbanización de Miguel de Cervantes e contorna, obtívose a subvención para a reforma integral do Cine Man, así como a adquisición, coa axuda da Deputación, dun terreo para darlle acceso pola rúa traseira, acadamos unha subvención da Xunta de Galicia para a elaboración do novo PXOM, que xa está en marcha, e sobre todo conseguíuse que a nova pasarela sobre a vía do ferrocarril poida ser en breves unha realidade, e sen custo para o Concello. Pensamos que como traballo non estivo mal de todo.

Rábade sempre tivo unha importante relación co ferrocarril. Como cambiou a situación e a vila?

Basicamente en que hai moitos anos o ferrocarril era un medio de transporte moi utilizado por toda a sociedade, tanto rural como urbano, de persoas e mercadorías, a estación de Rábade era un auténtico bule bule, hoxe practicamente é un paso, penso que a aposta polo ferrocarril como medio de transporte público de persoas é unha materia pendente de acometer e que traería unha importante mellora da calidade de vida das persoas.

Un dos proxectos importantes é a nova pasarela sobre a vía férrea. En que situación está?

Está rematando a fase de supervisión e contamos que nas vindeiras semanas poida ser xa obxecto de licitación, o noso obxectivo é que no presente ano a súa construción e o seu uso sexa xa unha realidade. **Tamén está en marcha a remodelación do antigo Cine Man? Cales son os plans trala súa remodelación?**

Si, temos que amosar a nosa satisfacción polo feito de acadar unha subvención europea importantísima para este proxecto, por suposto toda a aposta pasa por recuperar a súa esencia. Foi un elemento importantísimo -eu diría que o máis importante- no que o ocio se refire da nosa historia. Converterase nun salón de acontecementos no que sen perder o ambiente cinéfilo que sempre o rodeou, nos permitirá facer calquera tipo de evento social e cultural, con toda a categoría e dignidade que este requira.

Investiuse moito nos últimos tempos en rehabilitar distintos espazos urbanos. Explíquenos os principais realizados e cales se van facer.

Os vindeiros e máis inmediatos serán inicialmente a reforma da praza de Castelao e o seu parque, a construción duns novos vestuarios no campo de fútbol, a apertura dunha nova rúa entre Alcalde Ángel Penas e Lope de Vega, a carón do Cine Man, o amaño das rúas Jesús Arias, Santa María e San Vicenzo, o remate das beirarúas de Coronel Andrade, a adquisición dos terreos fronte á igrexa para a construción dun gran parque na zona norte da vila, seguir esixindo á Xunta de Galicia o amaño da rúa de Vilalba que se atopa nun estado deplorable, e aprobar o PXOM

e acometer un enlace directo da zona industrial de Rábade coa A-6 sen afectar o centro da vila.

Estaría a mellora da praza Castelao incluída? En que consiste?

Si, por suposto, é unha obra xa adxudicada, mellorará o seu parque e humanizaranse as calzadas que a rodean, dándolle un aspecto máis peonil, eliminando unha parte do edificio que ocupaba a praza de Abastos que se gañará para o parque, concretamente o pico no que remata.

Tamén está en marcha un proxecto de cohousing. Pode explicarnos en que consiste e de que forma colabora o Concello nel?

É unha iniciativa privada que conta con todo o noso apoio, sería o primeiro de Galicia, e encaixa perfectamente cos nosos obxectivos de facer de Rábade unha vila na que a xente viva permanentemente.

As axudas son tamén un xeito de apoio á mocidade do concello. Que outras medidas hai para este sector da poboación?

Os obradoiros de emprego e cursos de formación son moi importantes para facilitar o acceso ó mercado laboral, en materia de ocio a actividade deportiva rabadense tamén resulta destacable, tanto en competicións como en eventos, e nesa liña queremos seguir.

E a nivel cultural?

A reforma do Cine Man permitiranos dispor de máis espazos no actual Centro Sociocultural, a implicación da mocidade na nosa vila é sobresaínte. A súa ambición á hora de coñecer o pasado da nosa vila é permanente. Traballaremos todos na celebración por primeiro anos da festa Nourora, conmemorativa do nacemento de Rábade como Concello, e estamos traballando xa de cara ao 100 aniversario da nosa vila, que será en 2025.



Que outras necesidades ten o Concello a día de hoxe?

A construción dun pozo de decantación que palíe a turbidez da auga en momentos de enchente, a conexión directa dos vehículos industriais coa A-6, a construción dun parque e zona de Lecer na avenida de Vilalba, a reparación inmediata desta avenida polo seu titular, que é a Xunta de Galicia, e unha actuación urbanística que mellore a imaxe do conxunto do campo da feira. Considero que basicamente son esas as necesidades máis urxentes, ademais da finalización das que xa están en marcha como a pasarela,

o remate do Cine Man e o amaño das rúas previstas.

Que outros proxectos hai de cara ao futuro?

Basicamente os referidos, o esforzo máximo está na avenida de Vilalba, e principalmente na creación dese gran parque que uniría Gabriela Nieto, con San Vicenzo e avenida de Vilalba, que será algo emblemático da nosa vila.

Cales son os plans industriais?

O remate do PXOM para poder dar acceso as industrias dende o polígono á A-6, co nacemento dunha nova zona industrial nas marxes destes accesos.

REBAIXAS
TEXAS
MODA JOVEN

Avda. de Galicia, 61 - As Pontes T. 981 440 083
Rúa Galicia, 41 - Vilalba T. 982 511 876

Texas Moda Joven

A Lareira
Taberna Galega
Restaurante

Rúa do Sol, 4
27800 Vilalba, Lugo
Tel.: 982 512 842

Rodríguez reitera o compromiso coas reformas vinculadas ao tren

A subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, reiterou en Rábade o compromiso do Goberno coa construción dunha nova pasarela peonil sobre a vía do tren ao seu paso polo municipio e a supresión do paso a nivel situado no entorno da parroquia do Cruceiro. A subdelegada, acompañada do alcalde, Francisco Xosé Fernández, e do tenente de alcalde, Alejandro Martínez, visitou a zona onde se instalará a nova infraestrutura e informou que o Adif está nestes momentos en plena fase de supervisión do proxecto para sacar a licitación as obras, previsiblemente a principios deste ano, cun investimento superior aos 710.000 euros (IVE incluído).

Neste sentido, a subdelegada lembrou que “foi o Goberno de Pedro Sánchez o que desbloqueou este proxecto, atendendo a unha demanda histórica dos veciños e veciñas de Rábade que verán unha clara mellora na accesibilidade deste entorno, aumentando, ao mesmo tempo, a seguridade da cidadanía”. Concretamente, o proxecto do Adif contempla a demolición da actual pasarela urbana, datada dos anos 50, por unha nova que conectará a rúa Campo da Feira e a Praza de



España coa estación do ferrocarril. A plataforma, elevada, contará con acceso por escaleiras e ascensor, será metálica e terá unha lonxitude en pranta de 27,6 metros, “facendo este paso accesible a todo tipo de peóns e promovendo con iso a accesibilidade universal”, adiantou Rodríguez. Ademais, dotarase de novo alumbeado á zona para maior visibilidade.

Por outro lado, a subdelegada avanzou que para a eliminación do paso a nivel no punto quilométrico 446/350 da liña Palencia-A Coruña, Adif executará dous muros de cerramento a ambos lados

da vía férrea para impedir o acceso e ampliará a zona para o tráfico de peóns e vehículos. “Con estas actuacións queremos eliminar a perigosidade que supón actualmente este paso”, afirmou a subdelegada.

Por último, Isabel Rodríguez sinalou que estas melloras en Rábade son un exemplo máis do compromiso real do Goberno Central co desenvolvemento da provincia, “nun exercicio no que inxectará investimentos millonarios en infraestruturas, cumprindo con feitos o compromiso de modernizar o ferrocarril”, manifestou.

Supervisan as obras do antigo Cine Man



Isabel Rodríguez visitou o antigo Cine man, acompañada do alcalde, Francisco Xosé Fernández, e do tenente de alcalde, Alejandro Martínez, tras recibir o Concello unha subvención de 412.000 euros do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana para levar a cabo a rehabilitación integral deste edificio e convertelo nun novo centro sociocultural para o municipio. Esta subvención forma parte do Programa de Impulso á Rehabilitación de Edificios Públicos (Pirep local), incluído no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), que xestiona o Mitma. O edificio, construído no ano 1965, está situado ao carón da Casa do

Concello e actualmente presenta importantes deficiencias debido ao desuso durante máis de 25 anos. O Concello xa acometeu, nunha primeira fase, melloras neste edificio e, agora, con estes traballos financiados polo Executivo Central o municipio contará cun novo centro sociocultural onde se exhibirán películas, realizaranse obras de teatro, concertos musicais, conferencias e outras actividades lúdico culturais. “É fundamental que os e as rabadenses dispoñan de instalacións de calidade para desenvolver moitos aspectos do seu ocio e a súa vida cultural”, engadiu a subdelegada que puxo en valor este tipo de iniciativas axudan a fixar poboación.

A Festa do Mexillón e o San Vincenzo serán do 20 ao 22

Trala pausa do ano 2021 pola pandemia e o aprazamento da do 2022, volve a Festa de Exaltación do Mexillón pero faino na súa data habitual, coincidindo coa celebración de San Vincenzo, os días 21 e 22 de xaneiro. As festas arrancarán o día 20 co lanzamento de vésperas no día do voluntariado. Xa o sábado e o domingo serán os días grandes nos que todos os veciños e visitantes poderán desfrutar de múltiples e exquisitas preparacións en todos os locais da vila. Ademais, o domingo será tamén día de feira. Haberá o sábado estoupido de bom-

bas pola mañá para continuar coa sesión vermú ás 13.30 horas coa orquestra Solara, que repetirá na verbeña xunto á actuación de América. Esta festa coincide coa celebración do Memorial Eduardo Fernández Villamarín, que se celebra tamén o sábado na que é a XVII edición. O domingo repetirán programa con bombas e misa solemne, nesta ocasión ás 13.00 horas. Ao rematar, chegará a Rábade o grupo Puro Relajo, dende Pamplona, que actuará como fin de festa. Haberá bombas de palenque e polbo á feira como colofón.

Bota a andar a Rede de Custodia Agraria da Reserva da Biosfera

Gandeiros e agricultores da reserva da biosfera Terras do Miño e a Asociación Galega de Custodia do Territorio botaron a andar a Rede de Custodia Agraria da Reserva da Biosfera Terras do Miño, que foi presentada nun acto na Casa das Insuas, acompañada dunha degustación de produtos artesanais e ecolóxicos.

A Asociación Galega de Custodia do Territorio (AGCT) leva anos colaborando con agricultores e gan-

deiros na conservación dos valores naturais e na mellora ambiental das súas fincas, convencidos de que a necesaria produción agraria pode e debe ser compatible co mantemento dunha paisaxe bioloxicamente diversa e respectuosa cos seus valores patrimoniais e escénicos. No marco destas colaboracións fixéronse actuacións para contribuir á conservación de hábitats e poboacións de diferentes especies, algunhas delas ameazadas.

O sorteo de El Niño tamén deixou premios en Rábade

O sorteo de Reis tamén trouxo algo de sorte para os veciños da provincia, deixando premios en Lugo, Rábade e Cervo.

Un total de 2,5 millóns repartíronse dende a administración da Ronda da Muralla de Lugo, que vendeu 100 décimos do terceiro premio, o 18.918, polo que cada un dos agraciados recibirá 25.000 euros.

Unha parte importante deses cartos repartíronse en Rábade, en total 85 décimos, 2,12 millóns de euros que se repartiron dende o bar Avenida.

ATABERNA

DISFRUTA CON TUS AMIGOS
OLVIDATE DE TODO
Y SABOREA

HAMBURGUESAS
FRESAS DE VERDAD
ENSALADAS
PASTAS
CON SALSAS VARIADAS

ALGO PARA COMPARTIR

NUESTRA CARTA
BACCIONES
ALGO PICAR
SABOREAR
TORTILLAS

RAXO PATATAS
NUESTROS DELICIOSOS

T: 982 510 061
facebook/ataberna.vilalba
info@atabernavilalba.com
www.atabernavilalba.com

BODEGA

Asesoría Enerxética

Terra Chá

CONTRATACIÓN - RECLAMACIÓNS
SUBVENCIÓNS - AUDITORÍAS
ILUMINACIÓN LED
CERTIFICACIÓN ENERXÉTICA
INSTALACIÓNS FOTOVOLTAICAS

Praza da Constitución, 3 - Baixo. 27800 Vilalba (Lugo)
Tel.: 982 512 233 - info@enerxiaterracha.es - www.enerxiaterracha.es

abadín

O Concello cambiará un total de mil lámpadas nas parroquias á tecnoloxía LED

O Concello de Abadín procederá nos próximos días ao cambio de luminarias en todo o termo municipal.

Segundo indicou o alcalde, José María López Rancaño, serán un total de mil lámpadas as que pasarán a usar a tecnoloxía LED "para axudar ao aforro dos cartos da veciñanza".

Segundo explicou o alcalde, Abadín, debido ás súas características de dispersión, non ten nas parroquias alumado público propiamente, e as lámpadas situadas en espazos públicos están conecta-

das aos contadores das vivendas. "Temos 196 núcleos rurais cunhas mil casas en total e temos moitas distancias entre elas para poñer alumado público, por iso fai anos decidiuse colocar as lámpadas en cada vivenda e conectadas a cada casa, polo que está medida suporá unha importante medida de aforro para as familias de Abadín", engadiu Rancaño.

Con este cambio, que implicará ao Concello un desembolso de 50.000 euros de fondos propios, quedarán cambiadas todas as luminarias do territorio.

Rancaño espera a confirmación da Xunta sobre a modificación do proxecto da futura residencia

O alcalde de Abadín, José María López Rancaño, celebrará estes días en Santiago unha reunión con representantes da Xunta de Galicia, para avanzar na tramitación do plan de construción dunha residencia de maiores na localidade.

O Concello vén de enviar o proxecto á unidade técnica da Consellería de Política Social cos cambios que solicitou este organismo en relación ao primeiro proxecto e que afectan ao tamaño das habitacións e cuartos de baño. Así mesmo enviou o proxecto de viabilidade económica porque será o propio Concello o que xestione esta infraestrutura unha vez construída.

O Concello espera recibir contestación sobre o estado do proxecto e a súa viabilidade. A residencia farase no edificio ubicado trala casa consistorial, edificada ao lado do colexio para albergar un instituto pero que non tivo ese uso. Preténdese que acolla 54 residentes.

A futura residencia estará distribuída en dúas plantas e constará de 26 habitacións na planta alta, todas exteriores e dúas individuais con baño na parte baixa, onde estará tamén a consulta médica, unha habitación de illamento con cuarto de baño, unha enfermaría, sala de rehabilitación e polivalente, os servizos e o comedor e cociña.



BOSCH Service

¡Para todo lo que tu automóvil necesita!

Reparaciones Carlos, S. L.

Xermar, 2 - 27377 COSPEITO (LUGO)
Tel.: 982 503 356 - Móvil: 660 476 319
jcpenelas@bosch-bcs.com

cospeito

Os gañadores do Premio Caldaloba presentan os seus libros

O Museo das Aves de Cospeito acolleu a presentación dos libros que recollen os traballos gañadores do IV Certame de Poesía Torre de Caldaloba.

O primeiro premio correspondera a Andrea F. Maneiro, coa súa obra *Contra-Tempos*. O segundo fóra para Rafa Lobelle, coa súa obra *Río Carne*.

O acto contou coa participación dos dous galardoados así como do alcalde de Cospeito, Armando Castosa; os respresentantes do xurado, presidido por Martiño Maseda; a presidenta da asociación de San Martiño de Pino; e Santiago Martínez, como xerente



da editorial Tristán.

As obras galardoadas abordan temas vitais como é a saúde mental no primeiro caso e o abandono do

rural, no segundo.

Este acto englobouse dentro da programación de Nadal realizada polo Concello de Cospeito.

Representación de teatro afeccionado o día 14 na Feira do Monte

Continúan as sesións de teatro afeccionado que se están a levar a cabo co patrocinio da Deputación. Nesta ocasión chegarán a Cospeito, onde actuará Borguete Teatro, o grupo da Asociación Cultural e Deportiva de Árbol.

Representarase a obra *O Velorio*, unha peza adaptada da obra *Os cravos de prata*, de Nicolás Vela, realizada por Guillermo Cancelo.

A sesión terá lugar ás 17.00 horas do sábado 14 de xaneiro, na casa da cultura da Feira do Monte.

O Mercado de Nadal repartiu 1.900 euros

A xunta directiva da Asociación de Empresarios de Muimenta informou de que durante a XIV Mercado de Nadal repartíronse 19.000 rifas entre todos os clientes que tiveron os 28 negocios que participaron nesta edición.

O premio gordo da lotería de Reis recaeu no número 89.603. Polo tanto, as 19 papeletas que se repartiron, rematadas en 603, son agraciadas, cun vale de 100 euros a cada unha delas.

As gañadoras repartíronse en Pa-

rrillada Bañal, Estación de Servizo Lagas, Docería Anllo, Supermercado A Tenda, Panadería Hermo, Desexos, Veterinario José Pena Peteiro, Bar Alvaríño, Super Setti (3), Perruquería Velica, Discoteca Hermo, Farmacia Castaño, Froitería Novo, Reparaciones París, Mercedes Abelleira Riveiro, Asesoría Suliña e Perruquería Ofelia.

Os agraciados teñen de prazo ata o 16 de xaneiro para poñerse en contacto cos negocios para facer efectivo os correspondentes vales.

O gandeiros participaron na reunión da comisión da Moexmu

Os deputados de Recursos Sostibles, Roberto Fernández Rico, e de Participación Cidadá, Roberto García Pernas, participaron en Cospeito nunha xuntanza de traballo celebrada pola Asociación de Comerciantes, Empresarios, Profesionais, Gandeiros e Autónomos de Muimenta con motivo da preparación da XXXIX Mostra Exposición de Muimenta (Moexmu). A cita, que terá lugar entre o venres 31 de marzo e o domingo 2 de abril do 2023, reunirá un ano máis a gandeiros e gandeiras, que foron os que participaron no encontro.

Fernández Rico destacou o compromiso da Deputación con esta feira multisectorial que supón "un



dos mellores escaparates para o impulso do sector primario da nosa provincia". Unha feira que xira arredor do gando, da maquinaria e da artesanía, "son tres sinais de identidade do noso rural que temos que coidar para recuperar o sector e para seguilo consolidando como unha

actividade económica estratéxica e de futuro para a provincia de Lugo", segundo explicou o deputado.

A institución provincial achegou 33.000 euros para a celebración da cita e a realización do primeiro concurso autonómico de gando frisón na provincia, Frisón Fefruga 2022.

“Dediquei a vida á obra dos demais, hai autores dos que teño lido todo”

O crítico literario Ángel Basanta doou máis de 10.000 libros á biblioteca

Nun emotivo acto, a biblioteca da Pastoriza abriu este martes, día 27, cun novo nome e coa incorporación ao seu catálogo dunha doazón de máis de 10.000 exemplares de libros da colección persoal do crítico literario Ángel Basanta. Estes libros pasan a formar parte da biblioteca municipal, que rende tamén o seu agradecemento ao catedrático poñéndolle o seu nome ao centro. Entrevistamos a Ángel Basanta.

Como xurde a idea desta doazón?

Isto é algo que estaba na miña cabeza dende hai moitos anos. Polo menos 30 anos. Cando fun pequeno aquí, en Crecente, onde nacín, fun un neno sen libros, como moitos daquela época, dos anos 50, e logo vivín toda a vida rodeado de libros como profesor de literatura, catedrático e crítico literario. Fai 30 anos concibín a idea de que cando chegara o tempo, agora teño 72 anos, doar a miña biblioteca ao Concello onde nacín, na Pastoriza. Como eu fun un neno sen libros a idea que tiña é que nunca máis houbera nenos, mozos, rapaces ou xente maior que quixera ler e non tivera libros. Eu ben sei que moita xente non lle gusta ler e cada un fai o que lle parece, pero tamén sei que se nos anos vindeiros hai un grupo que se interesa por lelos, aínda que sexa pequeno, doume por satisfeito. Aí teñen libros suficientes, en torno a 10.000 exemplares.

Como puido acumular tal cantidade de libros?

A maior parte deles comprándoos, en tres cidades fundamentais, a primeira é Lugo, pero non tiña cartos, pero logo en Santiago, onde fixen a carreira de Filoloxía Románica e estiven tres anos despois de profesor na facultade de Filoloxía, e foi aí cando comecei a comprar libros. A continuación marchei a Madrid, onde con 26 anos fun catedrático de literatura e empecei a comprar máis libros polo que podemos dicir que pasei a vida enteira len-

do. E tamén en Salamanca, onde fun profesor de novela actual, nun curso para posgraduados norteamericanos das universidades de Rhode Island de Massachusetts. Dende o 1988, que comecei como crítico literario, empezan a chegar a casa moitos libros que mandan as editoriais porque queren que fales deles. Moitos tamén foron enviados por escritores que logo acabaron sendo amigos. Ademais das editoriais mandaban escritores polo interese de que os coñecera. Como di José María Merino, un dos novelistas máis importantes, “yo quiero que mis libros estén en la mesa de por lo menos 15 o 20 personas que yo considero importantes en la crítica literaria”. Esa foi a vía como fun xuntando libros pero mercando moito e os mandados por eses que logo foron amigos meus como José María Merino, Luis Mateo Díez, Torrente Ballester, Rafael Chirbes ou Almudena Grandes. E moitos deles están dedicados

Como nace o seu amor pola literatura? Lembra cal foi o primeiro libro que leu e que lle fascinou?

Cando empecei a estudar o Bacharelato, en Mondoñedo, e despois en Lugo, empecei case pola literatura adulta, porque no tempo da de nenos eu non tiven libros. Entón empecei directamente por literatura española como Baroja ou Antonio Machado. Logo fun facéndome con libros de literatura infantil e xuvenil e funos lendo, tipo A illa do tesouro, obras de Mark Twain, fun entrando un pouquiño de maneira desordenada ata que fixen a especialidade, e aí empecei a construír a miña vida como lector dun modo máis ordenado e adecuado.

Cal é a súa parte da literatura ou autor preferido?

Eu dediqueime como crítico literario á novela e ao relato actual. Fixen moita crítica de literatura española, galega, de libros traducidos ao castelán, porque escribía na prensa nacional.

O meu campo profesional foi a literatura do século XIX, XX e o que vai do XXI. Eu dediqueime moitos anos a Cervantes e ao Quijote, do que fixen varias edicións das que estou moi orgulloso. E despois Flaubert, Dostoievski, Torrente Ballester, Faulkner e xa chegando aos nosos días, Luis Mateo Díez, Merino, Chirbes ou Luis Landero. De todos eles practicamente está a obra completa de cada un e a obra completa de moitos outros autores que seguí e logo tratei moito.

Como é a súa vinculación coa Pastoriza? Segue visitando o seu lugar de nacemento?

Si, teño unha relación intensa coa Pastoriza. Desde 1976 vivo en Madrid pero nunca deixei de vir a Crecente. Normalmente veño todos os anos varias veces, pero fixo veño sempre polo Nadal, por Semana Santa e no verán. Nunca perdín as miñas raíces. Aquí era onde eu viña de Madrid, estresado, cargado de traballo e é aquí onde cargaba as pilas e onde o sigo facendo. Cando me atopaba cansado viña para aquí, falaba cos meus amigos de sempre, como o que hoxe é o alcalde, Primitivo Iglesias, que eramos amigos dende pequenos. Por iso, a idea da doazón, que é anterior a ser el alcalde e el xa a coñecía. Non podo ocultar que me fai moita ilusión que se produza cando agora é el alcalde.

En que fase da súa carreira está?

Estou nunha fase de ir desprendéndome de cousas, desde que tiña 18 ou 20 anos teño dedicado moitas horas ao traballo, primeiro como estudante e logo como profesor. Sempre levei a sensación de que nacera nunha aldea sen libros, de que cheguei a Lugo e era un aldeano e tiña que subir escaleiras. En Santiago igual, que viñamos dunha provincia pequena e logo en Madrid porque cando un vén de fóra hai que seguir subindo escaleiras e iso faise a costa de moito traballo. Houbo épocas na miña vida que teño traballado 12 ou 14 horas



cada día en distintas épocas. Cos anos, vas diminuíndo, nunca tiven a sensación de xubilado, porque sempre seguí dedicándome á crítica literaria e xa como xubilado fun 11 anos presidente da Asociación Española de Críticos Literarios. Hoxe son presidente de honra polos anos dedicados e en agradecemento, e aínda son vicepresidente da Asociación Internacional de Críticos literarios pero sereino por pouco tempo porque hai que ir deixando paso á xente nova. Estou en fase de retirada como crítico literario, sigo facendo cousas pero moitas menos pero nunca me retirarei de ler libros, imposible vivir sen libros. Levo 50 anos lendo e non se pode deixar. Primeiro como profesor tes que ler e logo polos cargos que vas ocupando. Estou en retirada aínda que con boa relación con estes amigos.

Pensou algunha vez en dar o salto á escritura?

Non me chamou nunca escribir, o que me gustaba era ler. Decía Borjes, con quen non hai que compararse que é superior a case todos, que el estaba máis orgulloso dos libros que tiña lido que dos que tiña escrito. É un dos escritores máis importantes do século XX polo que tiña de que sentirse orgulloso. Eu fun sempre un gran lector e toda a vida a pasei escribindo pero escribindo como crítico literario. Podo dicir que dediquei toda a miña vida á obra dos demais, hai autores dos que teño lido todo. O pulo aquel de escribir unha novela ou poesía non me chamou, porque tiña na conciencia de que o meu era ler e escribir dos demais. Teño algún libriño feito de divulgación escolar sobre Baroja, Novela española actual, sobre Cervantes e fixen bastantes edicións de autores clásicos. Estou moi orgulloso deses

traballo. Os mellores que fixen na miña vida son algunhas edicións do Quijote, que sei que moitos profesionais entraron no Quijote como libro fundamental por esa edición. Esa foi a miña vida, non sentín nunca aquilo porque non tiña tampouco tempo para pensalo.

Como ve o futuro da literatura?

O futuro non o teño claro. O mundo cambiou moito e cambiará máis e a literatura vai cambiando como cambia o mundo, as veces incluso antes. Os grandes autores non foron entendidos no seu tempo. Stendhal dixo que escribía para que o entenderan 50 anos despois, e así moitos autores, como por exemplo Cervantes, que en cada época foi entendido de maneira distinta. A literatura, como dicía Cela, é “una mantenida pelea con la literatura misma”. Vivimos un futuro en que isto cambia demasiado ás presas. A literatura cambiará. Terá máis ou menos presenza na sociedade, pero deberá cambiar, como fixo sempre pero a tecnoloxía vai demasiado rápido e é impredecible. Agora ben, hai que ter en conta, que os cambios poden ser para ben ou para mal, pero creo que a gran literatura vai seguir existindo porque existirá nunha minoría pero hai que ter en conta que en toda a historia, a literatura de calidade sempre foi de minorías. Outra cousa é a literatura popular, pero a gran literatura seguirá sendo dunha minoría, máis o menos grande ou extensa pero de minorías. E iso vai seguir existindo. Cambiará de formato, lerase noutros formatos pero de feito da confrontación entre o libro de papel e o dixital así está e o ebook non ten gañada a pelexa. Os cambios producíranse pero a diferenza é que nestes tempos todo vai máis rápido.

A localidade da Regueira estará de festa dous sábados seguidos

A parroquia da Regueira, na Pastoriza, celebrará este mes as súas festas en honra a San Vicente que se desenvolverán en dúas fins de semana.

Así, o día 14, sábado, terá lugar unha comida veciñal na que haberá sesión vermú e verbena a cargo de Los Adrianos.

O sábado 21 será a propia xornada festiva con misa solemne ao mediodía seguida de sesión vermú a cargo de DJ'Francis. Será este mesmo o encargado da verbena.

A organización lembra que o campo da festa estará cuberto con carpa para evitar as inclemencias meteorolóxicas.

Nuestro espíritu nace del trabajo y del esfuerzo común

E REIGOSA & VARELA
ECONOMISTAS

TAR
ASESORES

Prza da Mina Nº4 Bajo - 27002 Lugo
Tel. 982 255 026 - Fax 982 220 266
asesoria@reigosayvarela.com
www.reigosayvarela.com

Campo de Puente Nº27-29 Ent. B - 27800 Villaiba (Lugo)
Tel. 982 510 300
asesoria@tarasesores.com
www.tarasesores.com

ECONOMISTAS - ASESORIA FISCAL, CONTABLE, LABORAL Y MERCANTIL - CONSULTORÍA - SUBVENCIONES - REESTRUCTURACIÓN EMPRESARIAL

Un veciño recibe un ordenador da Fundación Amigos de Galicia

A Fundación Amigos de Galicia fixo este ano de novo parada en Pol dentro do seu programa de entregas de material informático a familias que o necesitan.

O programa de axuda leva o nome de Dixitalízate con nós, para que os pequenos que teñen dificultades para ter material informático podan obtelo.

O ordenador foi entregado polo alcalde de Pol, Lino González, e o director xeral da Fundación, Xesús Busto.

O programa Dixitalízate con nós, da Fundación Amigos de Galicia, garante a cobertura das necesidades de subministración de liña



da internet e material informático (ordenadores, tablets...) destinada a menores de Galicia en situación de risco de exclusión social.

Aumenta o persoal do Servizo de Axuda no Fogar

A Consellería de Política Social e Xuventude concedeu aos concellos da provincia de Lugo 2.655.900 euros en axudas para que financien os servizos sociais municipais. Estas achegas económicas fíxanse a través do Plan Concertado do ano 2022 e están dirixidas á contratación de persoal, ao financiamento do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) Básico e á posta en marcha de programas de inclusión.

A partida máis importante do Plan Concertado, case 2,2 millóns de euros, destínase ao cofinanciamento de 132 traballadores sociais, educadores sociais, auxiliares administrativos e outras categorías que forman parte do persoal dos servizos sociais comunitarios de todos os concellos lucenses. Este montante supón un incremento de 100.900 euros con respecto ao destinado para este fin no anterior plan e permite contratar unha persoa máis nos municipios de Bóveda, Pol, A Pontenova, Trabada e

Sober, e dúas no de Lugo.

Así mesmo, o Plan Concertado serve para apoiar ás corporacións municipais no desenvolvemento de programas de inclusión e o mantemento de centros de emerxencia social, para o que se reservan 371.000 euros.

Este importe repartíuse nun total de 45 programas que se puxeron en marcha en 33 concellos; as actuacións dan prioridade ás axudas de emerxencia social, a programas de educación e apoio familiar e a iniciativas destinadas a persoas sen fogar e a persoas especialmente vulnerables.

Ademais, a través deste plan a Xunta renova o seu financiamento do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) Básico no concello de Lugo, ao que destina 91.500 euros. En total, o municipio da capital recibe 520.500 euros para diversos programas e para manter 21 postos de traballo nos servizos sociais.

Os Roteiros de Pol presentan o programa de rutas deste ano

A Asociación Roteiros de Pol retomará este ano as rutas pola provincia, suspendidas durante máis de dous anos por mor da pandemia.

O colectivo programou para este 2023 que recén comeza un total de once rutas máis unha viaxe ao longo de todo o ano, cunha cita mensual.

Os percorridos darán comezo este mes de xaneiro, concretamente o día 22, coa ruta Terras de Cedeira. Continuarán en febreiro, marzo (día 12) e abril (día 16) coas da Cubela en Ribas de Sil, Fontaneira en Baleira e Hayedo de Busmayor en Bajar, na provincia de León.

No mes de maio participarán na XIV Concentración de Asociación de Senderismo e Tempo Libre de Galicia e Asturias, que terá lugar na Pontenova o día 6.

No verán están previstas dúas rutas, o 18 de xuño a de Costa Navie-



ga, na localidade asturiana de Navia, e o 9 de xullo pola chantadina Belesar.

Tralo descanso de agosto, recuperarase o ritmo en setembro con dúas citas, o 10 farán unha ruta por Pol e o 24 viaxarán ao Bierzo para facer a de Zofreral de Cobrana.

En outubro seguirán de ruta en Ne-

gueira de Muñiz coa do Pitu Caleyá o día 22 e rematarán en decembro, o 3, coa do Castro de Amarante, en Antas de Ulla.

Completarán a programación unha viaxe cultural a un lugar aínda sen determinar, que terá lugar os días 10, 11 e 12 de novembro e a cea anual o 16 de decembro en Mosteiro.

Comeza un servizo de podoloxía subvencionado polo Concello

O Concello de Riotorto ofrecerá este ano un servizo de podoloxía dirixida a todos os veciños. O servizo, que terá un prezo de 15 euros, está financiado polo Concello e terá lugar o 26 de xaneiro.

Para poder acceder a este programa unicamente é necesario estar empadronado no concello e pedir cita previa nos servizos sociais municipais ou no teléfono 982 346 222. As sesións repetiránse unha vez ao mes, tal e como anunciaron dende o Concello. Este servizo ten como obxectivo prestar unha atención podolóxica básica a todas as persoas de cara a favorecer o seu benestar integral.



O BNG leva ao Parlamento a falta de médicos en Riotorto

Diante da "grave" situación que están a vivir as veciñas e veciños de Riotorto, despois de que o pasado 12 de decembro o seu centro de saúde pasara a non contar con ningún médico ou médica, o deputado mariño do BNG Daniel Castro leva ao Parlamento esta problemática formulando diversas preguntas ao respecto e presentando unha proposición non de lei na que esixe que se cubran de xeito inmediato e continuo as dúas prazas de médico/a, "xa que non podemos permitir que se deixe a preto de 1200 veciñas e veciños abandonados, pasando a quedar sen unha asistencia sanitaria de calidade" manifestou Castro. "Este feito evidentemente tivo consecuencias inmediatas como as demoras nas consultas ou na xestión

das receitas, e alén disto, a non cobertura das prazas de médicos no centro de saúde provocou e segue a provocar situacións máis que perigosas, como que a única solución para as urxencias sexa o 061, e todo isto debido a que a pesar do paso dos días a Xunta de Galiza segue sen cubrir as ausencias dos dous facultativos titulares", manifestou tamén o portavoz municipal do BNG en Riotorto Luís Fernández. Esta situación que supón un dos maiores ataques á sanidade pública do concello en anos tivo xa unha grande resposta por parte dos veciños e veciñas do concello de Riotorto, que seguen a ver como o Partido Popular continúa a atacar á sanidade pública galega e máis concretamente á nosa Atención Primaria.

Vilalbesa de Gasóleos, S.L.
DISTRIBUCIÓN DE GASÓLEOS A DOMICILIO

Años de experiencia avalan nuestra GARANTÍA

TELÉFONO DE PEDIDOS
629 847 744

Polígono Industrial - Avda. do Acívro, parcela 82-B. 27800 Vilaalba (Lugo) / vilalbesadegasoleos@gmail.com

A Deputación destina 22.000 euros para a compra dun vehículo

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asinou co alcalde de Meira, Antonio de Dios Álvarez, un convenio de colaboración que ascende a 24.121€ para a adquisición dun vehículo para apoio e prestación dos servizos municipais na localidade. A Deputación destina 22.000€ e o Concello a contía restante, 2.121 euros.

Trátase dunha furgoneta nova con dúas prazas habilitadas que se incorporará ao parque móbil municipal. Un parque móbil que arestora só conta cun coche todoterreo para estas funcións, ao que se lle suma este novo vehículo que conta cunha caixa ampla para transportar ferramenta. Servirá para que o persoal do Concello poida desprazarse polos diferentes núcleos do municipio para desenvolver as tarefas do servizo de augas, atención aos núcleos rurais e para dar apoio naquelas actuacións que se consideren necesarias.



Esta nova colaboración económica de 22.000€ que fai agora a Deputación de Lugo con Meira súmase, entre outras, ao investimento de máis de 1,3 M€ que inxectou neste mandato no concello a través do Plan Único de Cooperación cos Concellos, melloras de estradas, creación de emprego, colaboración co tecido asociativo da localidade, entre outras accións que repercuten no día a día da xente.

Ademais, dende finais do 2021 está en funcionamento o Centro de Atención a Maiores que a institución provincial puxo en marcha na localidade.

A cooperación cos 67 concellos da provincia é unha das liñas de actuación prioritarias da Deputación de Lugo, contribuíndo deste xeito a que as entidades locais poidan prestar máis e mellores servizos aos seus veciños e veciñas.

Convocan a xornada sobre as xestións nas administracións

O luns 16 de xaneiro, ás 10.15 horas terá lugar na Concello de Meira a sesión informativa A Administración Cerca de Ti, que pretende axudar ós habitantes dos pobos para que poidan realizar xestións por vía telemática nas distintas administracións públicas.

Este programa piloto que beneficiará a un total de 7,5 millóns de habitantes de pobos pequenos de toda España ó recibir servizos da Administración Xeral do Estado nos seus concellos, foi presentado pola ministra de Política Territorial e portavoz do Goberno, Isabel Rodríguez.

O obxectivo do Goberno é achegar a Administración á cidadanía para fortalecer a cohesión social e territorial, combater a fenda dixital e reforzar a igualdade de oportunidades, segundo a ministra "transformando o noso país e fa-

cendo unha Administración máis útil e próxima".

A primeira fase da iniciativa, impulsada dende o Ministerio de Política Territorial conxuntamente co Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, desenvolverase nun total de 3.200 municipios españois.

Agora é a quenda de Meira, un día no que os cidadáns só terán que desprazarse ao centro socio-cultural para contar coa súa firma dixital, coa que poderán acceder ós trámites e servizos dixitais, evitando desprazamentos innecesarios e o custe económico que iso representa.

O obxectivo é informar dos trámites e prestacións, acompañalos, axudalos, orientalos para un mellor aproveitamento da Administración e combater as fendas dixitais, territoriais e de xénero.

Adxudicado o proxecto de reforma do centro de saúde da localidade



A Consellería de Sanidade publicou a adxudicación da contratación dos servizos de redacción do proxecto básico e de execución e dirección da obra de ampliación e reforma do centro de saúde de Meira, na provincia de Lugo, á empresa Ezcurra e Ouzande, por un importe de 127.050 euros. Con esta obra, o Executivo galego pretende a ampliación da área do centro de saúde para resolver necesidades de espazo, coa dotación dunha consulta de enfermería de pediatría, unha sala de toma de mostras, unha de técnicas, unha sala polivalen-

te, así como mellorar a área de admisión e crear un área de persoal, con sala de estar, biblioteca e vestiarios.

Tamén se pretenden mellorar as instalacións do Punto de Atención Continuada en canto á recepción/admisión, sala de espera de pacientes, área de persoal, e unha sala de críticos, para unha superficie total de ao redor de 410 metros cadrados.

Sinalar que o número de tarxetas sanitarias adscritas a esta infraestrutura sanitaria sitúase arredor das 1.780 como centro de saúde e 10.000 como PAC.

Meira aproba un orzamento de 2,3 millóns de euros para o ano 2023

O Pleno de Meira aprobou os orzamentos para o próximo ano que contarán cun montante total de 2,3 millóns de euros, unha cifra récord, segundo indicou o tenente de alcalde, Agustín Méndez.

Novamente, os orzamentos irán dirixidos no 23% ao gasto social, que supón 530.605 euros; e para investimentos en novos servizos destinarán

411.000 euros.

Neste capítulo hai varias obras previstas como a mellora da casa da cultura, a instalación da cuberta da pista de pádel, o acondicionamento do Bar Centro, a realización do inventario de camiños, a mellora da EDAR e os accesos a Marrondo, Touzón e Vilarmouro, así como a instalación dunha pista multideporte e a mello-

ra de varias instalacións deportivas, como o campo de fútbol.

Agustín Méndez comunicou no pleno, que o Concello procederá ao pago da última cota do préstamo que solicitou o PP no ano 2012 e asegurou que as facturas estanse pagando ao día polo que teñen previsto rematar o mandato con débeda cero.



BELRIAS

REBAIXAS en todos os artigos de exposición desde un 15 % DE DESCONTO

Pola compra de esta CHAISLONGUE de 3.00 m. CON DESLIZANTES, RESPALDOS ABATIBLES E ARCÓN EN BRAZOS CON MULTIPOSICIÓN

REGALAMOS ESTE ROBOT ASPIRADOR

PLAmoble Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba

TERRA CHÁ



Gandeiros entregan 500 sinaturas para demandar criterios de saneamento

Unha representación das gandeirías afectadas polos problemas do saneamento da Xunta, fixeron entrega en Vilalba dun escrito onde se recolle a problemática que veñen sufrindo e as súas peticións avaladas por 500 sinaturas.

Esta acción tivo lugar na Oficina Comarcal da Xunta de Galicia en Vilalba e nela intégranse gandeiros de Abadín, Xermade, Cospeito ou Muras, que esixen criterios fixos e melloras nos procesos de saneamento gandeiro, xa que moitos deles víronse afectados por algún posible positivo

en tuberculose que obrigou ao sacrificio de animais.

Os gandeiros reclaman unha uniformidade de criterios e que se fagan as análises de animais para evitar o sacrificio dos que non estean enfermos. Ademais, demandan que unha vez que se teñan os resultados negativos do laboratorio sexan indemnizados como animais sans.

Os afectados teñen prevista unha reunión co director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, José Balseiros, o 31 de xaneiro.

Ecoloxistas piden á Xunta frear as instalacións eólicas nas serras

Entidades ecoloxistas piden á Xunta frear a instalación de estacións eólicas á beira da Serra de Carba e da Serra do Xistral para non continuar coa presión eólica excesiva sobre os espazos protexidos e de alto valor ambiental.

Segundo indican xa son máis de 1.392 aeroxeneradores e máis 209,11 quilómetros de liñas eléctricas as instaladas en espazos da Rede Natura 2000 ou próximos a esta, como está a acontecer arestora con proxectos eólicos en tramitación como o proxecto Escoiras, o proxecto

Hépotas II ou o proxecto Oural II.

Polo tanto, instan tamén á Xunta a ir desmandelando aqueles parques eólicos que xa están a esgotar a súa vida útil para eliminar a excesiva presión eólica que sofre a Serra do Xistral e a Serra da Carba.

Afirman que case que desde calquera punto da Serra do Xistral pódense ver ao redor de 651 aeroxeneradores. “É tal o grao de presión eólica e da afección urbanística sobre os humedais e as turbeiras que é moi probable que non se garanta a conectividade ecolóxica”.

Trece centros da zona farán estadias lingüísticas Spring week

Preto de 1.500 estudantes de 69 colexios e institutos de toda Galicia participarán esta primavera no programa de estadias lingüísticas Spring Week, que se desenvolverá entre o 16 de abril e o 17 de xuño de 2023. O listado de datas e colexios participantes (a razón de 28 da provincia da Coruña, 13 de Lugo, sete de Ourense

e 21 de Pontevedra) pode consultarse no Portal Educativo.

Entre eles figura o Virxe do Corpiño de Begonte, que viaxará do 4 ao 10 de xuño e o IES Pedregal de Irimia, entre o 7 e o 13 de maio. Tamén o IES Castro da Uz das Pontes forma parte do programa, participando do 28 de maio ao 3 de xuño.

270 intervencións realizou o GES de Friol nos primeiros cinco meses

O concello de Friol alberga a sede do GES (Grupo de Emerxencias Supramunicipal) que ten a súa ubicación no polígono industrial, nunha das naves do edificio multiusos de propiedade municipal. Este grupo formado por 12 profesionais, dá cobertura a este municipio e aos de Begonte, Guitiriz, Palas de Rei e Outeiro de Rei.

Este grupo empezou a funcionar o día 8 de agosto do ano 2022, e a persoa encargada de organizar e supervisar este GES, día a día, é o concelleiro delgado do Concello de Friol Enrique Barreiro.

Este servizo, tan importante para os concellos que forman parte del, conta cunha financiación por parte da Xunta de Galicia, Deputación e concellos que suma case 300.000 euros anuais.

Os profesionais que conforman este grupo de emerxencias tiveron que realizar numerosas intervencións por todo o territorio que abarca este grupo, dende que se puxo en marcha en agosto.

Se diferenciamos por municipios, cabe salientar que no de Friol realizaron 68 intervencións entre saídas para intervir en accidentes, ou en efectos causados por fenómenos meteorolóxicos, fauna, velutinas, incendios, tamén unha saída por culpa dun vertido, e cabe salientar as numerosas saídas realizadas polo grupo para axudar na busca de José Luís, o veciño de Friol que continúa



desaparecido, e tamén varias saídas doutro tipo.

No concello no que menos intervencións tivo que facer este grupo de emerxencias foi no de Palas de Rei, con 45 saídas relacionadas con fenómenos meteorolóxicos, fauna, velutinas, incendios, accidentes, persoas desaparecidas e outros.

No concello de Begonte realizaron un total de 64 intervencións, entre actuacións relacionadas con fenómenos meteorolóxicos, fauna, velutinas, incendios, accidentes e outros. Algo menos actuaron no concello de Outeiro de Rei, cun total de 49 saídas, en actuacións relacionadas con fenómenos meteorolóxicos, fauna, velutinas, incendios, accidentes, persoas desaparecidas e outros.

En Guitiriz tiveron que intervir nun

total de 44 casos, entre actuacións relacionadas con fenómenos meteorolóxicos, fauna, velutinas, incendios, vertidos, accidentes e outros. Para levar a cabo todas estas actuacións, 269 en total, o GES conta cunha carroceta urbana, equipos de eliminación de velutinas, utensilios de excarcelación e outros equipos necesarios para realizar o seu traballo diario.

O alcalde de Friol, Jose Ángel Santos, di que “este servizo está axudando a reducir moito os tempos de intervención en caso de emerxencias no noso concello e nos limitrofes, que forman parte do grupo, un feito que todos os alcaldes dos municipios que formamos parte estamos satisfeitos de conseguir ter este servizo básico asentado no noso territorio”.

Comadre foi elixida a Palabra do Ano 2022

O Dicionario da Real Academia Galega define comadre nas acepcións relacionadas co parentesco, pero na fala popular esta voz refírese tamén á veciña ou á amiga na que se ten especial confianza. Con este último significado, que lembra as mozas e vellas que se prestan apoio para faceren fronte aos contextos adversos e que se fan tamén compañía nos bos momentos da vida, vén empregándose dende hai moito tempo. Bebedo deste herdo tradicional, hoxe reivindicase dende o feminismo consciente como un xeito de se referir a aquelas que practican a sororidade, a solidariedade entre mulleres. E nese empeño de moitas comadres do século XXI de teceren redes de visibilidade para a súa mensaxe, esta voz acaba de se converter na Palabra do Ano 2022.

O GDR-4 xestionou unha inversión de case 6 millóns

No período de programación 2014-2020 aínda en execución, os datos de compromiso de fondos supoñen a día de hoxe a totalidade dos fondos dispoñibles por un importe de 2.742.099€, o que dará lugar a unha inversión inducida de 5.622.710 € e dará a posibilidade de crear 24 empregos e a consolidación de outros 85 empregos no territorio do GDR Comarca de Lugo, a través da axuda a 28 proxectos.

Segundo comenta o seu presidente, José A. Santos, “dende este Grupo de Desenvolvemento Rural pretendemos axudar a que os emprendedores opten por estes territorios rurais para asentarse os seus proxectos, para o que os asesoramos e os levamos dan man ata

conseguir que sexa unha realidade o seu asentamento e a posta en marcha, así como tamén xestionamos as axudas Leader ás que poden optar segundo as condicións particulares de cada caso”.

Ademais, tamén traballan na dinamización do territorio mediante o acercamento de actividades culturais, sociais e recreativas. Cabe salientar o traballo de divulgación e concienciación na loita contra a violencia machista.

O GDR 4 está tamén implicado en facer do territorio un Destino Turístico de Interese para o cal opta a alcanzar un Plan de sostibilidade turística en destino (PSTD) que profundice nas virtudes naturais e gastronómicas do mesmo.

“O activo máis importante da Terra Chá son as súas xentes”

José Antonio López Sierra é no novo presidente do GDR Terra Chá

O GDR Terra Chá celebrou en decembro a súa asemblea xeral para renovar a súa directiva, que agora pasa a encabezar José Antonio López Sierra, en substitución de Fe Legaspi Valiña.

Como foi o proceso de dar o paso para presidir o GDR?

Manteño relación laboral cun grupo empresarial de Castro de Rei, tamén participo na xestión da Fundación Blas do Carboeiro tamén de Castro de Rei, esta fundación pertence á asociación Terra Chá, sendo ademais eu o representante desta na asociación Terra Chá, na última elección de xunta directiva, algúns dos meus compañeiros de asociación consideraron que eu debería postularme para presidir este grupo de desenvolvemento.

Con que obxectivos chega ao cargo?

Esta asociación conta con membros na xunta directiva cun coñecemento moi amplo da comarca, tanto no ámbito público como privado, isto permítenos ter unha visión clara do nivel de desenvolvemento, do tecido produtivo existente e tamén permite obter unha imaxe fiel da realidade da zona, desta forma podemos establecer perfectamente obxectivos que favorezan o mantemento dos motores de crecemento ademais de explorar novas actividades que contribúan a mellorar a vida dos habitantes facendo que o desequilibrio en servizos con respecto ás áreas urbanas sexa menor e con isto poidamos contribuir dalgún xeito ao fixamento de poboación con todo o que isto implica no relativo a evitar abandono de contornas rurais, debilitamento dos índices económicos da comarca, etc. Considero primordial apoiar iniciativas que equiparen o máximo posible as vidas dos mozos que desexen establecerse na comarca con respecto ás vidas dos mozos de contornas urbanas. Maximizar os atractivos da comarca e garantir un mantemento adecuado de todos os activos permitirá sen dúbida unha estabilidade demográfica indispensable para o futuro. Por parte da xunta directiva que presido trataremos de incidir o posible en apoiar iniciativas que redunden na mellora do tecido produtivo, no aumento dos servizos dispoñibles para a poboación así como en fomentar o implemento de tecnoloxías e infraestruturas que permitan gañar en eficiencia enerxética, establecer pautas de economía circular de forma que o impacto medioambiental das actividades sexa sostible sen comprometer a viabilidade, e polo tanto sen quebrantar o lóxico crecemento e mantemento das actividades contribuíndo finalmente á dinamización da zona.

Cales son os proxectos que están agora en marcha no GDR?

Na actualidade este grupo atópase inmerso na elaboración dun plan estratéxico que permitirá establecer pautas para dinamizar sectores tan importantes como o agroalimentario, turismo, enerxía, comercio e tamén servizos. Este plan identificará potenciais recursos dentro da xeografía de acción deste grupo e expoñerá fórmulas de posta en valor e aproveitamento destes recursos, información moi válida para o establecemento de novas actividades dinamizadoras, así como para establecer preferencias en canto os servizos que deben de prestar os concellos. Seguiremos coa labor divulgativa para dar a coñecer a comarca e os seus atractivos ao gran público, co fin de atraer afluencia de visitantes e tamén como reclamo para novas actividades.

Tamén como tódolos anos dispoñémonos a xestionar a orde de axudas para grupos de desenvolvemento rural que vén de saír publicada para convocatoria 2023. Esta orde permítenos contar con fondos para funcionamento da propia asociación así como para o fomento e realización de proxectos no ámbito público e privado. Como todos os anos manteremos a nosa oficina aberta para asesoramento, información e tramitación de calquera proxecto ou iniciativa que desexe acollerse a estas axudas. Contamos igualmente nesta nova etapa poder organizar actividades formativas e de ocio así como xuntanzas cos diferentes colectivos para establecer algún tipo de convenio ou colaboración que redunde na organización de eventos destinados á promoción e divulgación cultural da comarca.

Supoño que as axudas fundamentan o traballo anual.

O asesoramento e xestión das axudas é desde logo primordial para esta asociación, establecer bos criterios de selección e que os fondos dispoñibles sexan adxudicados da forma máis xusta e eficiente posible é a premisa necesaria para que este grupo teña sentido. Débese ter en conta que é un grupo creado na Terra Chá e que pretende axudar a dinamizar este territorio o mesmo tempo que potenciar o máximo posible as súas fortalezas e por iso que os apoios que se prestan deben estar consensuados e perfectamente xustificadas para que todos os proxectos teñan o éxito pretendido.

Con que respaldo conta o GDR?

O GDR Terra Chá así como resto de agrupacións galegas (en total son 24 GDRs) conta con axuda por parte da administración autonómica para o seu desenvolvemento e funcionamento. Nesta nova convocatoria de axudas Leader para o ano 2023, a



asignación para toda Galicia é de 15 millóns de euros, correspondéndolle ao grupo da Terra Chá unha cantidade de 740.000 euros. No que se refire a avaliación e análise de proxectos contamos co apoio do organismo autónomo Agader, que supervisa o labor dos grupos e dota de traballo técnico e normativo para xestionar a orde de subvencións.

Que proxectos quere poñer en marcha?

Pretendo dar continuidade ao plan de estratexia que se atopa en elaboración, tamén fomentar e mellorar a labor divulgativa coa incorporación e desenvolvemento de traballos de posicionamento en redes sociais. Por outra banda, intentaremos mellorar a nosa participación en organización de eventos ou actividades destinadas a poñer en valor os atractivos da zona, a confraternidade entre os habitantes da comarca e a divulgación cultural. Finalmente, dentro do funcionamento regular da asociación nesta etapa implantaremos sistemas e tecnoloxías de información suficientes para mellorar en canto a eficiencia de traballo, aproveitamento do tempo e celeridade nas xestións. Dalgunha maneira imos dixitalizar o traballo da asociación e mellorar a comunicación entre os seus membros, o persoal, o servizo desta e tamén os membros da xunta directiva.

Que ten de positivo a comarca? E de negativo?

A comarca da Terra Chá famosa pola súa xeografía especial que a fai especialmente dotada para a agricultura e gandería, é ademais unha das zonas de Galicia onde existen os centros de produción agroalimentaria con máis dotación tecnolóxica ademais de ser punteiras en canto a producións obtidas. Non debemos esquecer que se trata do emprazamento elixido por empresas e grupos empresariais con



O GDR-2 distribuirá preto de 750.000 euros en proxectos do rural

O GDR Terra Chá recibiu de Agader (Axencia Galega de Desenvolvemento Rural) unha achega de 742.260,40 euros que se destinarán a proxectos, dentro da convocatoria Leader, que se realicen nos concellos do territorio do GDR.

Despois do Nadal reuniuse a nova Xunta Directiva do GDR-2 Terra Chá para distribuír os 742.260,40 euros do orzamento. Así 527.004,88 euros irán para proxectos produtivos, 148.452,08 para proxectos non

produtivos de entidades públicas e 66.803,44 euros para proxectos non produtivos de entidades privadas. O prazo para solicitar as axudas está aberto ata o 31 de xaneiro deste ano. Así mesmo, recibiu axuda de Agader para participar en dous proxectos de cooperación con outros GDRs de Galicia. O primeiro proxecto é a Rede de Ecocomedores e o segundo o de Rede para animar á incorporación de persoas no sector primario.

radios de actividade nacional e internacional, coa actividade indirecta que isto xera na comarca así como os postos de traballo que garante. Pero sobre todo o activo máis importante da Terra Chá son as súas xentes, persoas cunha ampla cultura do esforzo que souperon aproveitar os recursos ademais de implementar tecnoloxías de última xeración así como técnicas de produción innovadoras cando no resto da xeografía nacional esta implementación era inexistente. Isto garantizou un crecemento superior e o establecemento de actividades ben dimensionadas e que na actualidade manteñen un potencial de crecemento importante.

Como aspecto negativo esta comarca comparte co resto dos concellos rurais de Galicia as súas carencias. Non se conta cunha cobertura digna de comunicación en todo o territorio, algunhas vías de comunicación son mellorables, aínda que é certo que esta zona se sitúa estratéxicamente entre vías de comunicación importantes e polo tanto os seus enlaces con resto de Galicia e de España son rápidos. A dotación de servizos nos concellos que se inclúen nesta asociación está en vías de mellorar e precísase dun-

ha aposta importante por parte das diferentes entidades supramunicipais para que se completen as demandas destes concellos e se faga realmente atractiva esta zona para os seus habitantes, existentes e futuros.

Estase a conseguir unha volta ao rural como se di?

Sería inxusto dicir que non é verdade, porque con todas as políticas, accións e divulgacións que se fan sobre este tema a realidade é que existe unha certa tendencia sobre todo relacionada coa xestión de explotacións agrogandeiras familiares, a continuidade destas, polo tanto existe unha tímida volta ao rural ou máis ben un estancamento na sangría demográfica pero hai moito que facer para que realmente esta tendencia se consolide e a mocidade vexa a posibilidade de establecerse na súa comarca como unha alternativa válida ou como primeira alternativa. Que esta tendencia teña continuidade e aumente ten moito que ver coa mellora dos servizos cos que conta a comarca, co establecemento de sistemas de comunicación fiables e equiparables aos urbanos, en definitiva acercando o máximo posible a dispoñibilidade de servizos das contornas urbanas ás rurais.



CHAIREGOS
SERVICIOS VETERINARIOS

- CONSULTORIO DE MASCOTAS E CLÍNICA DE ANIMAIS DE GRANXA

CO ANUNCIO RECORTADO 10% DE DESCONTO EN VACINAS E MICROCHIPS

R/ Gabriela Nieto Chaín, nº 20
(O Ramal) Rábade

Telf. 982 871 103

URXENCIAS
24
HORAS

O Nadal deixou numerosas imaxes coa recuperación da normalidade



De arriba a abaixo e de esquerda a dereita, imaxes das cabalgatas de Reis do día 5 de xaneiro nas Pontes, Begonte, Friol, Guitiriz, Muras, A Pastoriza, Pol, Rábade, Meira e Abadín

DEPUTACIÓN

O Pleno provincial aproba as bases do Plan Único do 2023

O Goberno da Deputación de Lugo sacou adiante no Pleno ordinario de decembro o Plan Único de Cooperación cos Concellos para o vindeiro ano 2023, ao que destina 21,5M€ para desenvolver actuacións en materia de infraestruturas, creación de emprego, Servizo de Axuda no Fogar, actividades, eventos, administración electrónica ou protección civil. Os grupos do PSdeG e o BNG votaron a favor da iniciativa, mentres que o PP se abstuvo.

O presidente, José Tomé Roca, subliñou a importancia de aprobar, por terceiro ano consecutivo, as bases do Plan Único no ano anterior ao seu período de vixencia porque, desta forma, as entidades locais “poden empezar a planificar e tramitar as accións unha vez se publiquen, nos vindeiros días, no Boletín Oficial da Provincia”. Isto permite aos concellos planificar con maior antelación e traballar con máis previsión e tempo,

de forma que poidan poden aproveitar mellor os fondos.

O mandatario provincial destacou que a aprobación deste Plan nestas datas é posible grazas a que o Goberno sacou adiante en tempo e forma o Orzamento da Deputación para o vindeiro ano, de maneira que entrará en vigor a principios de xaneiro. Pola súa banda, a voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, incidiu durante a sesión plenaria en que co Plan Único a institución garante “un reparto xusto dos fondos públicos con criterios obxectivos, iguais para todos”, e “respecta plenamente a autonomía municipal”.

A Deputada lembrou as continuas melloras introducidas no Plan Único este mandato para que sexa máis útil para os concellos, como a aprobación das bases no ano anterior o seu período de vixencia, a posibilidade de imputar gastos de obras e contratos de persoal dende principios de

ano ou a simplificación dos trámites administrativos, especialmente beneficiosa para as entidades locais máis pequenas, que teñen menos recursos técnicos e de persoal.

Como exemplo do “impacto social e económico” desta ferramenta, a voceira socialista aludiu a que a Deputación inxectou dende o ano 2019 un total de 85,3M€ nos concellos, grazas ós que puideron acometer en torno a 1.500 obras e subministracións, e cos que crearon máis de 1.200 postos de traballo.

O Plan Único 2023 da Deputación mantén a súa esencia a través da distribución con criterios públicos e obxectivos dos fondos provinciais entre os 67 concellos da provincia. A poboación, a superficie, a dispersión territorial e a taxa de envellecemento, segundo os datos oficiais do Instituto Nacional de Estatística, son os criterios de reparto que aplica a institución.

Instan á Xunta a cumprir “coas súas obrigas en materia de atención sanitaria”

O Pleno aprobou unha moción presentada polo Grupo Socialista para instar á Xunta a que cumpra a sentenza 05354/2022 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG), co fin de adoptar as medidas oportunas para cumprir coas súas obrigas en materia de prevención de riscos laborais, de valoración da carga de traballo e a avaliación dos riscos dos postos de traballo, non só dos médicos de Atención Primaria e de pediatría, senón do conxunto dos profesionais do sistema público sanitario de Lugo e Galicia. O PP abstívose na votación.

A voceira socialista do Goberno e deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, denunciou na súa intervención “as condicións laborais do persoal sanitario, pola carga de traballo que están soportando os facultativos, unha situación que

vén de confirmar unha sentenza xudicial que sinala que se vulneran eses dereitos, así como as consecuencias do desmantelamento deste servizo público”.

García Porto incidiu en sinalar que “o modelo sanitario do PP non concorda co que defende o Goberno da Deputación, xa que demandamos máis e mellor sanidade pública. Nós entendémola como un servizo esencial e como un dereito en igualdade de condicións para tódalas persoas. Dende que o PP chegou ao Goberno da Xunta lanzaron un ataque progresivo e destrutivo contra a sanidade pública, e polo tanto contra a saúde dos galegos e das galegas”.

Explicou que dende a Xunta enfocaron o problema sanitario “en economizar este servizo, e adicaronse a practicar un austericidio constante na sanidade”.



Impulso de medio cento de accións para consolidar o turismo

A vicepresidenta do Consello Provincial de Turismo e deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, presidiu no Salón de Plenos da Deputación a última reunión do ano deste órgano participativo e consultivo impulsado pola institución provincial, ante o que explicou a programación realizada ao longo deste ano 2022, con medio cento de accións distintas.

A deputada subliñou que estas actuacións cumpriron un dobre obxectivo. “Por unha banda, convertemos o turismo nun dos eixos da acción política da Deputación, apostando por un sector que achega riqueza e emprego, que difunde a imaxe da provincia lonxe das nosas fronteiras e que, dun xeito fundamental, xera

opcións de desenvolvemento no rural e axuda a fixar poboación no territorio”, afirmou. E por outra banda, “avanzamos cara a consolidación do modelo turístico da Deputación, de calidade, sostible, non masificado e desestacionalizado”. Un modelo, sinalou García Porto que “aproveita o inmenso patrimonio natural e cultural da nosa provincia”.

A institución, sinalou, busca “sinerxías transversais, de xeito que unhas accións reforen ás outras”, e fomenta “vagas de interese que chegan cada vez máis lonxe”, ao tempo que fixo “un importante esforzo por potenciar o turismo de proximidade, de pequenos desprazamentos que se poden realizar en calquera momento do ano e que resulta fundamental para a desestacionalización”.

Aprobado o primeiro Plan de Igualdade



A Corporación aprobou por unanimidade o primeiro Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes na historia da Deputación. O Goberno provincial, por iniciativa do presidente, José Tomé Roca, marca así un fito no camiño cara a igualdade de xénero real e efectiva, sacando adiante co consenso de todas as forzas políticas e sindicais un instrumento de modernización da administración para seguir avanzando cara un sistema de xestión máis igualitario no ámbito laboral.

María Loureiro explicou que se contemplan 7 eixos de actuación que abarcan todos os ámbitos, desde a selección de persoal á promoción, pasando pola política salarial, a or-

denación do tempo de traballo e a conciliación.

Entre as materias que aborda o acordo, asinado polas catro organizacións sindicais representadas na Deputación, está o proceso de selección e contratación, a clasificación profesional, a formación, a comunicación e linguaxe non sexista, as condicións de traballo, o exercicio corresponsable dos dereitos da vida persoal, familiar e laboral, a baixa representación feminina e a prevención do acoso sexual ou por razón de sexo.

A Corporación, a proposta do presidente, gardou un minuto de silencio ao inicio do Pleno en recordo das persoas falecidas no accidente de autobús en Cerdedo-Cotobade.

Lanzan a terceira tempada do programa Coñece a túa provincia

A Xunta de Goberno aprobou as bases para poder lanzar o vindeiro ano 2023 a terceira edición do programa de viaxes gratuítas Coñece a túa provincia. A voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, sinalou que a institución provincial prepara xa unha nova tempada desta iniciativa “ante o enorme éxito que tiveron as dúas edicións anteriores, nas que participaron máis de 4.500 persoas”. Lembrou García Porto que este programa da Deputación está dirixido a asociacións e colectivos sen ánimo de lucro de toda a provincia e consiste en viaxes gratuítas, en pequenos grupos, dunha xornada de duración por diferentes puntos da xeografía lucense seguindo diversas rutas polo patrimonio natural, histórico, cultural e gastronómico.

“Esta é unha das medidas que puxemos en marcha neste mandato co obxectivo de incentivar o turismo de proximidade, a hostalería e o comercio local, que son un dos motores importantes da nosa economía”, subliñou a voceira provincial.

A Deputación ofertará un máximo de 3.036 prazas en dous períodos: un na primavera, entre marzo e xuño, para os que haberá ata 1.794 prazas; e outro no outono, entre os meses de setembro e decembro, durante os que ofrecemos 1.242 prazas.

DEPORTES

O fútbol comeza o segundo asalto

A liga reanudouse a primeira fin de semana de xaneiro tras un descanso de tres semanas, algo máis nalgunhas categorías da base

A liga 2022-23 retomouse a primeira fin de semana de xaneiro tras un descanso de tres semanas, aínda que algunhas categorías esperarán ata a fin de semana do 14 e 15 para volver saír ao verde.

Esta primeira fase trouxo un pouco de todo aos distintos equipos da provincia. O mellor situado nas categorías sénior, o Lugo, que milita na Segunda División, marchou ao descanso na parte baixa da táboa, no posto 19 e moi preto da zona de descenso. Retomou a competición o pasado venres 6 de xaneiro, en Leganés con derrota e baixada dun escalón. Tampouco foi moi boa a tempada para o Polvorín no seu debut na Segunda B. O equipo lugués volveu con vitoria suma 14 puntos en 16 xornadas, nos que gañou en tres ocasións, empatou en 5 e perdeu en 8.

Con 7 vitorias, 6 empates e 1 derrota o Vilalbés marchou de vacacións en Terceira, no posto de prata e con aspiracións unha vez máis a xogar o ascenso, polo que leva pelexando xa varias tempadas. Comezou con empate. No mesmo grupo está o Viveiro, na zona media da táboa, só 9 puntos por debaixo, con 5 vitorias, 4 empates e 6 derrota.

En Preferente a Sarriana é o mellor

situado de todos, na segunda posición e a 4 puntos do líder. Sumou 12 vitorias polo momento, 1 empate e 4 derrota.

Once puntos por baixo, na décima praza, o Residencia pechou este primeiro ciclo de Liga con 6 vitorias e 5 empates, os mesmos que derrota, pero regresou para sumar unha vitoria máis. O Ribadeo está na posición 12, tamén con 7 vitorias pero neste caso con 8 derrota e 2 empates.

Tres equipos máis están na parte baixa, loitando por conservar a categoría, o CD As Pontes, ocupa a posición 16 con só 3 vitorias en 16 encontros. O Lemos está na mesma situación aínda que cunha vitoria máis pero con máis derrota.

O debutante Portomarín pagou caro o ascenso, xa que colleitou só 6 puntos dunha vitoria e tres empates.

Xa nas competicións de afeccionados, o Pol lidera a táboa de Primeira con 12 vitorias de 16 partidos e dúas derrota, a última no partido de inicio do curso. Ao equipo polense escapóuselle o ano pasado o ascenso pero este ano ten claras as ideas.

Na Segunda, o Meira está comodamente asentado no liderado do

grupo Norte, con 36 puntos, 4 máis que o segundo, posto que ocupa o Folgueiro, que xunto con Cospeito, Muimenta e Iberia están en postos para disputar os play off de ascenso. A parte negativa está para o Goiriz, que pecha a lista.

No Sur, a situación cambiou co novo ano. Lidera agora o Guntín por un punto e con dez vitorias, igual que o Friol. O resto de postos de play off son para Ferreira, Oural e Milagrosa e o de descenso para o Carballedo. En Terceira, o Vilalbés B, que vén de crearse, ocupa o liderado con ampla vantaxe de 6 puntos e ten a promoción na súa man. No posto de prata está o Catro Roldas, tamén en posto de promoción. Para os play off están Abadín, Mondoñedo, Nuevo Nausti e Friol B.

No Sur, as dúas primeiras prazas son para Quiroga e Palas, mentres que os play off están ocupados polo de agora por O Incio, Rubián, Castroverde e Santa Comba.

Nas ligas femininas o Friol ocupa a posición 14 na Segunda División tras unha dura tempada na que só se levaron dúas vitorias.

En Primeira Galicia o Lugo está a facer una espectacular tempada. Ocupa a terceira praza, dentro do grupo de ascenso. O Antas, pola contra,

sancionado por un partido, segue co marcador a 0 malia ter gañado un único partido. Está a pasarlle factura o escaso do banco.

Na Segunda Galega, o Friol B só coñece a vitoria polo momento como líder absoluto do grupo onde están incluídos todos os equipos da provincia. Nos outros catro postos para a promoción de ascenso están os lugueses San Lázaro, Chantada e San Roque; co Carballedo na sexta praza, que podería participar tamén no ascenso na segunda fase. Monte Forte, que empezou moi ben pero caeu posicións, e Milagrosa sobreviven na parte morna da táboa e a Comercial, escasa de efectivos, pecha o grupo.

FÚTBOL BASE NACIONAL E GALEGO.

Nas categorías nacionais, o Lugo A, na División de Honra xuvenil, está quinto tras outro gran inicio de tempada. O B está na parte morna, mellorando día a día pero nunha zona perigosa, aínda que os últimos resultados apuntan un bo traballo.

Os equipos do Lugo das máximas categorías cadete e infantil teñen resultados dispares. Os maiores están novenos mentres que os máis pequenos están nunha discreta posición 13 de 16 equipos tras un aciago reinicio da competición. O cadete do

Viveiro, que debutou este ano, segue a obter resultados castigadores e no sae do fondo da táboa.

Nas categorías galegas, o Viveiro xuvenil está sexto, seguido do Vilalbés, que queda na posición 11. O Residencia ocupa a 13, o Milagrosa a 15 e o Ribadeo pecha a lista no posto 20 cunha única vitoria.

Na cadete o Lugo B é o mellor da provincia e xa está cuarto mentres que Milagrosa e Viveiro están na parte baixa. O Calasancio, no grupo do sur, ocupa a novena praza.

Tres equipos representan á provincia na infantil. Viveiro e Vilalbés ocupan o medio, prazas 8 e 10, respectivamente. O Residencia está 13 dos 16 que hai.

Nos grupos femininos o Milagrosa e o Friol cadetes pechan a lista de equipos na clasificación pero as albivermellas infantís ocupan xa a cuarta praza.

Nas ligas provinciais, o Piringalla, Sarriana, Foz e Becerreá están nas catro prazas que disputarán os play off de ascenso ás galegas na categoría xuvenil. Vilalbés e Pontenova no norte e Residencia e Corgo no sur posiciónanse na cadete mentres na infantil as prazas están ocupadas por Lugo B, Burela, Polvorín e Piringalla.

O Concello de Vilalba entregará o día 28 os premios da quinta Gala do Deporte

O Concello de Vilalba convocou a V Gala do Deporte Municipal, que se celebrará o vindeiro 28 de xaneiro de 2023 no Auditorio Carme Estévez de Vilalba a partir das 20:00. O acto busca premiar a deportistas, técnicos/as, entidades deportivas e figuras importantes no labor de fomento do deporte e da actividade física en Vilalba entre o 1 de xaneiro de 2021 e o 1 de decembro de 2022.

O xurado decidirá a concesión destes premios a partir das propostas dos clubs, institucións, asociacións e outras entidades, así como da propia veciñanza.

As candidaturas buscarán premiar a traxectoria deportiva, o labor directivo ou de apoio ao deporte en xeral. Estes méritos deberán estar debidamente xustificadas e as persoas ou entidades deberán ter algún vínculo con Vilalba, de acordo coas bases da gala.

Javier Neira e Chus Conde gañan a carreira de Castro de Rei



Castro de Rei acolleu a que é oficialmente a primeira carreira do ano entre as localidades de Castro de Rei e Castro Ribeiras de Lea.

Un total de 350 participantes de todas as idades probaron sorte nunha xornada fría e chuviosa que deixou a Javier Neira e Chus Conde como campiones masculino e feminino, respectivamente. Son case 15 quilómetros os que se percorren nesta cita, que arrancou diante da casa consistorial e rematou na carballeira. Neira fixo un tempo de 49:34 mentres que por detrás quedou Carlos Villamor (50:52) e Germán López

(51:08). Entre as mulleres, Chus Conde firmou un 1:00:10, seguida de Nati García (1:03:02) e Elena Veres (1:04:29).

Na Sub-18 o gañador foi Iago Mateos, seguido de Daniel Martínez e Imrane Elkaderi. En fénimas, a clasificación estivo encabezada por Sofía Armesto, con Ilse Prado e Nahir Guzmán. Imrane Elkaderi venceu tamén na Sub 14, xunto a David Enríquez e Víctor Martínez. No podio feminino estiveron Iria Armesto, Xiana Farias e Noa Mejuto.

Na Sub-12 as primeiras prazas foron para Samuel Pérez e Lía Núñez.

Pepe Mariño substitúe a Nadal no banco do CD As Pontes

A dirección deportiva do CD As Pontes vén de confirmar a contratación de Pepe Mariño como adestrador do primeiro equipo para o que resta de tempada.

“Mariño, que volta a casa logo da súa anterior etapa como xogador azul, de seguro aportará os seus coñecementos da casa para acadar o revulsivo deportivo necesario”, indican dende a directiva do club, que lle dá a benvida de novo e deséxalle “a mellor das sortes nas xornadas que restan”.

Pepe Mariño, nome co que se coñece no mundo do fútbol a José Mariño Nogueira, conta con 50 anos e é natural de Pontevedra. O adestrador procede do Club Atlético Cercedense, que milita na Segunda Autonómica coruñesa e conta con experiencia na Preferente Norte, onde dirixiu o Atlético Montañeros na tempada 2018/19.

O equipo das Pontes chegou á pausa do Nadal cun balance de 3 vitorias, 6



empates e 7 derrota tras as 16 xornadas disputadas, para colocarse no posto 16 da táboa clasificatoria con 15 puntos, moi preto dos postos de descenso. Pepe Mariño chega con intención de cambiar estes resultados no que resta de tempada.

Mariño substitúe no banco pontés a Rafa Casanova, que foi cesado antes do Nadal. Desde o club pontés comunicaron que “tras unha serie de resultados negativos, o club tomou a decisión de buscar no banco un revulsivo para tentar endereitar a situación deportiva actual”.

Miguel Alvariño firma un novo récord de España

O seteiro pontés Miguel Alvariño deu unha nova alegría a esta disciplina deportiva tras conseguir levarse un novo récord de España durante a celebración do campionato Galego.

Así, Alvariño logrou sumar 593 puntos dos 600 posibles nesta rolda. Non é a primeira vez que o seteiro das Pontes logra superar as marcas, xa que o fixo en tres ocasións este ano, a primeira no mes de febreiro no clasificatorio para o equipo nacional e volveu facelo no Campionato de Europa en Munich, no equipo formado co tamén pontés Dani Castro, e



con Leyre Fernández no mixto. Alvariño pechou unha tempada de volta á competición trala pandemia espectacular, malia que tiña perdido por cuestións burocráticas o dereito a participar nas olimpíadas. Este ano resarciuse destas situacións con éxitos.

O Vilalbés presenta unha nova edición do seu álbum de cromos

Seguindo na liña doutros anos, o Rácing Club Vilalbés presentou o álbum do club para a tempada 2022/23, composta por 307 cromos, un agasallo que o club quere ofrecer aos seus membros da base. Segundo explicou o presidente do club na presentación, o álbum recolle as imaxes de 235 xogadores, 18 adestradores e 15 equipos diferentes.

Este ano o club conta con dous novos

equipos, un filial do sénior, que está en Terceira Galicia, e que encabeza no ano do seu debut a clasificación. O segundo foi o un equipo genuíno. A edición dos cromos do Vilalbés se fixo noutras ocasións, como na tempada 2013/14 ou na 2017/18 cunha gran aceptación. Este ano ademais contarán cun espazo reservado no álbum para conseguir a firma do seu ídolo do primeiro equipo.

Os Troitas Bravas lideran a liga de billarda



Por primeira vez, a LNB NorLeste celebrou unha xornada de liga en terras asturianas, foi en Castropol, no I Aberto Villa de Castropol.

Foi unha exemplar organización dos Troitas Bravas, que amosan unha vez máis ser uns campións dentro e fóra da competición.

As pésimas previsións de mal tempo fixeron recuar a moitos dos habituais. Aínda así a participación foi de 50 homes, 8 donas e 5 cativos.

Charli non atopou resistencia no seu grupo e impúxose cun pleno de 25 puntos para consolidar o primeiro posto na xeral. Mark acadou o segundo e deu un bo empurrón para levantar con 24 puntos ao

Madia Leva ao segundo caixón. E terceiro foi Luis con 23 puntos redondeando unha xornada gloriosa de Troitas Bravas, que foron os gañadores por equipos e tiveron representación en todos os podios. Os só catro compoñentes que presentou Billarda Verde, non flaquearon e foron quen de acadar o terceiro posto por equipos.

En donas, Sandra de Troitas Bravas, tivo unha moi boa xornada e colouse como segunda entre as Billardeiras Musicais, Geni e Aroa, que foron primeira e terceira respectivamente.

En infantís, os cracks Mateu e Diego minaron por diante das irmás Antía e Alba de Troitas Bravas.

Martín Cando e Iria Fernández gañaron unha San Silvestre pasada por auga

O Concello de Vilalba pechou o ano deportivo 2022 coa celebración da VII Carreira-Andaina San Silvestre Vilalbesa 2022, unha cita xa tradicional no programa de Nadal da capital chairrega que se celebrou o 31 de decembro.

Con case 400 inscritos, a praza da Constitución de Vilalba foi o punto neuráxico desta proba, que se disputou en condicións meteorolóxicas adversas, e que corrou a Martín Cando Santos, do club Cidade de Lugo (cun tempo de 00:16:44), e a Iria Fernández Díaz, da Agrupación Polideportiva San Ramón de Vilalba (00:17:17), como vencedores.

Despois dos 5.250 metros de percorrido, o podio masculino completouse con Esteban Díaz Pérez, do Club Atletismo Narón (00:17:00), e Sergio Franco Fernández, do AP San Ramón (00:17:12), mentres que no feminino subiron ao caixón Uxía Fernández Díaz, do AP San Ramón (00:17:18), e María Souto Prieto (00:25:20).

O frío e a choiva que sufriron os participantes tivo un premio adicional co chocolate con churros que ofreceu a organización ao remate da proba.

TELÉFONOS DE INTERESE

| | | | |
|---|---|---|---|
| ABADÍN Concello: 982 50 80 21 Garda Civil: 982 50 80 11 Centro de Saúde: 982 50 81 22 | COSEPITO Concello: 982 52 00 01 / 982 50 40 57 Garda Civil: 982 52 00 17 Centro de Saúde (cita previa): 982 52 01 20 Feira do Monte: 982 50 34 69 Consultorio de Muimenta: 982 50 40 57 | MEIRA Concello: 982 33 01 02 Garda Civil: 982 33 00 04 Centro de Saúde: 982 35 69 27 Cita previa: 982 33 02 40 | POL Concello: 982 34 50 29 Garda Civil: 982 33 00 04 Centro de Saúde: 982 34 59 20 / 982 34 53 76 |
| A PASTORIZA Concello: 982 33 21 97 / 982 33 21 60 Garda Civil: 982 34 90 20 Centro de Saúde: 982 33 21 41 | FRIOL Concello: 982 37 50 01 Garda Civil: 982 37 50 02 Centro de Saúde: 982 37 10 98 Cita Previa: 982 37 10 05 | MURAS Concello: 982 50 00 01 Garda Civil: 982 50 00 20 Centro de Saúde: 982 50 01 23 | RÁBADA Concello: 982 39 00 62 / 982 39 00 52 Garda Civil: 982 39 00 05 Centro de Saúde: 982 39 01 01 |
| AS PONTES Concello: 981 45 31 16 Policía Local: 981 45 31 91 Garda Civil: 981 45 00 05 Centro de Saúde (cita previa): 981 45 12 51 | GUITIRIZ Concello: 982 37 01 09 / 982 37 58 00 Garda Civil: 982 37 00 01 Centro de Saúde: 982 37 21 10 Parga P.A.C.: 982 37 05 00 | OUTEIRO DE REI Concello: 982 39 32 81 / 982 39 30 55 Garda Civil: 982 39 00 05 Ambulancia: 982 23 16 13 Centro de Saúde: 982 39 25 98 Cita previa: 982 39 32 67 P.A.C.: 982 39 34 00 | RIORTORTO Concello: 982 34 62 22 Garda Civil: 982 34 22 22 Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63 |
| BEGONTE Concello: 982 39 61 43 Garda Civil: 982 39 80 08 Centro de Saúde: 982 39 69 02 | CASTRO DE REI Concello: 982 31 40 34 / 982 31 41 32 Garda Civil: 982 31 40 02 Centros de Saúde (cita previa): 982 21 10 18 Castro de Rei: 982 31 42 11 Ribeiras de Lea: 982 31 11 14 | TELÉFONOS DE INTERESE Emerxencias: 112 Urxencias Sanitarias: 061 Incendios Forestais: 085 Garda Civil: 062 | VILALBA Concello: 982 51 03 05 / 982 51 07 16 Policía Local: 982 51 07 67 / 608 08 00 50 Garda Civil: 982 51 03 07 Centro de Saúde (cita previa): 982 51 03 11 |
| | | | XERMADE Concello: 982 50 10 01 / 982 50 20 03 / 982 50 10 27 Garda Civil: 982 50 10 08 Centro de Saúde: 982 50 11 34 / 982 50 10 55 |

COLABORACIÓN

Animación navideña no Rural

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Independentemente de como viva cada quen esta época do ano, non cabe dúbida que son unhas datas significativas para todos nosoutros. Existen uns hábitos e costumes que en maior ou menor medida seguimos; desde as comidas e ceas típicas, de traballo e familiares, ata reencontros cos que non sen ven en tempo, sen esquecer, por suposto, a lotaría ou os agasallos, o Nadal con maiúsculas condicióna a vida da xente e ninguén

por moito que o pretenda, logra evadirse. Sen ningún xénero de dúbidas.

O significado relixioso tamén está aí, non se pode negar. O mundo Cristián conmemora o nacemento do Neno Xesús en Belén de Xudea, o berce da relixión que se iría estendendo cara Occidente e á que a pertencen máis de mil millóns de persoas no conxunto do planeta. E nosoutros, os galegos, crentes e non crentes, practicantes ou non, estamos masivamente nese grupo.

O nadal sempre se celebrou con entusiasmo nas zonas rurais do País; non hai máis que escoitar as historias dos maiores quen narran como se xuntaban e per-

corrían as aldeas de casa en casa para cantar os reis e recibir o anigaldo. En épocas de escaseza, existía un lugar para a esmorga, a alegría e a esperanza. Sen moitos luxos, mellor dito, case sen ningún, pero con ilusión.

Co paso do tempo, paseniño veuse asistindo a unha merma considerable da poboación. Cada vez menos nenos, cada vez máis vellos e por conseguinte, descenso do número de veciños, o que foi conducindo ao que todos sabemos e contemplamos, sen que se poda deter esta tendencia.

Pero aínda así, a realidade que semella tan negativa non derrotou a fantasía de días tan sinalados. En tódolos concellos se esmeran

por iluminar e adornar alomenos as rúas das capitais municipais, dándolle o toque durante un mes, con luces de cores que alegran a vista. Cómpre engadir tamén os aportes de particulares, quen engalanan as súas casas, non só para dentro, senón tamén por fóra, facendo partícipes aos viandantes do seu inxenio. Outros non teñen reparo en colocar a árbore en lugar visible, ou poñer un nacemento para o disfrute de quen o queira ver.

Os concellos, como a administración pública máis próxima aos cidadáns, tamén poñen da súa parte. Así, a tradicional cabalgata de reis, o cinco de xaneiro, onde se fan as delicias non só dos

máis pequenos, senón tamén do conxunto dos veciños e veciñas, que disfrutaban da chegada das súas maxestades, ben en carros tirados por vacas rubias, ou ben en tractor. Calquera medio de transporte é válido. E como non, incluso mercadiños como o que se celebra en Begonte, que na súa segunda edición semella plenamente consolidado, e no cal comprobamos como emprendedores de diferentes puntos xeográficos acudiron a vender os seus produtos, desde alimentarios ata artesanais.

Todo elo contribúe a dinamizar as zonas rurais e a darlles un valor que sempre tiveron e que nos temos que negar a que o perdan.

Chao e Carpentier

DE FOLIADA EN REIGADA



Moncho Paz

En novembro de 2000 regresei a Compostela, despois dunha nova estada en Cuba. Viña de visitar o Centro Galego, como socio da Liga Santaballeza da Habana -dende maio de 1993- e máis o Centro Internacional de Prensa, en calidade de xornalista acreditado e por recomendación de Ramón Chao, que mantiña fortes vencellos con destacados profesionais cubanos. Estaba ledo con aquela viaxe, tratáranme de marabilla. Ao chegar á casa atopei un sobre na caixa do correo, procedente de Sèvres (Francia), e no seu interior, un libro, «Conversas con Alejo Carpentier», xunto a unha fotografía datada en 1981. Aos poucos días, recibía unha chamada do autor: «Monchiño, agardo que te axude a entender mellor a Carpentier. Xa me contarás», díxome Ramón con rotundidade. Chao consideráboo un dos máis grandes escritores da literatura universal, a pesar de que tivera unha obra reducida, do mesmo xeito que o compositor Manuel de Falla, co cal lle gustaba establecer similitudes. «Como Falla na música, Carpentier reconcilia a cultura europea co instinto, a violencia coa sedución, a desmesura co cartesianismo», afirmaba sobre

Alejo. O dominio das estruturas musicais servira a este último para armar as súas obras literarias, cos seus inmensos coñecementos das culturas latinas, grecorromanas, saxonas e indíxenas de América Latina.

Precisamente o pasado 26 de decembro cumpríanse cento dezaosito anos do nacemento de Carpentier na Habana (1904). O seu pai abandonara Francia pouco antes, tras o caso Dreyfus e fundamentalmente decepcionado pola decadencia de Europa. Alejo comezou a traballar como xornalista na illa con tan só dezasete anos, combinando a súa vocación de escritor coa actividade política. Como consecuencia diso, a ditadura de Machado, coñecido popularmente como «o Mussolini caribeño», meteuno na cadea durante sete meses. Conseguiu saír de Cuba grazas á axuda do poeta Robert Desnos, quen o introduciu no movemento surrealista ao desembarcar en París, onde cultivou a amizade de Tristan Tzara, Paul Eluard e André Malraux, entre outros. De feito, os seus primeiros contos curtos, «O estudante» e «O milagre do ascensor» zumeaban surrealismo por todas as páxinas. Aínda que as obras máis afamadas do cubano foran concibidas en español, Carpentier tamén era capaz de escribir perfectamente en francés, lingua que dominaba, como se aprecia no conto «Histoire de lunes».



Como lembraba Chao, en función do público, concedía entrevistas en ambos idiomas.

Regresou á Habana en 1939 e desenvolveu unha obra monumental sobre a historia da música cubana, pero a ditadura de Fulgencio Batista obrigouno a partir cara a Venezuela, establecéndose en Caracas, onde dirixiu programas radiofónicos e exerceu como profesor na Universidade. A súa querenza por Cuba fixo que retornase á patria tras o triunfo da Revolución. O Goberno de Fidel Castro nomeouno vicedirector de Cultura e, máis tarde, director das Edicións Nacionais, cargo que lle permitiu promover a publicación de obras literarias durante o seu

mandato. En 1966 estableceuse en París, como conselleiro cultural da embaixada de Cuba. Alí coñecería a Ramón Chao, director das emisións de Radio France para España e América Latina. Este presentoulle á súa dona, Felisa Ortega, e a parella pronto estableceu unha cordial amizade con Alejo e Lilia, que os convidaban a cear cada mércores no seu domicilio da avenida de Ségur, xunto a outros amigos comúns.

A intensidade que acadou aquela relación explícase polos moitos nexos existentes entre ambos. Por exemplo, o piano. Nunha ocasión, Carpentier confesoulle a Ramón: «Nacín nunha familia onde todo o mundo, sen facer oficio da música,

estudara música a fondo. A miña avoa foi unha excelente pianista e o meu pai, un sólido violonchelista. Con abraiante rapidez aprendín a ler a música cando tiña once anos e, aos seis meses de poñer os dedos sobre un teclado, tocaba xa os «Preludios» de Chopin. O meu pai viu en min, por iso, un posible pianista; pero a min non me interesaba ser pianista, nin intérprete, nin executante de nada».

Do mesmo xeito que Chao, Carpentier recibira formación en harmonía e composición. E ate instrumentou algunhas partituras breves para concertos dados -entre 1934 e 1937- por Le Poste Parisien e Radio Luxembourg. «Coído que todo artista debe cultivar unha segunda arte, pois iso permitiralle aprender a exporse a problemas nun campo paralelo», díxolle Alejo a Ramón unha tarde de abril, tomando café na embaixada cubana en París.

Na fotografía que me enviaba Ramón Chao en novembro de 2000 dentro daquel sobre, aparecía con Ignacio Ramonet e con Anna Wright depositando unhas flores na tumba de Alejo Carpentier na Habana, no primeiro cabodano do seu pasamento. Non é casualidade de que, anos despois -cando comezamos co proxecto de Amigos de Prisciliano- elixira á profesora Yolanda Novo Villaverde, estudante da vida e obra de Carpentier, como secretaria xeral da nosa asociación cultural.

Ensino e Redes Sociais

O PUPITRE



Julio Díaz

Un de cada tres adolescentes no noso país fai un mal uso das redes sociais, segundo un informe de Unicef. O estudo, no que participaron máis de 50.000 estudantes da ESO, revela que preto do 91% dos enquisados conéctase a internet todos ou case todos os días e, a maioría, senten relaxación, alegría ou diversión ao facelo.

As redes sociais xogan un papel clave no actual mundo dixital, xa que modifican a forma en que planificamos, interactuamos e, mesmo, gozamos das nosas vidas. Son múltiples as vantaxes das redes sociais na educación se somos capaces de aplicarlas de xeito adecuado nas nosas clases.

O mundo da educación non pode quedarse á marxe da profunda transformación dixital no que estamos inmersos e debe ir incorporando cambios que nos leven a un bo uso das distintas aplicacións, tanto por parte dos docentes como dos alumnos, no que se refire á xestión de tarefas, as clases online, as aulas

virtuais, á robótica... gústenos ou non, os nosos estudantes son nativos dixitais e nin o ensino nin o profesor somos quen de evitar esa realidade. As redes sociais teñen múltiples vantaxes; fai anos era inimaxinable a relación e convivencia de alumnos de diferentes lugares a miles de quilómetros, promovendo deste xeito unha socialización global dos mesmos desde diferentes culturas.

As diferentes redes sociais tamén axudan ao alumno a fomentar a participación, a atopar recursos e, ademais, ponlle ao alcance da súas mans unha gran cantidade de información, ca vantaxe engadida que estes recursos están en constante actualización, polo que son perfectos para tratar temas de total actualidade.

O conxunto de habilidades requiridas aos estudantes do século XXI sufriron unha profunda mutación con relación a épocas pasadas, sendo as redes sociais as que xogan agora un papel clave para axudar aos nosos alumnos a desenvolverlas. Pero non se trata só dun lugar de aprendizaxe senón tamén dun espazo para a creatividade, a colaboración e a comunicación. Agora ben, que os nosos rapaces sexan nativos dixitais non sempre se traduce en que teñan as competencias tecnolóxicas

axeitadas. Usar as redes sociais no entorno educativo e con fins educativos contribuirá a que se decaten da súa utilidade profesional e formativa máis alá do ámbito do ocio e do entretemento.

Dito todo o anterior, e ante a recente proposta presentada no Observatorio Estatal da Convivencia Escolar de que os docentes asuman a vixilancia do uso das redes sociais por parte do alumnado monitorizando os comentarios e os hashtags, hai que sinalar que este procedemento está inspirado nun estudo elaborado polo Instituto Nacional de Ciberseguridad (INCIBE), seguindo a liña emprendida por algúns centros de ensino norteamericanos. Con todo, estes centros encargaron a empresas especialistas en monitorización este seguimento para controlar o que poñen os seus estudantes nas distintas redes sociais como Facebook, Twitter, Tuenti, Instagram... . Deste xeito, resulta moi discutible atribuír esta función ao profesorado, entre outros motivos, por carecer o colectivo docente de cobertura legal ante a responsabilidade civil e penal que puidera derivarse de dita actividade. Como docentes, asumimos con seriedade e rigor o noso papel na prevención e detección do ciberacoso desde a nosa condición de forma-

O RECUNCHO DE CANELINA



dores, pero outra cousa distinta e a vixilancia do uso das redes sociais que supón necesariamente a intromisión nas contas persoais privadas do alumnado, cuestión esta que compete os proxenitores no caso de menores de idade, é a outras instancias superiores no caso dos maiores de idade.

O profesorado debemos implicarnos orientando ás familias e aos nosos

estudantes nun uso adecuado das redes e de internet, transmitíndolle aos pais a mensaxe da importancia de controlar e supervisar o uso que os menores fan das TICs, tendo eles a obriga de fomentar nos seus fillos un uso adecuado das novas tecnoloxías e trasladarlles ao mesmo tempo as consecuencias e as reponsabilidades derivadas do mal uso que fagan da Web.

Xaquín de Roca, crego, enfermeiro e ganduxador de vidas (I)

FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

Xaquín Campo Freire, tamén coñecido como "Xaquín de Roca", bo home e mellor crego, naceu en plena guerra incivil, o 20 de maio de 1937, na aldea do Alto de Roca, unha parroquia pertencente daquela ao concello de Trasparga e hoxe ao concello de Guitiriz.

Dicía eu no merecido libro "Ganduxando vidas", que lle dedicamos as amigas e amigos o 10 de xuño de 2017, cando cumpriu os oitenta anos de idade, que tiven a sorte de coñecelo no Festival de Pardiñas, cando estaba el con outro gran crego, Bernardo García Cendán, e presentoume a ambos o amigo común, Xaime souto, emigrante tamén en Euskal Herria, co que tantas loitas culturais e sindicais teño compartido. A partir de aí fómonos atopando todos os anos nese Festival e noutros actos culturais, escribíndonos e partillando

os nosos artigos ata conformar esta amizade que hoxe nos une.

Orfo de nai, cando só tiña sete anos de idade, quedou con seu pai e outros tres irmáns, pois xa morrera outro irmán, xemelgo del, cando so contaban con un ano de idade. Cantos traballos pasarían estes nenos e cantas veces soñarían coa súa querida nai! Pero souberon afrontar a nova realidade e co cariño de seu pai e de súas tías saíron adiante. Tivo que ir coas vacas desde moi novo polos arredores da fonte que está ao lado da ermida do Santo Alberte, onde se celebraba a festa da Virxe da Pastoriza o primeiro domingo de agosto e foi quen nos rescatou da ignorancia, dicíndonos que Díaz Castro no seu poema Penélope referíase a esa festa e non á Pastoriza Lucense nin a da Coruña.

Tenme contado que nunha desas ocasións nas que andaba coas vacas, veo vir un toliño que perdera o xuízo pola barbarie daquela guerra irracional. Seica viña pola estrada cun saco baleiro ao lombo e un gadaño na man. O toliño sei-

ca lle puxo o gadaño ao pescozo e preguntoulle: E si tiro? Pero aquel neno soubo facerlle aflorar a sensibilidade humana dicíndolle: Pero vostede non vai tirar, porque vostede é moi bo. O toliño abrazouno, votouse a chorar e logo foi con el para a casa, onde lle deron comida e pousada.

Ademais dos traballos da casa, empezou na escola de Don Antonio Martínez Villar, quen compartía vivenda con eles e do que aínda está moi agradecido por todo o que lle ensinou e por darlle as leccións de lingua española comparativamete desde o galego, como moi poucos o facían daquela, ...e incluso hoxe! Iso fixo que el sempre amara e defendera a fala coa que as nosas nais nos acariñaban no berce e sempre lle quedou gravado que cando tiña uns dez anos mandouno seu pai facer unha xestión a Lugo e, cando rematou, foise o despacho de billetes da "Empresa Ribadeo" a mercar un billete de volta a Roca e contestoulle o expendedor: "Muchacho, eso no existe en nuestra ruta y habla castellano

que estás en la ciudad", e deulle un billete para a seguinte parada. Agora di que sentiu na alma que alguén lle negara a existencia do sitio onde el nacera e que tamén fixera de menos a fala materna. Calou, pero doeulle moito; pois sabía "que a súa aldea existía, que temos unha fala de nós e que non é vergoña expresarnos nela, pois seus pais falaban así e non eran ningún ser degradado". Aquilo, di el, obrigoume a coller conciencia de quen era e de onde viña. Ensinoulle o camiño a seguir e a reafirmarse nos ganduxos que el recibira.

Influíron moito nel as ensinanzas de Don Antonio, pero penso que o seu verdadeiro mestre espiritual foi Don Xesús Veres Díaz, parente del e tamén de Díaz Castro, que era crego da súa parroquia de Roca e da de Santa Cruz (onde foi nado), que lle ensinou a gramática e que probablemente foi quen o convenceu para ingresar no seminario.

Xaquín é humilde coma un ganduxo1, un home que fai todo o ben que pode aos demais sen que

ninguén lle recoñeza o mérito. É un verdadeiro cura que sabe, como Alfonso Blanco Torrado, que "cura" ven do verbo curar, e non só se conforman con curar as almas e o espírito, senón que tamén queren curar as enfermidades. De aí que a mediados dos anos setenta, el e outros curas obreiros da comarca de Ferrol Terra se puxeran a traballar, renunciando á paga de cura para vivir do seu traballo civil. Daquela non había médicos nin enfermeiros dabondo e el xa fixera ATS, polo que no 1978 déronlle praza en Lugo, onde votou un ano de aprendizaxe na UCI e Traumatoloxía. Despois, no 1979 trasladárono ao hospital de Ferrol, participando tamén no mundo sindical, defendendo os dereitos dos máis necesitados, pois el descubriu que detrás de cada miseria sempre hai persoas abusadas, porque Xaquín de Roca é un crego especial que loita polos temas sociais dos máis necesitados, polo noso idioma e pola nosa cultura.

1.- Costura provisional de puntadas longas antes da definitiva.

DE RUTA EN RUTA

Riotorto: ruta do ferro

Un percorrido para coñecer elementos hidráulicos dos ferreiros no que foi un auténtico complexo industrial ata os anos 60

Esta é unha fermosa ruta que transcorre polo conxunto etnográfico de Ferreiravella. Os expertos recomentan que para realizar este percorrido en todo o seu esplendor a mellor época do ano é o outono xa que coas choivas o leito do río estará cheo e será moito máis vistoso, aínda que se pode realizar en calquera tempada.

Esta ruta localízase entre As Rodrigas, capital do Concello, e O Mazo da Fraga, situado no lugar do Mazo.

Un mazo é un mecanismo que se sitúa xunto aos ríos e servía basicamente para traballar o ferro nas forxas. En diferentes recunchos de Galicia como A Terra Chá, pero tamén de Asturias, como Vegadeo, Taramundi ou a comarca dos Ocos, pódense ver mazos.

O percorrido desta ruta de 3 ou 4 horas dependendo do ritmo, levará aos camiñantes ao longo do regato de Ferreiravella, o bordo do que aínda se poden visualizar restos de elementos hidráulicos en funcionamento. O río foi un verdadeiro complexo industrial ao servizo dos ferreiros polo menos ata a década

dos 60, cando a electricidade chegou á comarca. Algunhas das construcións que se poden atopar os viandantes teñen a súa orixe no ano 1691.

Ao longo da ruta atópanse varios paneis informativos que explican a historia algúns enxeños hidráulicos que existiron por todo o río. A ruta discorre entre bosques de especies autóctonas como castiñeiros, bidueiros e carballos que achegarán aos sendeiristas a ver de primeira man muíños e forxas como a de Chairas F.F., a de Barral J.D. ou a de M. Pol Pol.

Por outra banda, tamén se pode desfrutar dun bo día e un petisco na área recreativa de Ferreiravella pois conta cun merendeiro con mesas e unha zona de grelladas, así como un pequeno parque infantil.

Así mesmo, na primavera e sempre coincidindo en abril celébrase a Feira de Artesanía do Ferro de Riotorto, unha exaltación deste material e dos seus traballadores que conta cunha exposición de artesáns, obradoiros para ensinar este oficio, mostras de produtos do campo e actuacións musicais.



DATOS



4 horas



8 quilómetros



Dificultade fácil



CAP

TODOS LOS MESES

Formación Bonificada

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos



GRUPO FORMAT
formación integral de empresas

- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo
alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es
Telf.: 982 51 36 05



Cursos y Certificados